



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2015

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e oito de outubro de dous mil quince, baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde don Augusto Rey Moreno, do PSdeG-PSOE, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, réunese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, don Jesús Bao Bouzas, dona M^a Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Antes de dar comezo á sesión o Sr. presidente por delegación, don Augusto Rey Moreno, disculpa a ausencia do Sr. alcalde, don Óscar A. García Patiño, que se atopa indisposto e non pode presidir o pleno como era a súa vontade.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de xullo de 2015

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de xullo de 2015.

Non se formulan alegacións, polo que a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron á citada sesión, aproba o citado borrador.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico do día 16 de outubro de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“Visto a Ordenanza reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cambre, aprobada pola Corporación municipal en pleno, en sesión ordinaria de data 26 de abril de 2012, e publicada integramente no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 137, do 19 de xullo de 2012.

Visto o informe emitido no día de hoxe pola axente de emprego e desenvolvemento local, co visto e prace da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación da Ordenanza reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cambre, nos seus artigos 7, 9, 18, 19, 21, 23, 25, 31, Anexos I e III, e inclusión dun Anexo VI, tal e como se transcribe a continuación:

1. Engádese unha nova alínea ao artigo 7:

7.7. Cesión temporal: Con carácter excepcional, e por motivos familiares debidamente xustificadas, o titular poderá solicitar ao Concello, autorización para a cesión temporal do seu posto a outra persoa que reúna os requisitos establecidos nesta ordenanza para a venda ambulante, e polo prazo máximo de dous días consecutivos. Dita solicitude formalizarase segundo modelo Anexo VI. O Concello resérvase o dereito de permitir ou denegar a cesión temporal.

2. Modifícase o artigo 9.2 b) que queda redactado:

9.2. (...)

b) Certificado de situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Tributaria, e se é o caso, alta no Imposto de Actividades Económicas e certificado de estar ao corrente. Poderá substituírse a presentación da alta e certificado de estar ao corrente no IAE pola correspondente autorización ao Concello para verificar tales datos.

3. Engádese unha alínea d) ao artigo 9.2 do seguinte teor literal:

9.2. (...)

d) No caso de que o vendedor que solicita o posto pertenza a unha cooperativa ou sociedade como traballador no réxime xeral; presentará contrato de traballo no que se especificará a xornada laboral, que será como mínimo de 7 horas á semana.

4. Modifícase o artigo 18.1 nas alíneas relativas ás feiras a celebrar nos núcleos urbanos do Temple e A Barcala, que quedarán redactadas do teor literal seguinte:

- Feira no núcleo urbano do Temple: terá lugar os días que se establezan nas bases da convocatoria de licitación dos postos, así como o emprazamento no que se ubicarán.*
- Feira no núcleo urbano de A Barcala: terá lugar os días que se establezan nas bases da convocatoria de licitación dos postos, así como o emprazamento no que se ubicarán.*

5. Elimínase o criterio de *Calidade* do artigo 19.2.1.1 Venda no recinto feiral do Campo da Feira de Cambre, quedando redactada a dita alínea:

19.2.1.1.- *Venda no recinto feiral do Campo da feira de Cambre:*

- Antigüidade: valorarase con 10 puntos o exercicio da venda ambulante no campo da feira de Cambre cunha antigüidade de cinco anos a contar dende a convocatoria de licitación de postos. A dita acreditación efectuarase mediante informe emitido para o efecto pola Axencia de Desenvolvemento Local ou pola Policía Local, no seu caso.*
- Experiencia: a experiencia demostrada na profesión puntuarase a razón de 0,50 puntos por ano completo de exercicio da actividade, ata un máximo de 5 puntos. Esta circunstancia acreditarase mediante presentación do informe de vida laboral e certificado de estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto sobre actividades económicas.*
- Formación: a participación en cursos, conferencias ou xornadas nesta materia ofrecidas por entidades públicas, ou homologadas por estas, puntuarase a razón de 0,10 puntos cada un, ata un máximo de 2 puntos.*
- No caso da venda directa á que se refire o artigo 2.3, terán preferencia os agricultores empadroados en Cambre e concellos limítrofes.*

6. Elimínase o criterio de calidade do artigo 19.2.1.2 Venda nas feiras da Barcala e O Temple, e inclúese un novo criterio, quedando redactada a dita alínea:

19.2.1.2.-Venda nas feiras da Barcala e o Temple:

- *Experiencia: a experiencia demostrada na profesión puntuarase a razón de 0,50 puntos por ano completo de exercicio da actividade, ata un máximo de 5 puntos. Esta circunstancia acreditarase mediante presentación do informe de vida laboral e certificado de estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto sobre actividades económicas.*
- *Formación: a participación en cursos, conferencias ou xornadas nesta materia ofrecidas por entidades públicas, ou homologadas por estas, puntuarase a razón de 0,10 puntos cada un, ata un máximo de 2 puntos.*
- *No caso da venda directa á que se refire o artigo 2.3, terán preferencia os agricultores empadroados en Cambre e concellos limítrofes.*
- *Comercio sedentario: valorarase con 10 puntos as solicitudes dos vendedores que desenvolvan actividade comercial, cun local sedentario en Cambre. Os anos de experiencia valoraranse na solicitude do mesmo xeito que o criterio de "Experiencia" e ata un máximo de 5 puntos.*

7. Engádesse un novo parágrafo ao artigo 19.3, quedando redactado do teor literal seguinte:

O prazo de duración será de 1 ano natural, caducando automaticamente a 31 de decembro. A autorización será prorrogable anualmente de forma expresa por idénticos períodos ata un máximo de catro anos, logo de solicitude, cunha antelación mínima de quince días naturais á data de finalización da autorización vixente, debendo permitirse, en todo caso, a amortización dos investimentos e unha remuneración equitativa dos capitais investidos.

As solicitudes de prórroga presentaranse no modelo Anexo I e Anexo II xunto coa documentación que acredite a alta en Facenda no epígrafe correspondente de venda ambulante e alta na Seguridade Social.

8. Modifícase o artigo 21.2 que queda redactado:

21.2. A solicitude, conforme co disposto no artigo 9, presentarase cunha antelación mínima de seis días hábiles ao exercicio da actividade.

9. Modifícase o artigo 23.2 que queda redactado:

23.2. A solicitude, conforme co disposto no artigo 9, presentarase cunha antelación mínima de seis días hábiles ao exercicio da actividade.

10. Modifícase o artigo 25.2 que queda redactado:

25.2. A solicitude, conforme co disposto no artigo 9, presentarase cunha antelación mínima de seis días hábiles ao exercicio da actividade.

11. Modifícase o artigo 31.1 que queda redactado:

- *As leves aos 6 meses.*
- *As graves aos 2 anos.*
- *As moi graves aos 3 anos.*

12. Modifícanse os Anexos I e III na alínea correspondente á documentación que se achega, que queda redactada:

DOCUMENTACIÓN ADXUNTA

PERSOA FÍSICA

- Fotocopia compulsada do D.N.I./N.I.E.

PERSOA XURÍDICA

- Fotocopia compulsada do C.I.F.
 Fotocopia compulsada acta de constitución e estatutos
 Documentación acreditativa de ostentar a representación da entidade
 Contrato de traballo, se é o caso.

COMÚN

- Certificado de situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Tributaria, e se é o caso, alta no Imposto de Actividades Económicas e certificado de estar ao corrente. Poderá substituírse a presentación da alta e certificado de estar ao corrente no IAE pola correspondente autorización ao Concello para verificar tales datos.
 Autorización ao Concello para verificar que está dado de alta e ao corrente no pago do imposto sobre
 Actividades económicas.
 Declaración responsable Anexo II ou V

13. Engádesse o Anexo VI á ordenanza:



CESIÓN TEMPORAL E EXCEPCIONAL DE POSTO
(ANEXO VI)
VENDA AMBULANTE MUNICIPIO DE CAMBRE
Departamento Axencia Desenvolvemento Local
981 61 31 96/28 adl@cambre.org

Don/dona _____ con D.N.I. _____ titular da autorización para a venda ambulante no municipio de Cambre número _____. **Solicito autorización para a cesión temporal e excepcional do meu posto** a favor de:

DNI/CIF	Nome e apelidos/Denominación social		
Enderezo para os efectos de notificacións			
Parentesco no seu caso			
CP	Municipio	Provincia	Teléfono
Correo electrónico:			
Causa da cesión: (no seu caso motivación)			



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

DOCUMENTACIÓN ADXUNTA

PERSOA FÍSICA

Fotocopia compulsada do D.N.I./N.I.E.

PERSOA XURÍDICA

Fotocopia compulsada do C.I.F.

Fotocopia compulsada acta de constitución e estatutos

Documentación acreditativa de ostentar a representación da entidade

Contrato de traballo, se é o caso.

COMÚN

Certificado de situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Tributaria, e se é o caso, alta no Imposto de Actividades Económicas e certificado de estar ao corrente. Poderá substituírse a presentación da alta e certificado de estar ao corrente no IAE pola correspondente autorización ao Concello para verificar tales datos.

Autorización ao Concello para verificar que está dado de alta e ao corrente no pago do imposto sobre Actividades Económicas ou, no seu caso, no censo de obrigados tributarios

Declaración responsable anexo II ou V

Documentación xustificativa que motive a cesión

Cambre, a ___ de _____ de _____

Asdo: _____

O primeiro/a titular

Asdo: _____

A persoa en cesión

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

Asemade, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente".

Segundo: Abrir un período de información e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobada a modificación da ordenanza de referencia, publicándose integramente no *Boletín Oficial da Provincia*.

Cuarto: A modificación entrará en vigor unha vez teña transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade Cidadá e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de outubro de 2015.

Concedida a palabra a dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira de UxC, manifesta que na Ordenanza reguladora de venda ambulante hai catro artigos que quere expoñer, porque afectan moito ás feiras de Cambre, A Barcala e O Graxal.

Di que o artigo 7 é o punto que trata sobre a ausencia de vendedores estranxeiros que viaxan por motivos familiares durante un período prolongado no tempo. Tamén se poderá estender ao resto dos vendedores ambulantes da feira.

En canto á modificación do artigo 19.2, entenden xustificada a inclusión do criterio do comercio sedentario despois de consultar cos veciños, ela persoalmente, un por un, e comerciantes, por demandas de colectivos de fomentar a participación nas feiras do Temple e A Barcala. Eliminan o criterio de calidade e engaden o novo criterio en valoración das solicitudes.

No comercio sedentario valorarase con 10 puntos aos vendedores que desenvolvan actividade comercial con local sedentario en Cambre. Os anos de experiencia valoraranse cun máximo de 5 puntos, para contar cos empresarios veciños de Cambre.

En canto á modificación dos puntos 2 dos artigos 21, 23 e 25, segundo o establecido na Lei 30/1992 propón que os prazos de solicitude de dous días, pasen a seis días hábiles. Considerase necesario para a tramitación correcta dos expedientes.

A modificación do artigo sobre prescrición de faltas, o 31.1. As leves pasan de 15 días a 6 meses, as graves de 30 días a 2 anos, e as moi graves de 60 días a 3 anos. O motivo desta modificación débese ao tempo que supón a tramitación, xa que prescriben antes de que cheguen.

Conclúe dicindo que lle agradecería á oposición que tivera en conta todo isto, porque se fai co único obxectivo de beneficiar aos feirantes e aos veciños.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que eles nas comisións tiñan xa deixado constancia de que dos oito puntos que se presentan para a modificación da ordenanza de venda ambulante, están de acordo en todos os que explicou a concelleira menos no punto seis, que se refire á valoración con 10 puntos das solicitudes dos vendedores que desenvolvan actividade comercial cun local sedentario en Cambre.

Os anos de experiencia valóranse na solicitude do mesmo modo que o criterio de experiencia e ata un máximo de 5 puntos, co cal, a quen teña un establecemento comercial en Cambre valóraselle con 10 puntos para poder ser autorizado a un posto e quen non o teña non vai ter puntuación, ou como máximo vai ter 5.

Explica que dende o grupo do PP fixeron unha argumentación a isto, porque consideraban que tanto a Directiva europea de libre acceso aos servizos, como a Lei 17/2009 que traspón esa directiva ao ordenamento xurídico español, son moi taxativas e moi claras nese sentido. E a pesar de que o informe que fai a funcionaria de Secretaría define un determinado criterio, eles non o comparten en absoluto, por dous motivos. O primeiro é que no propio informe faise alusión a que o procedemento para o outorgamento da autorización para o exercicio da venda ambulante, ou non sedentaria, e para a cobertura das vacantes será determinado por cada concello, respectando en todo caso o réxime establecido no capítulo segundo da Lei 17/2009, é dicir, a que traspón a directiva europea ao ordenamento xurídico español. Polo tanto, no propio informe estase dicindo que o procedemento para o outorgamento desas autorizacións debe respectar ese capítulo segundo que é o que eles din que non se está respectando.

Por outro lado, ven unha contradición entre o propio informe e a proposta que fai a concelleira, porque na proposta, como dician, determinase que se valorará con 10 puntos a aqueles comercios que teñan un establecemento comercial en Cambre, e con 5 o criterio da experiencia, mentres que no informe dise que o criterio do comercio sedentario ten a mesma valoración que o criterio da experiencia.

Por outra parte, a normativa di que estes criterios de valoración teñen que ser proporcionais e eles non cren que exista proporcionalidade á hora de outorgar un criterio tan amplo como 10 puntos ao comercio sedentario, porque neste caso non existe proporcionalidade, senón que esa valoración, ese criterio, determina absolutamente a concesión do posto.

Esa é unha das consideracións polas que seguen non compartindo o punto 6 da proposta.

Continúa dicindo que, logo tamén outras consideracións, xa de tipo técnico e de tipo político. A xuízo do PP de Cambre, o que eles rexeitan, xa non só polo aspecto xurídico, é que o Goberno local esixa unha taxa e unha alta

como vendedores ambulantes ás empresas locais que queiran acudir ás feiras. É dicir, parécelles totalmente un despropósito que unha concellería de Promoción Económica que realmente estea interesada en promover o comercio, lles vaia esixir para vender fóra dos seus establecementos comerciais, non só o pago dunha taxa, senón un alta nun réxime fiscal e adicionalmente os gastos para adquirir as instalacións que necesiten para poñerse como vendedores ambulantes.

Conclúe dicindo que eles o que lle piden ao Goberno municipal é que realmente fomenta o comercio de Cambre como se merece, e como nas comisións o Sr. Augusto se ofreceu para que os grupos da oposición presentaran propostas para os orzamentos municipais do 2016, van presentarles unha, que é que inclúan unha partida orzamentaria para que os comerciantes de Cambre concorran en condicións óptimas ás feiras do Temple e da Barcala, nuns espazos habilitados, cunhas instalacións nas que poidan expoñer os seus produtos, de forma que estes estean protexidos, e que se potencie o comercio como verdadeiramente se merece. Non cren que converter aos comerciantes de Cambre en vendedores ambulantes sexa unha solución de promoción económica, e pídenlle ao Goberno que habilite partidas para facelo de forma decente.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que dende o seu grupo dan por feito que a proposta de modificación dos puntos que están a debater, xorden da necesidade e da experiencia, tendo en conta que se atopan ante unha ordenanza aprobada no ano 2012. E isto, ademais, é o que normalmente debe de ocorrer, porque ningún deles son os posuidores de verdades e coñecementos absolutos, máis ben ao contrario, e iso que parece algo obvio, ás veces non o é tanto. É básico establecer ordenanzas reguladoras das diferentes actividades que se levan a cabo no concello, pero deben ser documentos vivos no sentido de que todas aquelas aprobacións iniciais que non se adecúen á situación real do día a día, débense ver modificadas.

Nese sentido, as modificacións que se propoñen veñen dadas pola análise das técnicas municipais que detectan determinados focos que necesariamente se deben modificar na presente ordenanza, co fin de que se poida mellorar e optimizar o funcionamento da feira, iso en palabras das propias técnicas.

Tendo en conta que as modificacións propostas entenden que van recaer en mellorar o funcionamento da feira, o seu grupo municipal non pode máis que non impedir a aprobación da presente proposta.

Dito isto, tamén quería indicar que cando cada un deles, dos que están aquí sentados, toman a decisión de formar parte deste mundo complexo pero necesario que é a política, tiveron tamén que ser conscientes de que non hai cursos para políticos, non existe ningunha universidade de concelleiros e, polo tanto, é a súa obriga ser responsables do cargo que ostentan e respectar aos veciños que lles puxeron onde están sentados. Este respecto aos veciños trasládase con traballo, e cada un deles, dende a súa posición, uns no Goberno e outros na oposición, deben facelo.

Explica que esta introdución faina para, con todo o respecto, indicarlle á concelleira que fai a proposta que, de cara a novas propostas que faga nun futuro, amose o respecto que merecen os veciños a través do respecto aos seus representantes, que son eles. Preguntarase que como facelo, pois estudando as súas iniciativas, as súas propias iniciativas, e dillo, insiste, dende o máis absoluto respecto. Pero é que o informe que lles fixo chegar a partir da providencia, coas dúbidas que lle formularon hai unha semana nas comisións informativas, non debería ter feito falta se a concelleira fixera o seu traballo e trouxera a documentación debidamente estudada.

Dille que non se esqueza de que a responsable da concellería é ela, para o bo e para o malo. As aclaracións que se fan nese informe aclarativo, se as le, verá que non son máis que argumentacións lóxicas, que se a concelleira tivera lido e traballado a documentación, non tería que ter solicitado a unha funcionaria que perdera o tempo facendo un traballo que lle corresponde a ela. Xa lle di que llo comenta co máximo respecto.

Conclúe dicindo que, chegados a este punto manifestan a súa abstención nesta proposta.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, comeza dicindo que o seu voto vai ser abstención, aínda que entenden a necesidade das modificacións, sobre todo a relativa aos artigos 21, 23 e 25, para ter unha maior capacidade de manobra na tramitación das solicitudes por parte dos técnicos do concello.

Pero di que tamén queren preguntar que é o que se estima como proporción razoable, da que se fala para xustificar a modificación do artigo 19, pois cren que é un termo un tanto ambiguo.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que teñen recibido o informe, e gustaríalles trasladar que realmente non se lles contesta á pregunta que fixeron en comisións. A súa pregunta era se tiveran en conta a opinión dos expositores e dos solicitantes para variar o prazo para presentar a documentación, de 2 días hábiles a 6 hábiles, que é o que propoñen.

Téñenlles respondido informando das vantaxes que iso supón para o concello, pero non saben para a outra parte se é unha vantaxe ou se é unha desvantaxe, que era o que en realidade eles preguntaban. O tempo dará ou quitará razóns, pero un Goberno debe de contar con todos os actores, e neste caso parece que aos expositores non se lles valora.

Conclúe dicindo que dende Ciudadanos seguirán o funcionamento desta modificación, se sae adiante, e vanse abster.

O Sr. presidente manifesta que van someter a votación o punto da orde do día.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, indica que se fixeron unhas preguntas e non sabe se van contestalas.

O Sr. presidente manifesta que non ten coñecemento de que para o pleno se teñan presentado ningún tipo de preguntas, nin oralmente.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que se refire ás intervencións, dentro do debate, durante o uso da palabra.

O Sr. presidente sinala que acaba de pedir a palabra a concelleira popular, e por suposto vaillo dar.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que simplemente dicir que efectivamente o resto das propostas que se traen a pleno resultan de feitos que se van constatando no día a día da feira, e son necesarias, ademais algunhas delas xa se tiñan detectado hai uns meses, e era necesaria a modificación, pero como apuntaban, cren que o punto seis está aínda moi verde, e solicitan á concelleira de Promoción Económica que deixe ese punto enriba da mesa para poder reflexionalo un pouco máis, e buscar outras formas de que o comercio de Cambre poida optar aos beneficios de exercer a venda ao público fóra do establecemento comercial, pero con outras garantías, e apoiado polo Goberno local, por unha partida orzamentaria e, en concreto, pola concelleira e funcionarias de Promoción Económica.

Concedida a palabra a dona M^a Dolores Blanca García Fernández manifesta, en primeiro lugar, que ten tanto dereito o comercio sedentario como un comerciante ambulante. Ela o que entendeu é que a concelleira popular dixo que o punto seis non é favorable, cando iso precisamente pediullo ela, e está xuridicamente escrito na norma da Secretaría.

Di que ela non está inventando nada, nin quere pedir nada que non sexa a prol do cidadán. A Sra. concelleira do PP pediu o informe xurídico, e ela presentoullo xurídico, non se inventa nada, e tanto dereito teñen uns como outros.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández pregunta se pode contestarlles á pregunta que fixo sobre a proporción razoable que vían un pouco ambigua.

Dona M^a Dolores Blanca García Fernández contesta que sería razoable sempre e cando os estranxeiros, por motivos familiares, durante un período prolongado de tempo, e poderá estenderse ao resto dos vendedores ambulantes da feira. Pregúntalle ao Sr. concelleiro do BNG se está referíndose a iso.

Don Brais Cubeiro Fernández responde que non é iso exactamente. Sería puntuable cunha proporción razoable, cando di nun dos parágrafos da providencia o seguinte:

“Coa inclusión do criterio *comercio sedentario* en Cambre, para valorar as solicitudes de autorización de venda ambulante nas feiras do Temple e A Barcala, perseguimos o interese xeral dos veciños e veciñas de Cambre, ao daren unha oportunidade aos seus comerciantes, de verse beneficiados por un evento como pode ser un Feirón; e non o consideramos discriminatorio, xa que non é requisito imprescindible, senón só puntuable nunha proporción razoable.”

Pregunta que se establece como proporción razoable en base á puntuación. Pregunta se é un 50%, un 60% ou un 40%.

Dona M^a Dolores Blanca García Fernández contesta que aquí razoable é o que ela lle dixo antes. As faltas, cando hai unhas faltas, de quince días pasan a tres meses. Pregunta se non é esa a resposta.

Don Brais Cubeiro Fernández dille que vale, e que moitas grazas.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC e os cinco concelleiros do PSdG-PSOE. Abstéñense os seis concelleiros do PP, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por nove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.2. Aprobación, se procede, da prórroga do contrato de xestión, mediante a modalidade de concerto, do servizo de limpeza pública no Concello de Cambre

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos do día 13 de outubro de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“Visto que, coa data do 8 de xaneiro de 2007, asinouse coa entidade “EMPREGO SOCIAL, S.L.”, un contrato relativo a xestión, mediante a modalidade de concerto, do servizo de limpeza pública no Concello de Cambre, (Expediente 2006/17-1 GEST. SERV. P.)

Visto que na cláusula quinta do contrato, quinta do prego de cláusulas administrativas particulares e epígrafe 4 do cadro de características do Contrato, establécese que o seu prazo de execución será de sete anos, contados a partir da data na que se levante acta de inicio de prestación do servizo, acta que deberá levantarse dentro do prazo máximo dun mes desde a sinatura do contrato, (...) e que antes da finalización do prazo establecido, **o contrato poderá ser prorrogado, mediante acordo expreso das partes contratantes, por sucesivos períodos anuais, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de dez anos.** As prórrogas deberán ser solicitadas polo adxudicatario cunha antelación mínima de catro meses antes da finalización do contrato, e aprobadas polo Pleno da Corporación.

Visto o escrito presentado por don Fernando López Curras, con DNI 33309994-P, como administrador único, en representación da entidade adxudicataria “EMPREGO SOCIAL, S.L.”, rexistrado de entrada o día 5 de agosto de 2015 ao número 0/7001, no que solicita se prorrogue o referido contrato por un ano.

Visto informe emitido polo enxeñeiro de camiños municipal coa data do 6 de outubro de 2015, no que se establece que o **adxudicatario veu realizando a satisfacción do concello o servizo de limpeza viaria, polo que non existe inconveniente en acceder á solicitude de prórroga.**

Tendo en conta que a prestación do servizo iniciouse na mesma data da sinatura do contrato, que a entidade adxudicataria está solicitando en prazo a prórroga permitida polo prego que contén as condicións definidoras dos dereitos e obrigas das partes do contrato, e que o expediente de contratación tramitado contou co preceptivo informe favorable respecto do cumprimento da normativa vixente no momento da súa incoación, informe de data 18 de maio de 2006.

Tendo en conta, así mesmo, que o contrato foi prorrogado, primeiramente ata o 8 de xaneiro de 2015, mediante acordo plenario de data 26 de setembro de 2013, e, posteriormente, ata o 8 de xaneiro de 2016, mediante acordo plenario de data 11 de setembro de 2014 .

Ó abeiro do establecido na cláusula quinta do contrato, cláusula cinco do prego de cláusulas administrativas particulares e no epígrafe catro do cadro de características do contrato, en uso das atribucións que me foron conferidas segundo a Resolución da Alcaldía nº 1111/2015 de data 23 de xuño de 2015, propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Prorrogar, polo prazo dun ano desde o 8 de xaneiro de 2016, data prevista para o remate da segunda prórroga contractual acordada, o contrato suscrito coa entidade “EMPREGO SOCIAL, S.L.”, relativo a xestión, mediante a modalidade de concerto, do servizo de limpeza pública no Concello de Cambre, (Expediente 2006/17-1 GEST.SERV.P.), o que supón unha vixencia do contrato ata o día **8 de xaneiro de 2017.**

Segundo: Notificar o presente acordo á entidade “EMPREGO SOCIAL, S.L.” con CIF B-15565864 e enderezo na rúa As Rúas, nº 3 – baixo, 15660 Cambre (A Coruña), así como ao departamento de Servizos, e máis a Intervención municipal, para os efectos oportunos.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 21 de outubro de 2015.

O Sr. presidente explica que o contrato de limpeza viaria vén sendo xestionado pola empresa Emprego Social, baixo a modalidade de concerto do servizo, dende o 8 de xaneiro do 2007. A duración do contrato era de 7 anos, coa posibilidade de prórroga de 3 anos máis, ata un total de 10. A prórroga que someten hoxe a consideración do Pleno é a última deste contrato, e os servizos municipais informan favorablemente, toda vez que o adxudicatario do servizo vén realizando estes traballos a satisfacción do concello.

Conclúe dicindo que esta é a proposta que se trae para a súa consideración.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que por parte do seu grupo o voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que tamén eles van apoiar esta proposta. Indican, iso si, que coidan que a limpeza viaria en Cambre é outro dos aspectos dos que van ter que comezar a estudar a súa revisión e que seguramente se terá que adaptar á situación real do Concello de Cambre que, evidentemente, non é a mesma que hai nove anos, cando se asinou ese contrato inicial.

Seguramente terán que ir elaborando estudos de cara a vindeiros exercicios no relativo á limpeza nas parroquias asiduamente, algo que non está ocorrendo. Nos núcleos urbanos dun xeito un pouco máis exhaustivo, posto que dalgún xeito empeza a amosarse relativamente insuficiente.

A empresa que está levando a cabo este labor, na súa vertente social, saben que realiza o traballo na medida das circunstancias que se atopa o concello, de xeito que non pode ser achacable á empresa que presta o servizo

unha eventual insuficiencia del, porque a dita insuficiencia viría dada porque a contratación deste servizo comeza a dar visos de que é de necesaria revisión.

Di que isto é algo que ocorre habitualmente nos contratos de prestación de servizos a medio ou longo prazo, porque a circunstancia e a situación da contratación inicial vense modificadas polo paso do tempo, facendo que o servizo poida chegar a resultar insuficiente. Evidentemente a quen deben pasar o testemuño desta situación é á Administración, non á empresa, que lles consta que fai un gran esforzo de cumprimento, así como un labor social desexable para calquera pobo. Deste xeito, di que comezan os deberes para o actual Goberno, e hai que anotar no caderno de contratos pendentes de revisar, e incluso contratos pendentes de formalizar, a revisión do conxunto da limpeza viaria de Cambre.

Conclúe dicindo que van votar a prol.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que neste punto o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que eles as consultas que teñen realizado a moitos veciños son, en xeral, boas no que se refire a como se realiza o labor, polo tanto di que van votar a prol.

Si lles gustaría que dende o concello se concienciara aos propietarios de locais e negocios de que deberían de limpar o fronte da súa beirarrúa. Saben que moitos o fan, e o valoran, pero tamén é certo que outros non o fan porque xa o fará o servizo de limpeza. Polo tanto, se o concello puidera facer algo a este respecto, aí queda a súa suxestión.

Conclúe dicindo que o seu voto é a prol.

O Sr. presidente agradece as suxestións de ACdC e C's. Di que si, que pensan que o servizo é mellorable, obedece isto, evidentemente, a un cambio da realidade do concello nos últimos anos. Tamén admiten, claro está, a suxestión en canto a mellorar a limpeza viaria, nas parroquias sobre todo, onde cren que hai un déficit. E tamén o requirimento aos propietarios de locais para que manteñan o fronte do seu establecemento en perfectas condicións de limpeza.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por dezaoito votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.3 Proposta de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento do 2015. Expediente núm. 5/2015

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos do día 15 de outubro de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 101.147,63 euros, e os informes de reparos emitidos con data 8 e 13 de outubro de 2015 pola intervención municipal.

O principio de anualidade queda recoñecido no artigo 162 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a

“expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

No relativo aos gastos o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración, ou ben por non existir a conformidade dos servizos técnicos a 31 de decembro no suposto das facturas que tiveron entrada nos derradeiros días do ano.

Visto que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar ós créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (artigo 60.2 Real decreto 500/1990: “Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

Por tanto, atopámonos con gastos realizados que se teñen que pagar e, co recoñecemento extraxudicial de créditos, se posibilita o aprobar gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicariáanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, por aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Visto o establecido nos artigos 185.1 e 217.2 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Por todo iso, **PROPONSE** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Levantar os reparos formulados pola Intervención municipal.

Segundo: Aprobar o expediente número 5/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2015 por importe de 101.147,63 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº Documento	Data	NIF/CIF	Nome /Denominación social	Concepto	Importe
F/2014/654	23/12/2014	B15734700	GRELA 2000 S.L.	ALUGUER CARPA BELÉN VIVENTE DE BRIBES	1.210,00
F/2015/1431	09/01/2015	B15359383	AUGASERVI S.L.	CANON XESTIÓN SERVIZO MUNICIPAL AUGA R REDE DE SUMIDOIROS: 3º TRIMESTRE 2014	97.622,75
F/2015/1434	09/01/2015	A15943863	TORNEIRO MAQUICORUÑA, S.A.	ALUGUER CAZO MINIEXCAVADORA ARTICULADO PARA LIMPEZA GABIAS: DO 17/11 AO 12/12/14 (OBRAS E SERVIZOS)	136,88
F/2015/1560	15/01/2015	B15795354	CLINICA O BURGO S.L.	SERVIZOS MÉDICOS E DE AMBULANCIA "X ROTEIRO BTT TERRA DAS MARIÑAS" (26/10/14)	680,00
F/2015/1655	28/01/2015	A15023070	R.C. DEPORTIVO DE LA CORUÑA, S.A.D.	SUBMINISTRACIÓN 2 ABONOS R.C. DEPORTIVO TEMPORADA 2014-2015	998,00
F/2015/2602	29/04/2015	G15265473	CLUB DE BEISBOL DE CAMBRE	PROXECTO, ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN II CAMPUS DE VERÁN DE BÉISBOL E SOFBOL	500,00

Terceiro: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 21 de outubro de 2015.

O Sr. presidente explica que o expediente que se trae a aprobación, esta proposta de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento do 2015, é consecuencia, en primeiro lugar, de que os servizos económicos, a Intervención municipal, ten sometido a reparos determinadas facturas que se puxeron á súa consideración.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

En concreto os motivos deses reparos son, nuns casos a ausencia de procedemento de contratación, xa que excede por importe e duración de tempo que establece a Lei de contratos do sector público, en concreto son unhas facturas referentes á empresa Augaservi e á empresa Torneiro Maquicoruña, S.L.

Tamén tres facturas, unha do Club de Béisbol Cambre, outra de Grela 2000 S.L., e outra por prestación dun servizo médico de ambulancia da Clínica O Burgo S.L., como consecuencia de que Intervención considera que se trata de subvencións encubertas en especie, concedidas sen acollerse á convocatoria anual de subvencións.

Tamén unha última factura referente á subministración de dous abonos do Real Club Deportivo, pola tempada 2014-2015, que entende Intervención que non parece que nesa tempada ese gasto traía a súa causa en actividade deportiva ningunha, e que, en todo caso, tería que terse considerado como un acto protocolario, cousa que non se fixo.

Conclúe dicindo que os servizos están prestados, e as empresas que prestaron eses servizos ou subministracións teñen o dereito a percibir as cantidades, os importes, dos servizos prestados, por iso, tendo en conta eses reparos, sométese á consideración do Pleno.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que como tantas outras veces é distinto gobernar que estar na oposición, e agora a el tócalle estar na oposición. Isto de traer facturas para recoñecelas como obrigacións de exercicios anteriores, e tal e como o Sr. Rey as describe, parece que todas elas eran facturas que durante o mandato do PP estaban fóra da legalidade, e iso non é así, e o Sr. Rey o sabe.

Loxicamente, el tivo que escoitalos varias veces preguntando como era posible que no mes de outubro ou no mes de novembro se trouxeran facturas que correspondían ao ano anterior. É verdade, porque ou ben as presentan tarde ou ben se contabilizan tarde no concello. Dito isto, efectivamente hai algunhas facturas que son por necesidade, e outras porque están cun contrato en precario, como é o caso de Augaservi. Ou tamén o caso da factura de Torneiro Maquicoruña, que foi para un cazo miniescavadora nun momento determinado, para facer unha limpeza, e que custou 136 euros.

No caso dos dous abonos do Deportivo, el quere manifestar que eses dous abonos lévanse adquirindo con cargo a protocolo durante moitos anos. Con eses abonos o Deportivo invita a 50 rapaces dos colexios a ir ver os partidos, e por ese motivo se seguiron comprando eses abonos.

Conclúe dicindo que como pensa, e como pensaba cando era alcalde, e agora que está na oposición segue a pensalo, os que fan o traballo teñen que cobrar, por iso o seu voto, dende logo, vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que nesta proposta vai partir a súa intervención da explicación ou traslado, para que conste nesta acta e para os asistentes, do que eles consideran a gravidade do asunto que están a tratar neste punto. Atópanse ante un dos problemas máis importantes e sobre todo máis graves e posiblemente máis dificilmente emendables de todos os que poidan existir actualmente no Concello de Cambre.

De entre todas as cantidades que se propoñen, que son exactamente seis facturas, nesta proposta do Sr. Rey de aprobación e para o levantamento dos reparos que pesan sobre elas, van facer mención especial a unha desas facturas, aínda que calquera das facturas reparadas son a mostra por si mesma, de que o concello adoece de situacións irregulares que necesariamente se teñen que solucionar.

Non está dicindo, por se acaso hai confusións, que sexan consecuencia directa da xestión deste Goberno, pero si son a súa responsabilidade dende o momento en que se asume a gobernabilidade do Concello de Cambre. Este seguramente vai ser o punto no que entren en debate. Dende ACdC teñen unha postura moi clara e inamovible en relación a calquera concepto que se atope informado desfavorablemente por Intervención. Eles



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

non están dispostos a aprobar ningunha destas obrigas en particular, nin todas no seu conxunto, en tanto por parte do Goberno non se lles demostre que están emendadas as deficiencias que levan a que Intervención se pronuncie desfavorablemente sobre o recoñecemento desas obrigas. Certo é que o interventor, no cumprimento estrito do seu cometido, informa en contra, ditaminando que a fase de execución dos gastos queda supeditada ata que o reparo sexa solucionado.

Respecto da conclusión que consta no informe, tamén do interventor, de recoñecemento de obrigas, non obstante indica que, efectivamente, son gastos que se teñen que pagar, porque en caso contrario poderían aplicar a teoría do enriquecemento inxusto do concello. Isto quere dicir, dende o seu punto de vista, e así o queren trasladar, que efectivamente o interventor non pode facelo, non autoriza o pago deses gastos, e son os concelleiros os que deben de facelo, ou o que é o mesmo, o que se está propoñendo ao Pleno da Corporación é que sexa o propio Pleno quen levante os reparos de Intervención para que os provedores poidan cobrar.

Propoñerlles isto é algo realmente moi inxusto, e pola súa parte non van cargar con esa responsabilidade por dous motivos fundamentalmente. O primeiro deles é que necesariamente, insiste en que necesariamente, xunto con esta documentación, o propoñente Sr. Rey debería ter acompañado a proposta polo menos dun informe ou relación de todas aquelas xestións realizadas, programadas ou futuras, que teña previsto para eliminar eses reparos, e esa situación non se produce.

Isto ademais é absolutamente lóxico que llo pidan ao Sr. Rey, porque el non debería pedirlle ao Pleno da Corporación que faga, entre comiñas, presión á vista gorda das anomalías que provocan eses reparos, sen polo menos comprometerse en firme, diante dos veciños e diante da Corporación, a polo menos iniciar os trámites necesarios para que se solucionen temas que insiste son gravísimos.

Nese *pack* de facturas que traen para a súa aprobación por unha totalidade de 101.000 euros, é importante tamén coñecer a cantidade da que están falando. Hai unha das facturas que é de 98.000 euros a Augaservi, que é a cuarta parte do que se lle paga ao ano, para que poidan facer as contas do que están falando. É dicir, chegados a este punto, e tendo en conta que aínda que como Goberno efectivamente, insiste, eles non son responsables directamente da situación actual desta aberración, si deben lembrar que formaron parte, algúns deles, de gobernos que non puideron ou non quixeron solucionar o problema da auga en Cambre.

Sinala que os veciños preguntánselle cal é o misterio da auga. A día de hoxe realmente é un misterio, ninguén llelo explica, algúns poden chegar a intuilo, pero non saben con certeza cales son os impedimentos para contratar dunha vez por todas o servizo municipal da auga que leva esgotados entre contratos e prórrogas, xa dez anos.

Ela fórmulle esa pregunta aberta ao Sr. Rey. Pregúntalle se é capaz de explicarlles que pasa coa auga, porque o Goberno anterior pasou na punta dos pés, non deu nin a máis mínima explicación, pero é que o anterior tampouco. É máis, sendo xustos, houbo neste concello quen insistiu neste tema unha e outra vez, e vaise permitir dicir que foi o Sr. Luis Taibo, ao que frecuentemente, ademais, se lle acusou estando ela presente de insistente, de vehemente, incluso de pesado en moitísimas ocasións en que denunciou esta situación.

Dicía hai un momento que hai dous motivos para eles moi importantes para non levantar estes reparos. O segundo dos motivos é a cuestión da responsabilidade á que fixo mención nas comisións informativas. Nese sentido si que bota en falta no informe de Intervención unha mención a este tema. O que di o interventor é que hai que suspender os pagos destas facturas en tanto non se emenden os defectos, é dicir, no caso da auga, que é o máis potente, ata que non se inicie o procedemento da contratación. E iso está así de claro, a Intervención do concello determina a suspensión dos pagos, e a única forma de que as empresas cobren é se o Pleno levanta o reparo, é dicir, se deciden pasar por alto o que di o interventor, un habilitado nacional, e asumen a responsabilidade de pagar algo que non se pode pagar, que no caso da auga é porque simplemente non ten contrato.

Nesta situación, e se estiveran falando dalgún caso concreto e excepcional, quizais si poderían asumir ese grao de responsabilidade, pero están falando do tema da auga, e non o asumen. ACdC-SON non vai favorecer nin se vai abster nesta proposta, vai amosar a súa absoluta negativa sempre que se pretenda seguir pasando por riba dun tema tan grave como é o que supón saber se a día de hoxe o concello perde diñeiro, porque auga realmente saben que perden miles de metros cúbicos, pero diñeiro non saben canto poden estar perdendo, cre que bastante.

Falaban da responsabilidade. Di que a responsabilidade de que determinados provedores deste concello non cobren, non é súa, é de quen durante os 10 últimos anos non respectou ao pobo de Cambre e permitiu que saíra o diñeiro do concello, sen control.

Tamén está claro, e sendo xustos, que estes reparos non se solucionan dun día para outro, pero como mínimo, insiste no que dicía antes, deberíase acompañar esta proposta co inicio dalgún trámite que lles demostre a vontade de solucionar este tema nesta lexislatura. Nese caso, por suposto, contarían co seu apoio, e o seguen prestando.

Segue dicindo que como deste tema da auga están tan fartos, evidentemente van votar en contra, non hoxe, senón sempre que veñan propostas de pago reparadas e sen intención aparente de solucionarlas. De todas formas ocórreselle que como entra dentro das competencias do alcalde celebrar determinados tipos de contratos e autorizar determinados tipos de gastos, non sabe se é este o caso concreto, pero como suxestión, que sexa o alcalde en si, non sabe se o accidental ou non accidental, o que busque a fórmula de ser el, o propio alcalde, o que levante os reparos de Intervención, e que sexa el o responsable ante os veciños e ante calquera eventual reclamación, e que asuma a responsabilidade de sacar diñeiro das arcas municipais para seguir sostendo esta situación.

E como xa están metidos en fariña, di que tamén lle permitirán que lles suxira que, ao mellor, precisamente poden aproveitar isto para sacar a parte boa, e este é o momento para incoar un procedemento de cara á municipalización do servizo da auga, e en lugar de contratar un ben público e necesario, e mercantilizar co seu abastecemento e saneamento, que sexa o propio concello quen xestione a auga.

Conclúe dicindo que insiste en que van votar en contra.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o seu voto vai ser negativo.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que eles non se van facer responsables dunha situación que consideran irregular, e dado que segundo o informe do interventor non existe procedemento de contratación coa empresa subministradora de auga, vanse abster.

Toma a palabra o Sr. presidente para dicir en contestación ao PP, ao Sr. Rivas, que en ningún momento lle dixo que estas facturas estiveran fóra da legalidade, non foi unha manifestación persoal, el non dixo iso en concreto. O que si dixo é que por parte da Intervención municipal se estableceron ese tipo de reparos que lles traen hoxe a recoñecemento de obrigas, porque o xeito de solucionar este problema e que as empresas cobren esas subministracións ou eses servizos, é traendo estes temas e estas facturas ao pleno para que poidan pagárselles.

Contestando a ACdC-SON, di que este procedemento non lles gusta, evidentemente, e cren que a súa obriga é buscar todos os procedementos e todas as medidas para que este tipo de situacións non se volvan repetir no futuro. Non sabe se poderá ser así, pero de todos os xeitos a súa vontade é amañalo, e que ese tipo de situacións, na súa opinión vergoñosas, non se traian a pleno e poidan solucionarse as cousas adecuadamente.

Di que tardarán en solucionar, sobre todo os procesos de contratación pendentes, que son os que en moitos casos traen a razón destas facturas que veñen a recoñecemento de obrigas. O que non pode agora, por falta de información, aínda que si ten nocións do problema da concesión do servizo de abastecemento de auga, é facer unha exposición prolixa ou ampla do problema na actualidade.

Ao que si se compromete é a facer unha reunión, unha xunta de voceiros, con todos eles, para expoñerlles cal é a situación actual da concesión e ver cales son as posibilidades que teñen de cara ao futuro de sacar a contratación, municipalizar ou ben aprobar unha encomenda de xestión a outra administración. Iso será a información que le lles poida transmitir para que eles teñan un coñecemento certo do que é na actualidade o servizo de xestión do abastecemento de auga.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC e os cinco concelleiros do PSdG-PSOE. Votan en contra os dous concelleiros de ACdC-SON e os dous concelleiros do BNG. Abstense a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por quince votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.4. Proposta de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento do 2015. Expediente núm. 6/2015

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos do día 15 de outubro de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores e de importe total de 11.318,66 euros.

O principio de anualidade queda recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

No relativo aos gastos o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración, ou ben por non existir a conformidade dos servizos técnicos a 31 de decembro no suposto das facturas que tiveron entrada nos derradeiros días do ano.

Visto que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar ós créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (Artigo 60.2 Real decreto 500/90: “Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

Por tanto, atopámonos con gastos realizados que se teñen que aboar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración e, co recoñecemento extraxudicial de créditos, se posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, por aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, **PROPONSE** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente número 6/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2015 por importe de 11.318,66 euros, correspondente ás seguintes facturas:

NUM ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME / DENOMINACION SOCIAL	IMPORTE	CONCEPTO
F/2015/3255	06/07/2015	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	2.643,19	SUBMINISTRACION DE AUGA A ABRIGOSA TERCEIRO TRIMESTRE 2014
F/2015/3256	06/07/2015	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	4.238,76	SUBMINISTRACION DE AUGA TARROEIRA, 68 TERCEIRO TRIMESTRE 2014
F/2015/3257	06/07/2015	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	2.488,61	SUBMINISTRACION DE AUGA TARROEIRA, 53 TERCEIRO TRIMESTRE 2014
F/2015/3792	18/08/2015	52938735A	ARES PEREZ FERNANDO, J.	834,90	MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN PROGRAMA E TERMINAIS CONTROL PRESENCIA: XUÑO, XULLO E AGOSTO 2014
F/2015/3793	18/08/2015	52938735A	ARES PEREZ FERNANDO, J.	1.113,20	MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN PROGRAMA E TERMINAIS CONTROL PRESENCIA: DE SETEMBRO A DECEMBRO 2014
			TOTAL	11.318,66 €	

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 21 de outubro de 2015.

O presidente por delegación explica que neste caso non se trata de obrigas que veñan con informe de reparos, senón que son determinadas facturas que quedaron pendentes de aprobación por canto non se presentaron no concello no mesmo exercicio en que se prestou o servizo ou se realizou a subministración.

En concreto son tres facturas da Emalcsa pola subministración da auga do terceiro trimestre do 2014, a subministración que vén de Abrugosa e Tarroeira. E outras dúas facturas que teñen que ver co programa de mantemento do terminal de control de presenza, referido aos meses de xuño, xullo e agosto de 2014, e os de setembro a decembro de 2014.

Conclúe reiterando que non hai reparos por parte de Intervención, o único que pasa é que estas facturas tiveron entrada no concello fóra das datas nas que tiñan que ser recoñecidas.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que como dixeron no punto anterior, son facturas que se presentan tarde no concello e son contabilizadas tarde, polo tanto, a súa opinión é a mesma, as empresas que fan o traballo teñen que cobralo, así que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que tamén van votar a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballeda Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol, simplemente lles pedirían que foran máis esixentes con Emalcsa á hora de presentar as facturas, xa que eles tamén o son cos seus clientes. O Concello de Cambre tamén debería esixirlle a Emalcsa que presentara as facturas a tempo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os cinco concelleiros do PSDG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.5. Proposta de concesión de subvención nominativa para o exercicio 2015, así como de modificación da Base cuadraxésimo quinta das de execución do orzamento prorrogado para o exercicio 2015

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos do día 16 de outubro de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“En sesión ordinaria celebrada con data 29 de xullo de 2015, o Pleno desta corporación, acordou conceder as subvencións nominativas para o exercicio 2015, de conformidade co previsto no artigo 22.2.a) da Lei xeral de subvencións.

Dende a concellería de Benestar e Educación considérase necesaria a concesión dunha nova subvención nominativa a prol da ANPA Instituto David Buján co fin de evitar o absentismo escolar no centro.

De conformidade cos artigos 168.4-5 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo e co artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Propónse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da Cuadraxesimo quinta das Bases de execución do orzamento xeral prorrogado para o exercicio 2015, outorgando a seguinte subvención, de conformidade co establecido no artigo 22.2.a) da Lei xeral de subvencións:

326	489.07	Convenio ANPA instituto David Bujan	6.000,00 €
------------	---------------	-------------------------------------	-------------------

Segundo: Expoñer ó público por un periodo de quince días mediante previo anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 21 de outubro de 2015.

O Sr. presidente explica que a proposta que se trae é a de aprobar inicialmente a modificación da Base cuadraxésimo quinta das de execución do orzamento xeral, prorrogado para o exercicio 2015, outorgando unha subvención, vía convenio, á Asociación de Nais e Pais do instituto David Buján, por un importe de 6.000 euros.

A razón desta subvención nominativa é a necesidade de dotar de transporte escolar aos rapaces que, seguindo os criterios da Xunta, non tiveron acceso ao transporte e, polo tanto, atópanse nunha situación de discriminación, por dicilo dalgún xeito, respecto dos seus compañeiros que si teñen acceso ao transporte. Evidentemente, isto, como ben informan por parte do servizo de Educación, dá lugar a determinadas situacións de absentismo escolar, e por iso o que se propón é modificar a Base cuadraxésimo quinta das bases de execución do orzamento co fin de recoller unha subvención destinada á ANPA do instituto David Buján.

Concedida a palabra a don Manuel M^a Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, manifesta que para remitirse un pouco ao que tiñan comentado na comisión informativa, dicir que teñen o informe de intervención no que, efectivamente, se avala o que é o traspaso da modificación das bases de execución dos orzamentos, pero di que tiñan solicitado tamén un informe xurídico sobre a legalidade de que a Anpa poida utilizar ese diñeiro para un tema de transporte. Cre que non sería xusto deixar pasar este momento, porque entre os fins da Anpa non figura ningún tema de actividade de transporte escolar, polo que cre que non sería oportuno adxudicar esa subvención.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Como non teñen o informe xurídico que lles diga se efectivamente é legal ou non, teme que seguirán na postura anterior e votarán en contra.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que un pouco por abundar no que cre que ten expresado acertadamente o Sr. presidente, aquí trátase de aprobar a concesión dunha subvención nominativa en forma de convenio de colaboración. O convenio de colaboración neste momento evidentemente non está suscrito, o primeiro paso que dan é que o Pleno, se así o estima e atendendo ás razóns que ten dado o Sr. presidente de combater o absentismo escolar, e tamén, por así dicilo, para cubrir o déficit que en materia de transporte escolar están sufrindo os veciños e veciñas de Cambre, neste caso nenos en idade de escolaridade obrigatoria e non obrigatoria. Precisamente para cubrir eses déficits preténdese complementar, que non substituír, o servizo que vén prestando a Xunta de Galicia con carácter obrigatorio.

O primeiro paso que dan é este, aprobar a concesión e, unha vez proposto e sometido á consideración do Pleno, se esta proposta prospera, loxicamente subscribirán o convenio de colaboración que dará soporte xurídico a este acordo. Conclúe dicindo que así o entenden.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que eles van apoiar esta proposta con base tamén no recollido na Lei xeral de subvencións, no artigo 22.2, que recolle dentro dos supostos de tipificación ou definicións das subvencións nominativas, entre algún outro suposto, aquelas que acrediten razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Di que certo é que este tipo de subvencións adoitan ser bastante criticadas, porque exclúen a concorrancia pública, que é un principio que debería presidir o outorgamento das subvencións, ademais teñen mala prensa, precisamente polo mal uso que se ten feito dese artigo ao que fixo mención anteriormente, que no seu día levou a moitas administracións a conceder subvencións a quen lles pareceu, sen que puideran concorrer outras entidades de similares características.

Precisamente dende o punto de vista de ACdC esta proposta que se trae a pleno é un caso, un bo exemplo do que debería ser unha subvención nominativa. Suficientemente xustificada por razóns de interese social, debidamente xustificada, e na data na que se atopan, ademais, non existe a posibilidade de acceder a ese diñeiro por parte da Anpa a través dunha convocatoria pública. A cantidade do 30% sobre a totalidade do custo que lle supón á Anpa a prestación deste servizo, tamén lles parece apropiada.

E despois desta reflexión, que coida que era necesaria, dende ACdC consideran que a valoración da excepcionalidade desta subvención, co seu posterior convenio a celebrar, está suficientemente xustificada, polo que van apoiar a proposta e a felicitala por outra parte.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que a subvención que propón o Goberno está dirixida aos pais a través da Anpa, polo tanto, antes de fixar a súa posición gustaríalles coñecer a postura do Goberno sobre dous puntos. Primeiro, facer constar no protocolo o compromiso manifestado polo concelleiro de Educación en comisións informativas, de que para acollerse a subvención os pais non terán que estar obrigados a estar asociados á Anpa. E, por outro lado, despois de reunirse coa Anpa do instituto Afonso X, e visto que nese instituto tamén existen posibles demandantes da subvención, como se reconece no documento que presenta o Goberno, consideran que habería que estender tamén a subvención ao instituto Afonso X.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Di que para facelo existirían dúas posibilidades, que se reparta a subvención entre as dúas Anpas, ou que se manteña a subvención como se presenta no documento, pero co compromiso de que a Anpa do instituto David Buján xestione a subvención para os alumnos de ambos centros. Dependendo da resposta do Sr. concelleiro, Ciudadanos decidirá se vota a prol ou en contra.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que cre lembrar que nas pasadas comisións informativas respondeu a ambas cuestións que lle formula Ciudadanos. Por unha parte permítese lembrar que esta é unha subvención que se concede a unha entidade, neste caso debidamente constituída, que é a Anpa David Buján. Non o é así, ou non o ten sido ata o día de onte, como seguramente saiba a Sra. concelleira de Ciudadanos, a Anpa Castelao do IES Afonso X O Sabio.

Di que quixeron utilizar, evidentemente, tamén esa colaboración coa Anpa Castelao, pero non puideron facelo precisamente por razóns de natureza xurídica. Non era unha asociación debidamente representada, non tiña estrutura directiva ata o día de onte, de feito el mesmo asistiu á asemblea da Anpa Castelao onde se ratificou a nova estrutura directiva que, como dixó, é de onte.

Quere manifestar positivamente que aceptan, como non pode ser doutro modo, esa mención que fai a Sra. concelleira á hora de incluílo no protocolo, pero tamén se permite lembrar que nas pasadas comisións informativas lembrou que este é un servizo que se instaura a través da Anpa David Buján, pero que vai dar servizo, formen ou non formen parte da Anpa esas familias, indistintamente aos alumnos do David Buján, e tamén indistintamente aos alumnos do Afonso X O Sabio. Vai ser un servizo que vai intentar optimizar cun percorrido a atención a eses alumnos. Insiste, alumnos de Cambre van ser os destinatarios, estean ou non asociados ou afiliados a ningunha das dúas Anpas.

E respecto da posibilidade de bonificación directa á Anpa Castelao, di que é unha reflexión que lle fixeron onte na Anpa, pero que eles mesmos entenden que, polas circunstancias actuais, deberían consideralo de cara ao curso seguinte. Como ben saben a Anpa Castelao ten agora mesmo en marcha un servizo, tamén complementario ao que se presta dende a administración autonómica, que recolle aos seus alumnos na zona urbana.

Para terminar, quere aproveitar para agradecer o respaldo que manifestan neste caso os grupos de Asemblea Cidadá e BNG, que o que deixa entrever sobre todo é o compromiso social e a sensibilidade máis aló de cuestións meramente formais ou legais. Neste caso, esta proposta, dende o seu punto de vista, cumpre tales extremos.

Quere felicitar tamén a receptividade e sensibilidade de ambos grupos políticos, e lembrarlle ao PP, sen ánimo de polemizar, que na pasada lexislatura na que el formou parte desta Corporación, se aprobaron subvencións nominativas, cre lembrar á Asociación de Empresarios no seu momento, previas á formalización dun convenio de colaboración.

Conclúe dicindo que pola súa parte nada máis.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo manifesta que deducen entón que será a Anpa do instituto David Buján a que xestione a subvención para os alumnos de ambos centros. Agradece a resposta e di que o seu voto vai ser a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Votan en contra os seis concelleiros do PP.

A Corporación, por catorce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2.6. Proposta de aprobación do expediente de crédito extraordinario núm. 2/2015

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos do día 15 de outubro de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a providencia do Concelleiro delegado da área de Benestar Social e Educación, na que solicita o inicio dun expediente de crédito extraordinario por importe de 6.000,00 euros na aplicación que recolla esta subvención nominativa á ANPA IES DAVID BUJÁN para o transporte escolar.

Na memoria da Concelleiro delegado da área de Benestar Social e Educación, que forma parte deste expediente, xustifícase a necesidade e urxencia desta despesa.

Vista a posibilidade de financiala mediante baixa noutra aplicación.

Visto que de conformidade coas disposicións legais vixentes, cando deba realizarse algún gasto e non haxa dotación no orzamento, a Corporación poderá acordar unha concesión de crédito extraordinario.

Visto o disposto na décimo primeira das Bases de execución do orzamento para 2014, orzamento prorrogado ao 2015.

É polo que propono ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o expediente de crédito extraordinario número 2/2015 por importe de 6.000,00 euros co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Crédito extraordinario	Baixas por anulación	Crédito definitivo
3230/467	Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	126.335,97		6.000,00	120.335,97
326/48907	Convenio ANPA Instituto David Buján	0,00	6.000,00		6.000
Totais		126.335,97	6.000,00	6.000,00	126.335,97

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de edictos do concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 21 de outubro de 2015.

O Sr. presidente explica que como consecuencia do punto anterior é preciso adoptar medidas de carácter orzamentario para dotar de crédito a ese convenio que se subscribirá no seu momento coa Anpa do David Buján. Trátase dunha transferencia de fondos, en concreto dende a aplicación orzamentaria 3230/467 destinada a aboar cantidades ao Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, transferir 6.000 euros á partida 326/48907 do convenio coa Anpa do instituto David Buján.

Concedida a palabra a don Manuel M^a Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, manifesta que consecuentemente coa posición anterior, entenden que aínda que o traspaso é correcto, e non teñen nada que obxectar nese sentido, pero entenden que o obxectivo non é o que debe cumprirse, posto que sentan un precedente bastante perigoso, no sentido de que todos os nenos de Cambre que non teñan transporte diante da súa casa reclamarán unha subvención para poñer un autobús diante dela. Cre que non é o procedemento que están utilizando, e imaxina que a Anpa o que fará será facturar aos pais, cobrar aos pais, a parte que lles corresponda por ese

transporte, e a outra parte a pon a subvención, co que estaría xerando, loxicamente, uns ingresos e uns gastos que non corresponden a unha asociación de pais.

Conclúe dicindo que, nese sentido, van manter a súa postura de votar en contra.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que van votar a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballeda Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o seu voto vai ser afirmativo.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que van votar a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Votan en contra os seis concelleiros do PP.

A Corporación, por catorce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.7. Proposta de modificación da Ordenanza fiscal núm. 9 reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros e da Ordenanza fiscal núm. 15, reguladora da taxa por subministración de auga

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos do día 18 de setembro de 2015 que consta do seguinte teor literal:

"Nos últimos anos producíronse reclamacións por parte dos abonados ao servizo de auga, relativas a facturacións de importes moi elevados, como consecuencia de avarías na rede de abastecemento.

Debido aos consumos excesivos por avarías, a facturación multiplícase, xa que as cotas contidas na ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministración de auga son progresivas, penalizando os consumos elevados. Isto afecta, así mesmo, á taxa pola rede de sumidoiros que, aínda que a cota é lineal, calcúlase sobre a totalidade dos metros cúbicos consumidos de auga, o que non parece adecuado no caso de avarías xa que aquelas ocorren case sempre no exterior da vivenda, é dicir, nas leiras; polo que non existe vertido ningún na rede de sumidoiros. O feito impositivo, polo tanto, non se produce, nin polos servizos de evacuación, nin polo seu tratamento para depuración.

Considerando que, aínda que non corresponde ao concello corrixir hábitos de consumo dentro do ámbito privado, nin velar pola integridade das instalacións particulares de subministración de auga, cando o importe desproporcionado sexa debido a causas obxectivas, alleas á vontade do propietario ou contribuínte, que xustifiquen o exceso e que este xustifique a adopción de medidas para corrixir a deficiencia e evitar que volvan repetirse situacións similares, a aplicación estrita e literal das tarifas vixentes nestes casos, pugna con principios tales como os de proporcionalidade e equilibrio das prestacións e contraprestacións, que han de rexer no conxunto de relacións xurídicas de servizo público que vinculan Administración e cidadáns.

Co fin de que non se produzan en diante resultados inxustos e prexudiciais e, tendo en conta os principios de boa fe, proporcionalidade e equilibrio mencionados, a presente proposta persegue que sexa atenuada a facturación nos casos de consumos desorbitados por avarías en instalacións, debidamente xustificadas. Para isto, incluírase un apartado nas dúas ordenanzas afectadas (9 e 15), cun tratamento máis favorable, que consiste en incluír os excesos na cota do epígrafe anterior ao que lle corresponda, no caso da auga e, calcular o consumo estimado, no caso dos servizos de evacuación e tratamento e depuración. Así mesmo, deberíase aplicar a nova tarifa ás liquidacións pendentes non prescritas relativas a reclamacións por avarías xa resoltas en función da normativa vixente, en tanto sexa máis favorable aos abonados a nova regulación.

O Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sinala nos seus artigos 15 a 19 o procedemento para aprobar e modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais.

O artigo 16.1 do devandito texto legal determina que os acordos de modificación das ordenanzas reflectirán a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación.

Por todo isto, propónse ao Pleno que adopte os seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar provisionalmente para o exercicio 2015 e seguintes a modificación do artigo 5 da ordenanza fiscal nº 9 reguladora da taxa pola rede de sumidoiros e dos artigos 5 e 6 da ordenanza fiscal nº 15 reguladora da taxa por subministración de auga, coa seguinte redacción:

Ordenanza fiscal nº 9 reguladora da taxa pola rede de sumidoiros

Artigo 5º. - Cota tributaria.

1. A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de sumidoiros esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de 95,00 euros.

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos do apartado 1.b) do artigo 2º, determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos consumida polo usuario. Para tal efecto, aplicaranse as seguintes tarifas:

2.1. 0,25 euros por metro cúbico, xa sexan de vertidos de auga depurados ou sen depurar, polo servizo de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiros municipal.

Para estes efectos, en ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ao mínimo facturabile por subministración. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínimo esixible.

2.2. 0,28 euros por metro cúbico de auga consumido, polo servizo de tratamento e depuración de excretas, augas pluviais, negras e residuais.

No caso de que, debido a unha avaría interna da rede, o contador rexistrase un exceso de consumo, o contribuínte debe aboar unicamente a taxa correspondente ao consumo estimado. Para o seu cálculo, terase en conta, sempre que sexa posible e na mesma orde, un dos seguintes apartados:

- a) Promedio do mesmo período do ano anterior.
- b) Promedio dos meses anteriores.
- c) Outro distinto a determinar segundo o caso.

Para aplicar esta excepción, ten que tratarse de consumos excesivos producidos ao longo do último ano natural e ter acreditada a involuntariedade das perdas e a ausencia de culpa ou negligencia do usuario, debendo presentar:

- a) Solicitud.
- b) Informe do concesionario municipal en tal sentido.
- c) Factura orixinal do fontaneiro ou empresa que efectuou a reparación, na que se faga constar a clase e data da reparación realizada.

3. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos do apartado 1.c) do artigo 2º, determinarase en función dos metros cúbicos de capacidade da cisterna ou depósito móbil dende o que se realice o vertido, aplicándose a tarifa de 0,25 euros por metro cúbico.

Para tal efecto, o suxeito pasivo deberá presentar a documentación pertinente relativa ao volume do vertido no momento de solicitar a licenza.

Ordenanza fiscal nº 15 reguladora da Taxa por Subministración de Auga

Artigo 5º. - Beneficios fiscais.

1.- Aplicarase unha bonificación do 100% sobre o mínimo facturabile determinado para os usos domésticos a aqueles contribuíntes cuxos ingresos anuais sexan inferiores ao salario mínimo interprofesional referido a toda a unidade familiar, sempre que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da cota correspondente, segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre ao respecto. Os excesos facturarase segundo as tarifas establecidas nos apartados 1.2 e 1.3 dos epígrafes 1.A, 1.B ou 1.C, do artigo seguinte, segundo corresponda. A bonificación aplicarase por primeira vez na facturación correspondente ao trimestre seguinte á do acordo de aprobación dela.

2.- Establécese unha bonificación das cotas para o consumo doméstico da auga potable a aquelas vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o titular da póliza de abono ou o seu cónxuxe, ostente a condición de titular de familia numerosa, sempre que todos os membros estean empadroados na mesma vivenda. O beneficiario da bonificación terá que ser titular da póliza de abono á subministración da auga e estar empadroado na vivenda obxecto da bonificación. O número de fillos acreditarase mediante a presentación do carné de familia numerosa.

A bonificación aplicarase por primeira vez na facturación correspondente ao trimestre seguinte ao do acordo de aprobación dela.

O importe das bonificacións será o seguinte:

- a) Os titulares de pólizas de vivendas habitadas por menos de oito persoas, desfrutarán dunha bonificación no prezo dos m³ consumidos no trimestre que superen os 30. Así, nestes casos aplicarase a tarifa 1.B e non a tarifa xeral.
- b) Cando a vivenda estea habitada por oito persoas ou máis, desfrutarán dunha bonificación no prezo dos m³ consumidos no trimestre que superen os 30. Nestes casos será de aplicación a tarifa 1.C e non a tarifa xeral.

3. Durante o primeiro trimestre de cada ano, o concello comprobará que os beneficiarios destas bonificacións seguen a reunir os requisitos necesarios para o seu disfrute. Para o cal os beneficiarios deberán presentar, antes do 28 de febreiro, ante o concello, a documentación acreditativa daqueles extremos tanto da súa situación familiar e de convivencia, como económica a 1 de xaneiro do ano en curso, que ocasionaron a súa concesión. De non achegar a xustificación necesaria nese termo, revocarase a bonificación concedida con efectos 1 de xaneiro dese mesmo ano.

Artigo 6º. - Cota tributaria.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a determinada nas tarifas seguintes:

Epígrafe 1. Usos domésticos:

1.A. Tarifa xeral:

- 1.1. Ata 30 m³ trimestre, a 0,40 euros cada m³.
- 1.2. Máis de 30 e menos de 90 m³ trimestre, excesos a 0,57 euros cada m³.
- 1.3. Máis de 90 m³ trimestre, excesos a 1,09 euros cada m³.

1.B. Tarifa bonificada para titulares de familia numerosa e de pólizas de abono en vivendas, nas que convivan máis de cinco membros ata sete (artigo 5.2.a da presente ordenanza):

- 1.1. Ata 60 m³ trimestre, a 0,40 euros cada m³.
- 1.2. Máis de 60 e menos de 90 m³ trimestre, excesos a 0,57 euros cada m³.
- 1.3. Máis de 90 m³ trimestre, excesos a 1,09 euros cada m³.

1.C. Tarifa bonificada para titulares de pólizas de abono en vivendas nas que convivan oito membros ou máis (artigo 5.2.b da presente ordenanza):

- 1.1. Ata 90 m³ trimestre, a 0,40 euros cada m³.
- 1.2. Máis de 90 e menos de 120 m³ trimestre, excesos a 0,57 euros cada m³.
- 1.3. Máis de 120 m³ trimestre, excesos a 1,09 euros cada m³.

O mínimo facturable por aboado será de 30 m³ trimestre.

Epígrafe 2. Usos non domésticos:

- 2.1. Ata 30 m³ trimestre, a 0,57 euros cada m³.
- 2.2. Entre 30 e 3.000 m³ trimestre, excesos a 0,75 euros cada m³.
- 2.3. Máis de 3.000 m³ trimestre, excesos a 1,06 euros cada m³.

O mínimo facturable por aboado será de 30 m³ trimestre.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Epígrafe 3. Tarifas especiais:

3.1 Cando o aboado sexa unha entidade inscrita no rexistro municipal de asociacións veciñais e a subministración se destine a uso deportivo, cultural ou cívico, ou se trate dunha institución relixiosa que o destine á súa finalidade:

Todos os m³ a 0,28 euros cada m³. O mínimo facturable por aboado será de 30 m³ trimestre.

3.2 Cando se trate doutra entidade local á que se lle subministre auga procedente do municipio de Carral:

Todos os m³ a 0,47 euros cada m³ sen mínimo facturable.

Epígrafe 4. Tarifas por avarías:

En caso de que, debido a unha avaría interna na rede, o contador rexistrase un exceso de consumo, facturarase ao abonado a totalidade dos m³ consumidos. Ao consumo que exceda do consumo medio habitual (calculado en función do promedio dos consumos dos tres trimestres inmediatamente anteriores), facturarase segundo as tarifas correspondentes dos epígrafes 1 e 2, aplicables aos consumos do segundo intervalo (1.2 ou 2.2).

Para aplicar esta excepción, ten que tratarse de consumos excesivos producidos ao longo do último ao natural e ter acreditada a involuntariedade das perdas e a ausencia de culpa ou negligencia do usuario, debendo presentar:

- a) Solicitud.
- b) Informe do concesionario municipal en tal sentido.
- c) Factura orixinal do fontaneiro ou empresa que efectuou a reparación, na que se faga constar a clase e data da reparación realizada.

Epígrafe 5. Outras tarifas:

5.1. Enganche á rede e primeira contratación do servizo, 100,00 euros.

5.2. Formalización de póliza de enganche por cambio de titularidade, 37,00 euros.

Segundo: A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Terceiro: Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do concello o citado acordo provisional, así como o texto completo da ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no *Boletín Oficial da Provincia*. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto lexislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Cuarto: Publicar no *Boletín Oficial da Provincia* os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto da ordenanza modificada."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 21 de outubro de 2015.

O Sr. presidente explica que esta proposta de modificación das ordenanzas de subministración de auga e de saneamento ten a súa razón na existencia, non habitualmente, pero si na existencia de casos nos que se producen avarías nas acometidas da subministración de auga dentro dos terreos ou das vivendas, avarías que non son detectadas ata o paso moitas veces de moito tempo, e prodúcense uns consumos que non obedecen á realidade e que, evidentemente, obriga a que os beneficiarios desas subministracións teñan que facer fronte a unhas facturas moitas veces en cantidades moi importantes.

O que se busca con esta modificación das ordenanzas non é que non se pague, senón que se pague dun xeito axustado, e que defendendo os custos que representa para o concello ese consumo excesivo, non impliquen unha sobrecarga excesiva no pago que teñen que realizar por esas avarías involuntarias os beneficiarios do servizo.

En concreto, ata agora nos consumos superiores a 90 m³ nas situacións de avaría, víñase pagando cada metro cúbico a partir dos 90 a razón de 1,09 euros/m³. A proposta que se trae é que eses consumos a partir do que é a media habitual de consumo nese domicilio, se paguen pola tarifa xeral 1.2 que é de 0,57 euros/m³. Con esa tarifa a aboar cúbrense suficientemente os custos do servizo por parte da empresa subministradora e do concello e, non obstante, non se grava en exceso, como se viña facendo ata agora, as cantidades que tiñan que aboar por as avarías involuntarias os beneficiarios do servizo.

Un tema que xurdiu nas comisións informativas foi que a tramitación dos expedientes de revisión das reclamacións que se presentan por recibos por consumos excesivos sería realizada non pola empresa concesionaria do servizo, senón directamente polos servizos administrativos municipais, en concreto pola xestión tributaria dependente da Intervención municipal.

Conclúe dicindo que o procedemento, do que xa se lles informou, deuse traslado do informe, é un procedemento regrado, taxativo e esixente para que situacións como estas, que se producen nun sitio moi puntual, sexan garantidas dun xeito correcto e non dean lugar a situacións de picardía en canto ao que é que determinados domicilios, determinados beneficiarios que realizan consumos excesivos dun xeito voluntario, poidan verse beneficiados por parte deste procedemento.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que este asunto o levan discutindo xa en dúas comisións e agora volven traelo a pleno. Eles solicitáronlle, e cre que todos os grupos da oposición fixeron igual, que fixera unha reunión con todos eles para tratar todos estes puntos tan conflitivos que poden producirse na subministración da auga potable.

Con ver con moi bos ollos que se baixen as tarifas da auga potable, o que non ven con moi bos ollos é, primeiro, que non se lles teña chamado a esa posible reunión, e, segundo, que lles presentan un informe, cando xa sabían todos que, loxicamente, quen ten que facer a intervención en caso dunha avaría ou unha perda ou un recibo en demasía, teñen que ser os servizos municipais, e non a empresa concesionaria.

Por todo o exposto, e dado que dende o seu punto de vista este asunto ten bastantes controversias, seguen solicitando que este asunto quede sobre a mesa, que fagan unha reunión todos os grupos e chegar a acordos para facer unha modificación da ordenanza como Deus manda. E se isto non se retira, o seu voto loxicamente vai ser en contra.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que xa faláron deste tema e van dicir o mesmo que nese momento sobre o tema da auga. Catro anos levan preguntando na lexislatura anterior, e soamente pode falar do tempo no que ela estivo de concelleira, que é do que pode falar con certeza, preguntando unha e outra vez como ían solucionar este tema. Primeiro que se a empresa deixaba de existir, despois que se o dono da empresa se xubilaba, despois que se non había funcionarios suficientes que fixeran os traballos, e así ao bobo e ao bobo pasaron catro anos sen que lles deran ningún tipo de explicación sobre a situación da auga en Cambre.

Levan saíndo, xa o dixo antes e quere repetilo agora, polas portas do concello, millóns de euros sen control, sen contrato. Levan perdendo miles e miles de litros de auga. Se len o contrato orixinal do ano 1991 non ten absolutamente nada que ver coa situación actual de Cambre. A día de hoxe non teñen nin idea de quen ten responsabilidade en que, e sobre todo aínda téndoa, non a poden esixir, porque hai unha empresa que presta un servizo moi deficitario sen ningún tipo de obriga contractual, facturando o que considera, e eles pagando ano tras ano miles e miles de euros.

Entón, como esta é a auténtica situación, da que fixo mención e na que volve insistir, este tema que lles trae o Sr. Rey, pois si, está ben, pero consideran que é un pequeno parche que hai que remendar, pero que ata o de agora, mal que ben, se viña solucionando, pero está agochado detrás do realmente gordo deste tema, que é a



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

contratación. Non se pode pasar nas puntas do pé, non poden asubiar e mirar para outro lado, fai falta unha auditoría, fai falta a creación dunha comisión específica deste tema, fai falta coller o touro polos cornos, fai falta incoar un expediente para municipalizar o servizo da auga, e só no caso de que polos motivos técnicos, xurídicos ou do tipo que sexa non sexa posible, fará falta realizar unha contratación a través do procedemento legalmente establecido. Di que é así de fácil e así de complicado.

Cando todo isto pase, se hai que modificar a ordenanza, a modificarán. Ata ese momento van votar en contra desta proposta, no mesmo sentido que comentou antes, porque como se di normalmente, dúas medias mentiras non fan unha verdade, e o feito de que nun pleno aproben unha modificación puntual dunha ordenanza que dará soporte a un servizo contratado en precario, para eles non deixa de darlle validez á dita situación irregular, e iso non vai coa súa forma de entender a política.

Pedíronlle, como dicía anteriormente o Sr. Rivas, en dúas comisións, que quedara enriba da mesa, porque consideran que nin sequera é un asunto, e dillo con todo o respecto, que deba tratar o Goberno por si só. Coidan que farán falta eles, e máis. Todos os concelleiros seguramente non chegarán para abordar este tema.

Non se deixou enriba da mesa, tráese nos mesmos termos. Evidentemente eles van votar en contra da proposta, pero nos termos nos que está presentada, non por non entender necesario que se realicen as ditas modificacións, senón pola ausencia de responsabilidade ao presentar esta iniciativa sen tan sequera amosar interese en solucionar o problema xenérico da contratación.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o seu voto vai ser negativo.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que se se tratara de aplicar unha taxa máis baixa a un veciño por culpa dunha avaría e porque o avultado recibo de auga lle supón un problema economicamente grave, serían os primeiros en apoiar que o concello buscara algún mecanismo para poder axudalos, pero trátase de deixamento no mantemento, están falando doutras cousas, e o Goberno propón un cambio de ordenanza que deixa a porta aberta á irresponsabilidade.

Ciudadanos non ten ningunha dúbida, en absoluto, do criterio dos traballadores da empresa da auga, porque eles coñecen perfectamente todos os miolos da tubaxe e como está todo o sistema da auga en Cambre, e saben que o seu testemuño ía ser veraz e acertado á hora de dicir se se trata dunha avaría ou non. Eses traballadores coñecen todo mellor que todos eles xuntos, e tamén nos contadores ven cando hai un consumo nunha casa que non é normal, que se sae da media, porque se alguén ten unha billa goteando, ou se lle encharca o céspede ou ten unha goteira, un sabe que ten un problema, esas son pistas de que hai unha fuga, entón haberá que coidar o mantemento das instalacións. Se meten unha tubaxe de plástico sabendo que con que simplemente veña un can e escarve a pode romper, terán que meter unha de latón. A eles o medo que lles dá é ese, que deixa unha porta aberta a que como se paga unha taxa máis baixa, pois que se despreocupen do mantemento.

O Sr. Rey díxolles que o concello non perdería diñeiro. Se aplican unha taxa máis baixa, déixase de ingresar, e, se deixan de ingresar, pois pérdese diñeiro. Pero parece que o de perder diñeiro non preocupa moito, teñen o exemplo dos xardíns que están na entrada de Cambre e diante do Día, que ás 7:00 da mañá xa están regando, e en verán está ben, pero en inverno parécelles un dispendio. Isto o di simplemente como un exemplo. Ou os xardíns que están ao lado do Paraugas, que cren que é o Concello de Cambre quen está pagando esa auga, e debería de ser Fomento.

Hai moitos exemplos onde se podería aforrar, e ese diñeiro aplicalo nas cousas que realmente son necesarias. Teñen a moitas familias que non dispoñen de rede de sumidoiros, que non lles chega a auga, e son obras moi pouco custosas. Ás veces con meter unha divisoria en medio duns terreos xa se podería dar auga a oito ou trece casas en determinados núcleos.

Entón, eles van votar en contra disto, porque cren, igual que o resto dos grupos, que isto hai que miralo con máis detención. Son 32 expedientes, seguramente moitos deles con máis de 5 anos, que xa estarán ao mellor vencidos, seguramente máis da metade deles, e non se pode cambiar unha ordenanza para regalar a auga.

Ciudadanos o que lles propón, como ben dixo ACdC, é unha mesa de traballo, chámena como queiran, “Cambre eficiencia” ou como queiran chamala, con todos os grupos, para ver onde se dilapida diñeiro, para ver onde se pode aforrar, para ver o que fai falta, para falar en serio da rede de sumidoiros e das obras que realmente importan. Polo tanto, o seu voto vai ser en contra.

Toma a palabra o Sr. presidente, que en contestación ás manifestacións realizadas polo Sr. Rivas, e tamén pola representante de ACdC, quere dicir que o que non se pode negar é a realidade. Na comisión informativa que tivo lugar, se non se equivoca, no pleno do mes de setembro, retirouse o punto da orde do día, precisamente, e así se recolle na acta da comisión informativa, para que os grupos que o estimaran oportuno realizaran suxestións á proposta que traía o equipo de goberno. Non chegou ningunha suxestión, esa é a realidade. Non é que houbera un compromiso por parte do Goberno dunha reunión cos grupos, que chegado o caso se fora necesario se faría, pero o que querían ver primeiramente é cales eran por parte dos grupos da oposición, as suxestións a este documento.

Nese sentido sente que non se vaia apoiar esta proposta, entende as súas razóns, pero pola súa parte traer esta proposta cre que beneficiaba a eses casos, que non prexudicaba ás arcas municipais e, de todas formas, entenden que será cada un quen teña que responder diante dos veciños, neste caso eses 34, polo de agora, porque hoxe pola mañá veu outra persoa cun problema similar, que podían beneficiarse desta situación puntual para dar atención a esas avarías involuntarias.

Pola súa parte, mantén a proposta nos seus termos e somete a votación o punto.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que entende o que o Sr. Rey di, pero el ten aquí a acta da comisión. Efectivamente, ao final da acta dise que “*don Augusto Rey Moreno, á vista das intervencións dos grupos manifesta a súa conformidade con deixar o asunto sobre a mesa e agarda polas súas suxestións*”, suxestións que cada un dos grupos, que non o vai ler porque é extensa, que cada un dos grupos xa lle dixo, o porqué non estaban de acordo e o porqué votaban en contra.

É lóxico, fixéronse suxestións, que o Sr. concelleiro a modificara, pero o Sr. Rey non modificou absolutamente nada. Non modificou nin unha coma da ordenanza, é máis, pedíronlle un informe xurídico que non tiña e, efectivamente, mandoulles un informe, feito pola técnica de administración que dá fe do procedemento relativo ás solicitudes de revisión ou reclamacións contra recibos da taxa de auga e rede de sumidoiros por avarías. Di que perfecto, asinado M^a Luisa Souza Veiga.

É certo, pero el cre que todos os grupos están de acordo, e dixéronllo, non soamente nas comisións do mes de setembro, senón nas comisións do mércores da semana pasada, que este tema era o suficientemente importante para sentarse todos os grupos, discutilo e chegar a un consenso. E atópanse con que o Sr. Rey segue a traelo ao pleno e atópase que agora, claro, o resto dos grupos votan en contra.

Conclúe dicindo que a realidade é esa.

O Sr. presidente contesta que a realidade do Sr. Rivas é a súa realidade. O que lle está dicindo é que consta na acta. As suxestións a unha proposta fanse por escrito, ou polo menos oralmente, e el non recibiu ningunha suxestión de ningún grupo da oposición. A única referencia que se fixo dun xeito xeneralizado foi deixalo enriba da mesa, e iso foi o que se fixo, para traelo a este pleno, e houbo a posibilidade nas comisións informativas celebradas hai unha semana, de facer algún tipo de suxestión. Tampouco se fixo ningunha.

O que quere entender é que por parte dos grupos da oposición hai unha vontade de dilatar este tema, que a algúns veciños lles preocupa, xa ve que a eles non, e, polo tanto, non entende por que ten que quedar enriba da mesa.

Repítese que a responsabilidade de que isto saia ou non saia adiante será de quen vote a prol ou de quen vote en contra.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que a suxestión fíxose, por suposto que se fixo, e fíxose en varias ocasións. A suxestión que todos fixeron foi que quedara enriba da mesa, esa foi a suxestión. Non van realizar suxestións pequenas dun asunto concreto que require moito máis que unha simple modificación. O que teñen que tocar non é a parte, o que piden que se toque é o todo, entón o que debe atender é á suxestión orixinal, que foi a primeira do principio ao fin, que este asunto se trate entre todos e quede enriba da mesa.

Respecto do, dende o seu punto de vista, desafortunado comentario de que terán que darlle explicación a 30 veciños, tamén lle di que como isto non se solucione, dentro de catro anos eles teranlle que dar explicacións a 30.000.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC e os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE. Votan en contra os seis concelleiros do PP, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por once votos en contra, rexeitou a proposta presentada.

2.8. Proposta de resolución das alegacións presentadas á Ordenanza reguladora da instalación de terrazas en terreos de uso público, e aprobación definitiva da ordenanza

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente do día 16 de outubro de 2015, que consta do seguinte teor literal:

“Vista a Ordenanza reguladora da instalación de terrazas en terreos de uso público aprobada inicialmente pola Corporación municipal en Pleno, en sesión ordinaria de data 29 de xullo de 2015.

Vistas as alegacións presentadas á mesma na fase de información pública.

Visto o informe-proposta da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 16 de outubro de 2015, fórmulase ao Pleno como órgano competente, de acordo co artigo 49 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro:

I. Estimar as alegacións presentadas por dona María José García Hidalgo, en representación do Grupo Municipal Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía no que se refire ao horario de apertura das terrazas, de xeito que sexa o seguinte:

- do 1 de xuño ata o 30 de setembro: ata as 2:30 horas;
- do 1 de outubro ao 14 de xuño:
 - o de domingo a xoves: ata as 00:30 horas
 - o venres, sábados e vísperas de festivos: ata as 01:30 horas.

Todo o anterior, por canto que o citado horario atópase dentro da marxe permitida pola Orde de 16 de xuño de 2005, pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

No que respecta á alegación relativa á posibilidade de instalar pantallas de televisión na terraza e que se permita que en retransmisións de acontecementos de especial relevancia e previa autorización se permita a reprodución de sonidos, débese estimar parcialmente unicamente no que se refire á posibilidade de instalar televisores, pero garantindo en todo caso que se ubiquen dentro do perímetro autorizado pola licenza e non emitan sonidos, por canto que o artigo 46 da Ordenanza municipal reguladora da protección do medio ambiente contra a emisión e recepción de ruidos e vibracións perturbadores e do exercicio das actividades de espallamento e/ou recreativas sometidas a licenza prohibe a instalación de tales aparellos tanto no exterior dos establecementos suxeitos a esta ordenanza.

II. Desestimar as alegacións presentadas por don Juan López Martínez e dona Pilar Crespo, por seguintes motivos:

- no que se refire á cláusula sen prexuízo de terceiros, por canto que é unha cláusula consolidada dende o Regulamento de Servizos de 1955, que significa que as licenzas administrativas non autorizan a descoñecer outros dereitos que podan concurrir sobre o obxecto da licenza e que poidan ser prevalentes;
- no que se refire á necesidade de dar audiencia aos propietarios dos inmobles afectados, por canto que se trata dunha regulación que afecta a espazos públicos, que son de uso común de todos os cidadáns, sen que se poda facer depender a concesión dunha licenza da vontade de terceiros;
- no que se refire aos horarios, por canto que o horario que foi aprobado, atópase dentro da marxe permitida pola Orde de 16 de xuño de 2005, pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo de que este poida ser modificado cando se constaten molestias por ruidos previa tramitación do oportuno expediente contradictorio;
- no relativo ao suplemento na taxa para solicitar a licenza durante todo o ano, por canto que esta é unha cuestión que se debe considerar na oportuna Ordenanza fiscal e non na presente;
- no relativo á prohibición de superar un aforo determinado, non procede por canto que suporía restrinxir o uso común que corresponde a todos os cidadáns;
- no relativo á consideración do incumprimento do horario como infracción moi grave, por canto que xa se prevén outras alternativas, como a súa consideración como moi graves en caso de reincidencia ou cando se exceda o horario en máis de unha hora;
- no relativo ao importe das sancións, por canto que estas se atopan nos límites establecidos pola Lei 7/1985, do 4 de abril de bases do réxime local.

Débese, non obstante, estimar a alegación relativa á necesidade de obter a autorización da comunidade de propietarios afectada, unicamente para os casos nos que a instalación se pretenda realizar nun espazo privado de uso público, considerándose neste caso preceptiva a dita autorización por canto que o dereito a instalar unha terraza supón unha utilización especial do ben, que implica unha maior intensidade de uso que a que supón o uso común, e que por afectar a un terreo que é de titularidade privada, implica a necesidade de que esta maior intensidade de uso sexa autorizada polos titulares, xa que excede do que pode existir a administración como garante do dereito dos cidadáns a utilizar os terreos de uso público conforme ao seu destino.

Segundo: En vista do exposto no número anterior, modificar os artigos que a continuación se relacionan, e que quedarán redactados como se indica, permanecendo o resto do articulado coa redacción aprobada pola Corporación municipal en Pleno, en sesión ordinaria de data 29 de xullo de 2015:

Artigo 4.-Solicitudes.

As solicitudes presentaranse acompañadas da seguinte documentación:

f.- No caso de terrazas situadas en espazos privados de uso público incluírse ademais como documentación específica documento acreditativo da autorización dos titulares do emplazamiento, que cando sexa unha Comunidade de Propietarios deberá estar suscrita polo representante legal da mesma mediante acordo adoptado ao efecto.

Artigo 16.-Horario.

2.- O horario de funcionamento da instalación será o seguinte, sen que en ningún caso poida exceder do horario que corresponda coa licenza de apertura da actividade ou comunicación previa no seu caso:

- do 1 de xuño ata o 30 de setembro: ata as 2:30 horas;
- do 1 de outubro ao 14 de xuño:
 - o de domingo a xoves: ata as 00:30 horas
 - o venres, sábados e vísperas de festivos: ata as 01:30 horas.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Artigo 18.- Prohibicións

3. Non se permitirá a instalación e uso nas terrazas de equipos de música, amplificadores e outros elementos que produzan emisións acústicas de calquera tipo. Únicamente se permitirá a instalación de televisores, sempre en cando se ubiquen dentro do perímetro autorizado pola licenza da terraza e coa garantía de que non se emita sonido algún.

Terceiro: Aprobar definitivamente a presente Ordenanza, debéndose proceder á publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no Art. 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 21 de outubro de 2015, que inclúe a corrección efectuada pola concelleira do PP en canto á redacción da contestación á primeira alegación de Ciudadanos e da correspondente redacción do artigo 16 da ordenanza relativo ao horario de funcionamento da instalación.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que van tratar de sintetizar este asunto para non alongar este pleno. Dille aos aquí oíntes que esta ordenanza foi aprobada inicialmente xa nun pleno anterior, houbo unha exposición pública, e agora do que se trata é de aprobar as alegacións pertinentes.

Presentáronse dúas alegacións, unha por parte de Ciudadanos e outra por parte dunha serie de veciños. Das dúas alegacións de Ciudadanos aceptáronse as dúas, unha era precisamente sobre a cuestión do horario que era un erro material, eles xa incidiran niso, e a outra cuestión era o asunto dos audiovisuais, trasladar audiovisuais sen son á vía pública, á terraza. Aínda que lles parece arriscada, pareceulles pertinente, e creron que era valente aceptala e ver como evoluciona esta proposta de Ciudadanos.

Despois aceptaron tamén unha suxestión da asociación, deses veciños, que era a de como tratar aqueles espazos que se dan en zonas de dominio privado e uso público. Por entenderse, son os famosos soportais, que os ven todos, como Martipán, A Románica ou a pulpeira de Cambre. Son eses espazos que son de dominio privado, ou sexa, propiedade privada, pero o uso é público. Eles propoñían que houbera unha previa solicitude de autorización da comunidade de propietarios, e así se asestou.

A posteriori houbo unha mención por parte de ACdC onde se preguntou que pasaba con aquelas actividades que xa estaban hoxe en día debaixo deses espazos públicos e que tiñan autorización. Parecía razoable que houbera unha disposición transitoria que deixara a esa xente coa actividade que tiña, porque non parecía razoable legislar *a anteriori*, senón *a posteriori*, e tamén se aceptou.

E houbo unha mención por parte do BNG á formulación que facía Ciudadanos sobre como se trataba o tema dos audiovisuais, e que se facía cos cables e demais, moi peculiar, moi particular, pero moi interesante para a discusión. Iso, como non se podía introducir na ordenanza, o que se quedou, ou o que eles propuxeron, foi ter un recoñecemento dende cada actividade ou dende cada solicitude e que farían fincapé nese tipo de condicións.

Di que para eles é unha ordenanza que se ten pactado, tramitado e xestionado, atendendo a todos os axentes sociais que atendían, ou que estaban implicados, e que ten sido respondida polos partidos políticos coas súas alegacións. Entenden que é unha ordenanza que intentou conseguir o consenso, e entenden que é unha ordenanza necesaria e que deben poñer en funcionamento.

Conclúe dicindo que si é verdade, e a iso atenden, e en calquera ordenanza atenden, que toda ordenanza debe ter o seu seguimento, debe sacar as súas conclusións, e operar cunha resposta de modificacións en canto se vexan alteracións da propia ordenanza.

Concedida a palabra a dona Rocío Vila Díaz, concelleira do PP, manifesta que, unha vez feitas as alegacións, o seu voto vai ser a prol.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que xa dixeron con ocasión desta mesma proposta hai unhas poucas semanas que este documento era como un parto para o concello, algo que non deixa de ser bo, porque as numerosas achegas que se levan incorporando a esta ordenanza fai deste documento un documento que coidan relativamente ben pechado, pero que como texto vivo, como xa faláron respecto da primeira ordenanza que trataron neste pleno, coa súa posta en marcha seguramente se detectará, seguramente padecerá dalgúns defectos, ausencias ou carencias que terán que ir solucionando co tempo.

Evidentemente a satisfacción absoluta de todos os axentes afectados por unha ordenanza de terrazas, saben que é absolutamente imposible. Non existe a posibilidade de que todos estean de acordo en todos os puntos. A sensibilidade dos veciños non pode ser a mesma que os intereses dos hostaleiros, iso xa o saben, pero todo parece indicar que como punto de partida de encontro e convivencia, non están ante un mal documento, máis ben ao contrario.

É de xustiza que igual que cando lle teñen que tirar das orellas aos que coidan que non están á altura, tamén agradezan e feliciten a quen fai, entenden, ben o seu traballo, ou polo menos ao que se amosa receptivo e proactivo de cara a aprobar un texto consensuado. Nese sentido di que non lles doen prendas en agradecer ao Sr. Leirós a súa magnífica disposición de cara a incorporar aquelas ideas que lle trasladaron. Cónstalles que estivo aberto a calquera suxestión, tanto de hostaleiros como deles, e é moito de agradecer esa actitude.

Concretamente no seu caso, ACdC, ao que o Sr. Leirós xa fixo mención, propuxeron ante unha das modificacións que se incorporaron, a modificación da disposición transitoria única, para protexer esas terrazas que día de hoxe xa están instaladas en espazos privados de uso público, para evitar así problemas potenciais, e que esas terrazas que contan coa súa debida licenza non deban de requirir de consentimento expreso da comunidade de propietarios para continuar no uso da súa actividade, iso sempre que manteñan as características iniciais de concesión da licenza. Evidentemente apoian que calquera nova petición para unha nova terraza, si debe contar con esa autorización da comunidade de propietarios.

O que si quere facer constar é que non están de todo convencidos dos horarios que se van aprobar. Tamén é certo que unicamente se basean na intuición, non teñen datos que lles demostren que os horarios vaian ser excesivos, aínda que si pensan que este poida chegar a ser un dos puntos que deberán deixar en verea, a ver como se vai aplicando e, evidentemente, a súa obriga é estar atentos ao cumprimento estrito da ordenanza.

Conclúe dicindo que van votar a prol da proposta.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o seu voto vai ser favorable. Queren facer simplemente unha serie de matizacións menores. A primeira recomendarlle ao Sr. Leirós que desterre da súa linguaxe o termo audiovisual, porque xustamente audio non, é dicir, é unha cuestión que deu bastante debate.

Dicir que entenden que o período de asignacións e concesións de licenza de terraza ten unha periodicidade anual, co cal eles cren que vendo como funciona anualmente, está nas súas mans, de cara ao ano que vén, ver se hai aspectos que se poden limar ou mellorar entre todos, e facelo.

Mencionar tamén, porque é de xustiza, que parte deste traballo e do bo clima que se xerou nun ámbito tan difícil como é este, de cara a ter unha ordenanza reguladora á altura do que este concello merece, é labor do equipo de goberno anterior, e nomeadamente da concelleira Rocío Vila.

E pola súa parte facer unha consideración. Moitas veces parece que en Cambre non teñen moitas cousas das que presumir, ou das que alardear por aí adiante. Teñen falado moitas veces de que no seu día houbo unha ordenanza de servizos sociais exemplar, que se copiou en moitos sitios, pois el dende aquí recoméndalle aos

que gobernan actualmente en concellos cuasi limítrofes, como é o da Coruña, que tomen nota desta ordenanza, do procedemento, do que aquí se fixo, e el cre que lle será de grande utilidade para realizar unha xestión transparente, democrática, útil, do que son uns espazos públicos que teñen tamén o seu proveito, por suposto que si, para unha actividade económica privada.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que dende o seu grupo queren tamén recoñecer o gran traballo que fixeron todos os grupos, en concreto o PP e a Sra. Rocío Vila. Di que eles cando chegaron aquí xa estaba todo feito, o que era o groso de todo o traballo, e eles o único que fixeron foi suxerir ese par de puntos, froito das conversas que tiveron cos hostaleiros.

E pide que lle permitan unha suxestión sincera, eles buscaban satisfacer a todo o mundo, puxeron o seu pequeno granito de area, pero queren recoñecer que todo o traballo o teñen feito todos os grupos e queren darlles as grazas por incluír eses dous puntos na ordenanza, porque é algo que demandan tanto os hostaleiros como os clientes, e os clientes son todos, son os veciños e todos os que viven en Cambre. Dá as grazas a todos os grupos.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que soamente un matiz. Ten razón a voceira de ACdC, o horario foi proposto ás asociacións de veciños máis urbanas, como foron O Temple e Cambre, e non formularon ningunha cuestión, pero evidentemente haberá que seguilo e haberá que comentalo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro:

I. Estimar as alegacións presentadas por dona María José García Hidalgo, en representación do Grupo Municipal Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía no que se refire ao horario de apertura das terrazas, de xeito que sexa o seguinte:

- do 1 de xuño ata o 30 de setembro: ata as 2:30 horas;
- do 1 de outubro ao 31 de maio:
 - o de domingo a xoves: ata as 00:30 horas
 - o venres, sábados e vésperas de festivos: ata as 01:30 horas.

Todo o anterior, por canto que o citado horario atópase dentro da marxe permitida pola Orde de 16 de xuño de 2005, pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

No que respecta á alegación relativa á posibilidade de instalar pantallas de televisión na terraza e que se permita que en retransmisións de acontecementos de especial relevancia e previa autorización se permita a reprodución de son, débese estimar parcialmente unicamente no que se refire á posibilidade de instalar televisores, pero garantindo en todo caso que se ubiquen dentro do perímetro autorizado pola licenza e non emitan sonidos, por canto que o artigo 46 da Ordenanza municipal reguladora da protección do medio ambiente contra a emisión e recepción de ruidos e vibracións perturbadores e do exercicio das actividades de espallamento e/ou recreativas sometidas a licenza prohibe a instalación de tales aparellos tanto no exterior dos establecementos suxeitos a esta ordenanza.

II. Desestimar as alegacións presentadas por don Juan López Martínez e dona Pilar Crespo, por seguintes motivos:

- no que se refire á cláusula sen prexuízo de terceiros, por canto que é unha cláusula consolidada dende o Regulamento de Servizos de 1955, que significa que as licenzas administrativas non autorizan a descoñecer outros dereitos que podan concurrir sobre o obxecto da licenza e que poidan ser prevalentes;
- no que se refire á necesidade de dar audiencia aos propietarios dos inmobles afectados, por canto que se trata dunha regulación que afecta a espazos públicos, que son de uso común de todos os cidadáns, sen que se poda facer depender a concesión dunha licenza da vontade de terceiros;
- no que se refire aos horarios, por canto que o horario que foi aprobado, atópase dentro da marxe permitida pola Orde de 16 de xuño de 2005, pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo de que este poida ser modificado cando se constaten molestias por ruidos previa tramitación do oportuno expediente contradictorio;
- no relativo ao suplemento na tasa para solicitar a licenza durante todo o ano, por canto que esta é unha cuestión que se debe considerar na oportuna Ordenanza fiscal e non na presente;
- no relativo á prohibición de superar un aforo determinado, non procede por canto que suporía restrinxir o uso común que corresponde a todos os cidadáns;
- no relativo á considerar o incumprimento do horario como infracción moi grave, por canto que xa se prevén outras alternativas, como a súa consideración como moi graves en caso de reincidencia ou cando se exceda o horario en máis de unha hora;
- no relativo ao importe das sancións, por canto que estas se atopan nos límites establecidos pola Lei 7/1985, do 4 de abril de bases do réxime local.

Débase, non obstante, estimar a alegación relativa á necesidade de obter a autorización da comunidade de propietarios afectada, unicamente para os casos nos que a instalación se pretenda realizar nun espazo privado de uso público, considerándose nese caso preceptiva a dita autorización por canto que o dereito a instalar unha terraza supón unha utilización especial do ben, que implica unha maior intensidade de uso que a que supón o uso común, e que por afectar a un terreo que é de titularidade privada, implica a necesidade de que esta maior intensidade de uso sexa autorizada polos titulares, xa que excede do que pode exixir a administración como garante do dereito dos cidadáns a utilizar os terreos de uso público conforme ao seu destino.

Segundo: En vista do exposto no número anterior, modificar os artigos que a continuación se relacionan, e que quedarán redactados como se indica, permanecendo o resto do articulado coa redacción aprobada pola Corporación municipal en Pleno, en sesión ordinaria de data 29 de xullo de 2015:

Artigo 4.-Solicitudes.

As solicitudes presentaranse acompañadas da seguinte documentación:

f.- No caso de terrazas situadas en espazos privados de uso público incluírse ademais como documentación específica documento acreditativo da autorización dos titulares do emplazamiento, que cando sexa unha Comunidade de Propietarios deberá estar suscrita polo representante legal da mesma mediante acordo adoptado ao efecto.

Artigo 16.-Horario.

2.- O horario de funcionamento da instalación será o seguinte, sen que en ningún caso poida exceder do horario que corresponda coa licenza de apertura da actividade ou comunicación previa no seu caso:

- do 1 de xuño ata o 30 de setembro: ata as 2:30 horas;
- do 1 de outubro ao 31 de maio:
 - o de domingo a xoves: ata as 00:30 horas
 - o venres, sábados e vísperas de festivos: ata as 01:30 horas.

Artigo 18.- Prohibicións

3. Non se permitirá a instalación e uso nas terrazas de equipos de música, amplificadores e outros elementos que produzan emisións acústicas de calquera tipo. Únicamente se permitirá a instalación de televisores, sempre en cando se ubiquen dentro do perímetro autorizado pola licenza da terraza e coa garantía de que non se emita sonido algún.

Terceiro: Aprobar definitivamente a presente Ordenanza, debéndose proceder á publicación do seu texto íntegro no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

2.9. Proposta de aprobación das tarifas e reducións do programa “Mañanceiro” de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos CEIP do Concello de Cambre

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Benestar Social e Educación e do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos do día 16 de outubro de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“Por resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos de 9 de xullo de 2015, acordouse incoar expediente de contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de adxudicación) para adxudicar a concesión do Programa “Mañanceiro” de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos CEIP do Concello de Cambre.

Visto que con data 15 de xullo de 2015 no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña se publica o anuncio de procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) da concesión do programa “Mañanceiro”, de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Cambre.

Visto o informe da animadora deportiva adscrita a educación, co conforme do coordinador de actividades culturais e educativas sobre a aprobación das tarifas do programa Mañanceiro logo da nova contratación deste servizo para o curso 2015-2016.

Considerando o previsto nos artigos 148 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que sinala que para a validez das tarifas se require que as mesmas sexan fixadas e aprobadas pola Corporación titular do servizo.

É por iso polo que se propón ao Pleno da Corporación:

Primeiro: Aprobar as seguintes tarifas e reducións do programa “Mañanceiro” de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos CEIP do Concello de Cambre:

Mes completo	Centros de 1,5 horas	Centros de 2 horas	Centros de 2,5 horas
Con almorzo (IVE do servizo de almorzo incluído, 10%)	43,20 €	53,20 €	55,20 €
Sen almorzo	30,00 €	40,00 €	42,00 €

Días soltos	Centros de 1,5 horas	Centros de 2 horas	Centros de 2,5 horas
Con almorzo (IVE do servizo de almorzo incluído, 10%)	1,91 €	2,06 €	2,16 €
Sen almorzo	1,25 €	1,40 €	1,50 €

Tarifa Xeral: O Concello de Cambre aboará, sobre o 100% do importe das tarifas por alumno, o 20% do custe por alumno e o 80% restante, se aboará polos usuarios mediante o pago á entidade adxudicataria da correspondente tarifa.

Tarifas con desconto do 30 % en función do nivel de renda: Tamén custeará sobre as tarifas por alumno un 30% para outro número de alumnos que con base na seguinte baremación sumen 4 puntos ou máis:

a) Con base nos ingresos económicos, segundo a renda “per cápita” mensual e en relación ao número de fillos que soliciten o programa:

RENDA "PER CÁPITA" MENSUAL	1 fillo	2 fillos	3 o máis fillos
Ata 276,30 euros	3 puntos	4 puntos	5 puntos
276,31 euros - 367,88 euros	2 puntos	3 puntos	4 puntos
367,89 euros - 613,12 euros	1 puntos	2 puntos	3 puntos
613,13 euros - 858,37 euros	0 puntos	0 puntos	1 punto

A persoa que o solicite deberá achegar as autorizacións para que o concello de Cambre recabe datos da Axencia tributaria estatal (AEAT) relativos ao nivel de renda dos membros da unidade familiar. A renda "per cápita" mensual familiar obtense por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza.

Para aqueles membros da unidade familiar que presenten declaración do imposto sobre a renda, para os efectos do cálculo da renda familiar, sumaranse os recadros da base imponible xeral e da base imponible do aforro que consten no certificado de nivel de renda; no caso de non figurar estes recadros no certificado da AEAT de nivel de renda, teranse en conta os recadros relativos ao "Nivel de renda".

Nos supostos de non efectuar declaración da renda no último exercicio, por non estar obrigado a elo, se terán en conta a suma dos rendementos do traballo, rendementos do capital mobiliario, ganancias patrimoniais sometidas a retención menos os gastos deducibles do traballo. (No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda familiar).

Para acreditar aqueles supostos nos que concorran circunstancias que modificaran a situación familiar existente no ano da última declaración deberá documentarse o actual exercicio de toda a unidade familiar, aportando a seguinte documentación:

En caso de separación ou divorcio, certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa (liquidadas no actual exercicio) que apareza na vida laboral ou certificado do empregador.

En caso de desemprego, certificado de vida laboral, achegando certificado da Oficina de Emprego, no que se indiquen as prestacións que se perciben actualmente e os períodos correspondentes e/ou segundo proceda, certificado de haberes dos meses nos que se traballara e, en caso de desemprego, en percibir prestación, achegarse, so certificado de vida laboral.

En caso de viuvez, xustificante da pensión de viuvez e/ou certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa (liquidadas no actual exercicio) que apareza na vida laboral ou certificado do empregador.

b) Por ser familia monoparental: 3 puntos.

Tarifas con desconto do 50% para familias numerosas: No caso de familia numerosa aplicarase un 50% de desconto sobre a tarifa correspondente a cada un dos participantes, para o que a persoa que o solicite deberá achegar fotocopia do título de familia numerosa.

Tarifas con bonificación do 100% para familias en situación ou risco de exclusión social, logo do expediente tramitado a teor do establecido na Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio - familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar.

Prevalecerá a redución de maior contía naqueles casos nos que ao solicitante se lle poida aplicar varios descontos, non sendo acumulables.

Segundo: Publicar as tarifas e reducións aprobadas para xeral coñecemento."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente e pola Comisión Informativa de Benestar Social, Cultura, Deportes e Xuventude de data 21 de outubro de 2015.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, explica que a proposta que traen a pleno é a de aprobar as tarifas e reducións do programa Mañanceiro, que son o resultado produto dun proceso



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

de licitación do servizo. Como puideron comprobar, prodúcese un descenso significativo das tarifas respecto das que se viñan aplicando ata este momento, un descenso cuantificado entre un 10 e un 20%.

Ten que recoñecer, así mesmo, o esforzo que fai a empresa adjudicataria, que ten presentado a mellor oferta técnica e o prezo máis baixo. Dicur que se manteñen as reducións, e permítese lembrar que con carácter xeral o concello custea o 20% do servizo e as familias o 80%. Logo hai unha serie de bonificacións do 30 e 50% en función da natureza da unidade familiar, familias monoparentais un 30%, familias numerosas un 50%. Estas porcentaxes non se modifican, porque seguramente afectarían ao importe total de licitación, iso nun contexto, nun escenario de orzamento prorrogado.

A proposta tamén inclúe a eliminación do número de tres familias por centro, tres alumnos por centro que puideran acollerse á gratuidade do servizo, logo do informe de servizos sociais. Entenden que no actual escenario económico e social esta é unha cifra insuficiente e aleatoria, como confirman o número de solicitudes, que neste caso superan as quince que recolle a ordenanza.

Conclúe dicindo que está a disposición do Pleno para aclarar canto estimen conveniente.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que ela quería comezar por reprocharlle ao Sr. concelleiro, porque o día 7 de outubro teñen pedido un informe do programa Mañanceiro, un informe de solicitudes, unha serie de datos. Nas comisións da semana pasada díxolles que llelo tiña enviado, e Correos funciona mal, pero ela cre que non tanto.

Dixo tamén que se non lles chegaba, que llelo facía chegar na oficina municipal. A día de hoxe non teñen nin ese informe, nin outro informe que non ten que ver con este tema, pero que é tamén sobre as obras dos colexios, que solicitaron o día 25 de setembro e repetiron o 7 de outubro, e que a día de hoxe tampouco teñen recibido. Di isto como queixa, para poder facer unha avaliación do programa, loxicamente, e para poder facer o seu traballo, é a queixa que lle presenta.

Continúa dicindo que empezaría un pouco tamén por como se expresan as cousas na páxina web do concello, porque dise que "O Goberno local pretende cubrir o almorzo de todos os escolares de Cambre cuxas familias se atopan en risco de exclusión social". Dá a impresión de que ata o de agora os nenos de familias con exclusión social non tiñan dereito ao Mañanceiro, nin tiñan dereito aos almozos, cousa que é mentira, porque aínda que había un tope de nenos por centro, nos anos que leva posto en marcha o Mañanceiro, nunca se deixou ningún neno fóra do programa, é dicir, a todos os que o solicitaron a través de informes das traballadoras sociais, se lles concedía, sempre.

A única vez é este ano, parece ser e segundo lle din, porque ela non ten os datos, que se solicitaron máis, co cal está de acordo totalmente coa modificación da ordenanza, porque se un só neno de Cambre pode quedar sen almorzo cando unha traballadora social pensa que debe estar con almorzo no Mañanceiro, ela está totalmente de acordo con facer esa modificación.

Despois dixo o Sr. concelleiro que teñen unha redución do 10%. Ben, agora o explicou un pouco, pero realmente esa redución do 10% nas tarifas foi motivada, como vén sendo habitualmente todos os anos dende a creación do Mañanceiro, porque houbo máis solicitudes de pais, que solicitaron máis servizo do Mañanceiro, e ao mesmo o seu agradecemento tamén á empresa, que fixo un esforzo importante dando un servizo bastante á baixa. Non é mérito do Goberno, simplemente foi a empresa e máis solicitudes, co cal tamén felicita aos pais que loxicamente van pagar menos.

Por outro lado, despois das discusións que tiveron aquí coas tarifas do programa Mañanceiro no anterior mandato, que lles dicían que non tiñan sensibilidade social porque sobre o 100% do custo por alumno o concello asumía un 20%, e os pais asumían un 80%. Houbo discusións longas no mes de febreiro do ano pasado, no mes



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

de xullo do ano pasado e di que cal é a súa sorpresa cando despois de ter feito unha nova adxudicación do servizo, resulta que seguen as mesmas tarifas, cando moitos pais, á parte do 10%, poderíanse ter beneficiado deses descontos de bonificación, que os pais asumiran un 70% e o concello o 30%.

Conclúe dicindo que nestes momentos de crise económica, como di o Sr. Bao, e de precariedade familiar, pensa que sería unha bonificación coa baixa da empresa e, ao mesmo tempo, unha redución máis da que se poderían beneficiar máis de 130 familias.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que se van abster.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, expón que como manifestaron nas comisións informativas da semana pasada, van apoiar toda medida que loite contra a precariedade social, polo tanto, o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que eles consideran que o programa Mañanceiro exerce un servizo social moi importante, e o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que, brevemente, para responder por alusións ao que dixo a concelleira do PP. Dille que empezando polo informe, a el cónstalle que ese informe está realizado, el viuno, e está enviado, tamén lle consta que está enviado. Non sabe se o teñen recibido ou non, pero a el cónstalle e despois das comisións informativas preguntou para confirmar se o informe se tiña enviado, e así se fixo. En calquera caso, se queren unha copia ademais da que se enviou por correo, poden facer dúas cousas, entrégallela el, ou eles poden acudir ás dependencias de servizos sociais e alí terán esa copia que lle din.

Respecto do informe dos colexios que a concelleira dicía, a el non lle ten chegado esa petición, pero seguramente lle terá chegado a outro departamento que lle dará cumprida información do que expón.

O que dicía de que non é mérito do Goberno, que é mérito da empresa adxudicataria. El xa o dixo na súa exposición, entre outras cousas porque é o resultado de envorcar un proceso de licitación. Aquí ten habido un procedemento, téñense presentado varias empresas con varias propostas, e a mesa de contratación tense decantado por unha proposta, que neste caso é a que reunía a maior puntuación dende o punto de vista técnico, e presentaba a oferta económica máis baixa.

Di que ten recoñecido publicamente, e volve repetilo se non ten quedado claro, o esforzo que lle consta que ten feito a empresa adxudicataria, que se ten remontado, tense retrotraído, a prezos de hai catro anos.

Respecto da porcentaxe, dille que eles cando chegaron o procedemento xa estaba en marcha. O que teñen feito é apuralo, para que coincidira co inicio do curso escolar. O contrato asínase o mesmo día que comeza o curso. E como dicía moi ben o voceiro popular, non é o mesmo estar na oposición que gobernar, e o PP agora defende o que no seu momento votaron en contra.

Dille, e tamén lle lembrou nas pasadas comisións informativas, que esa porcentaxe da que a Sra. concelleira fala, vai vela, claro que a verá proximamente, cando este Goberno, se pode, eleve e aprobe uns novos orzamentos. A verá máis cedo que tarde.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel manifesta que simplemente por alusión, que lle estraña que uns documentos que van por correo certificado, que saben perfectamente cando os reciben, que poidan tardar máis de 15 días. E di que hai correo electrónico, e ela cre que se pode mandar a documentación antes do pleno, porque o Sr. concelleiro tiña coñecemento de que eles non tiñan eses datos.

Engade que tamén lle volverá reiterar o dos colexios, porque non o solicitou unha vez, solicitouse dúas veces, e se el é o concelleiro de Educación, ela supón que terá que reclamar a ver porque non lle ten chegado esa documentación. Dúas veces se pediu.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON.

A Corporación, por dezoito votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.10. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2015

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Cultura e Tradicións Populares, da concelleira delegada da área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre e do concelleiro delegado da área de Benestar Social e Educación de data 15 de outubro de 2015, que consta do seguinte teor literal:

“Está no ánimo desta Corporación municipal apoiar ás entidades municipais sen ánimo de lucro no desenvolvemento das actividades culturais, deportivas, educativas e festivas que desenvolven e redunden en beneficio dos veciños e veciñas de Cambre, mediante a concesión de axudas ou subvencións xa que son a principal ou máis importante das actividades de fomento que desenvolven as administracións públicas.

As bases que se presentan teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade para prestar servizos e realizar as actividades que complementen ou suplan aos atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio.

Considerando o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da antedita lei, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa administrativa reguladora das axudas e subvencións públicas, así como no Título V das bases de execución do orzamento para o exercicio 2015, en canto a convocatoria de subvencións, especialmente as non nominativas de concesión en réxime de concorrencia.

Por todo isto dende as áreas implicadas proponse ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: aprobar as bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2015, que se achegan como anexo I.

Segundo: aprobar os modelos normalizados de solicitude, xustificación e cartel demostrativo da difusión da contribución do Concello ás actividades, e que se achegan como anexos II, III e IV respectivamente.

Terceiro: publicar as bases no Boletín oficial da provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e comunicar, mediante cartas personalizadas, a tódalas asociacións inscritas no Rexistro Municipal a publicación destas Bases.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Benestar Social, Cultura, Deportes e Xuventude de data 21 de outubro de 2015.

Concedida a palabra a don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de UxC, explica que traen xa bastante tarde as bases, por diversas circunstancias, e o que se trata é de aprobar as bases para as subvencións a entidades sen ánimo de lucro dentro do concello.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que aquí se trata, efectivamente, como dixo o concelleiro de Cultura, que van tarde para aprobar as bases, moi tarde, hai moitas entidades sen ánimo de lucro que necesitan isto como o comer. Pola súa parte, loxicamente van votar este punto a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que vaia por diante que efectivamente tamén van votar a prol desta proposta. E queren facer un comentario respecto deste tema, para que tamén se anote nese famoso caderno virtual que xa están elaborando de asuntos pendentes e urxentes. Coidan que é necesaria tamén unha revisión da totalidade das subvencións que actualmente existen no Concello de Cambre. Determinados datos poden estar incluso desvirtuados ou desactualizados.

Di que non está de máis lembrar que o obxecto da subvención, porque as veces fálase de subvención como feito consumado, pero o obxecto da subvención é algo que todos saben. É que determinadas actividades que se realizan dende o ámbito privado, redunden no ben público, e non nos suxeitos subvencionados. Quere dicir con iso, por poñer un exemplo, que unha viaxe cultural, insiste en que é un exemplo, redundando no ben de quen fai a viaxe, pero non no ben público, iso non sería subvencionable.

Normalmente existe a figura ou o instrumento, non ten coñecemento de que aquí se estea utilizando, de que un Goberno novo, de nova entrada, estableza un plan estratéxico de subvencións, que consistiría en fixar un documento coas liñas básicas de actuación e os criterios fixados para conceder esas subvencións. O que adoita constar nese plan estratéxico de subvencións que determinados gobernos si levan adiante, e parécelle que con bo criterio, é canto queren, eles ou ese Goberno, destinar a subvencións, e para que actividades. É dicir, que é o que quere ese Goberno promover ou primar, e todo iso pódese facer a longo prazo para un período de catro anos.

Di que iso vai obrígalos e levalos a facer tamén un estudo das que actualmente existen, en que termos están concedidas, ou quen pode non gozar dunha subvención, e non obstante, ao seu parecer ou ao parecer do Goberno, estar facendo un labor suficientemente interesante como para querer subvencionalo.

De todos os xeitos, con plan estratéxico ou sen el, o que non poden permitir é o que xa adiantaban, é que se repita que estean aprobando no mes de outubro as subvencións deste ano, porque hai moitas asociacións e entidades que dependen desas cantidades para poder exercer a súa actividade.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo van votar a prol. Fixeron unha serie de consideracións nas comisións previas ao pleno, e cren que tiveron moi boa receptividade por parte do concelleiro Ramón Boga. E dalgunha maneira facéndoo público, consideran que isto hoxe faise tarde, mal e arrastro e aínda así teñen que votar a prol, por suposto que si, porque detrás de todo isto hai un tecido asociativo que é un auténtico pulmón para Cambre e que merece toda a súa consideración e respecto.

E en función desa consideración, dese respecto e desa estima consideran que para o ano que vén débense reformular estas bases para darlle moitísimas facilidades á xente que pon parte do seu tempo, das súas preocupacións, moitas veces tamén dos seus cartos, para facer multitude de actividades que dan vida a este concello. Polo tanto, o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que eles vanse abster porque seguen considerando que os criterios de valoración son algo difusos, deixando unha marxe á arbitrariedade. Pregunta como poden aplicar os mesmos criterios a unha actividade deportiva única, a un club, por exemplo, que a unha cultural periódica, un contacontos semanal. Ao igual que pediron coas bolsas de deportistas que se concretara máis, deben pedir unha maior concreción neste tema tamén, non obstante, vanse abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON e os dous concelleiros do BNG. Abstense a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por dezanove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2015, que se achegan como anexo I, tal e como se transcriben a continuación:

BASES CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO 2015

Disposición xeral

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión de subvencións municipais, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade para contribuír ao fomento de servizos e actividades que complementen ou suplan aos atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio.

A.- Obxecto da subvención

O obxecto da presente convocatoria é apoiar ás entidades municipais sen ánimo de lucro no desenvolvemento de actividades culturais, deportivas, educativas e festivas, así como na dotación de equipamentos que lles resultan necesarios, mediante a concesión de axudas económicas con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do orzamento de 2015.

1. 324 48900 "ANPAS e Centros Escolares".- Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar actividades de promoción educativa, culturais e deportivas nos centros de educación do concello. Consignación 8.000,00 euros
2. 334 48900 "Entidades culturais non lucrativas".- Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar actividades culturais. Consignación 25.000,00 euros
3. 341 48900 "Entidades deportivas non lucrativas".- Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar actividades deportivas. Consignación 22.000,00 euros
4. 334 780 "Transferencias capital entidades culturais".- Transferencia de capital a entidades culturais sen fin de lucro para investimentos en equipamento e/ou infraestrutura. Consignación 4.000,00 euros
5. 341 780 "Transferencias capital entidades deportivas".- Transferencia de capital a entidades deportivas sen fin de lucro para investimentos en equipamento e/ou infraestrutura deportiva. Consignación 7.000,00 euros
6. 338 48900 "Outras entidades non lucrativas".- Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para a organización de festas parroquiais e outras actividades de interese xeral ou sectorial. Consignación 25.000,00 euros

Con esta convocatoria o concello de Cambre apoia a realización de actividades de distinta índole, deportivas, culturais, lúdicas... que contribúan a un maior benestar xeral, fomenten a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación e cuxos destinatarios sexan maioritariamente de ámbito municipal. En ningún caso serán subvencionables as actividades que se organicen conxuntamente co concello ou nos que colabore de forma económica.

B.- Beneficiarios

Poderán optar a estas subvencións as entidades ou asociacións xuridicamente constituídas e inscritas no rexistro municipal de entidades veciñais do Concello, os comités veciñais e as ANPAS e centros educativos do concello de Cambre, que cumpran os seguintes requisitos:

1. - Carecer de fins de lucro.
2. - Desenvolver a súa actividade dentro do termo municipal de Cambre.
3. - Non ter pendente de xustificar a subvención municipal concedida no exercicio anterior, e no caso de que así fose, ter concedida unha prórroga ou ter desistido de forma motivada e por escrito.
4. - Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
5. - Ter un mínimo de 15 socios (agás as entidades que pola súa natureza non lles sexa de aplicación).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

6. - Ter actualizados os datos no antedito Rexistro municipal, tendo en conta que toda modificación deberá comunicarse no mes seguinte ao seu acontecemento; e o orzamento e o programa anual de actividades comunicaranse no mes de xaneiro de cada ano, ou realizado no prazo de presentación da solicitude de subvención.
7. - Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvencións (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

C.- Documentación

As solicitudes de subvención presentaranse no rexistro de entrada do Concello, no modelo normalizado que se facilitará neste mesmo rexistro ou nas seccións de Cultura e Deportes, e no que constará:

1.- Memoria explicativa da actividade ou investimento a realizar no exercicio 2015, e para a que se solicita a subvención e no que se fará constar, de forma cuantificada os obxectivos que se han de acadar con estas actividades, con mención especial ao número de beneficiarios/participantes, número de actividades e días nos que se desenvolverán.

No suposto de que a actividade para a que se solicite a subvención se realice conxuntamente con outras entidades, deberá facerse mención expresa de isto na memoria.

2.- No suposto de investimento en inmobles deberá acreditar calquera destas condicións:

- A titularidade do inmovible se a entidade é a propietaria.
- A autorización e cesión do uso do inmovible, por parte dos propietarios a prol da entidade sen fin de lucro, cunha duración mínima de cinco anos a contar dende o ano 2015.
- Ou a autorización para facer o investimento, cando os propietarios sexan entidades de carácter social ou relixioso, ou no caso de inmovible municipal do órgano municipal competente.

3.- Orzamento de gastos e forma de financiamento previsto, na que se fará mención específica ao importe da subvención solicitada ao concello, e as solicitudes ou concesións doutras subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo fin.

4.- Os comités veciñais presentarán, ademais, a acta fundacional coa relación dos seus compoñentes, unha fotocopia do CIF solicitado para o efecto e certificación da conta bancaria aberta para a finalidade.

5.- Autorización para recadar datos da Axencia Tributaria de estar ao corrente das súas obrigas tributarias.

6.- Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

O departamento correspondente revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resultase que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de DEZ días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

D.- Prazo de solicitude

O prazo para presentar as solicitudes é dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte á publicación destas bases no *Boletín Oficial da Provincia*.

E.- Importe

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal cantidade que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, e dos ingresos propios para o mesmo obxecto supere o custo total da actividade que vai ser realizada polo beneficiario.

Con carácter xeral, o importe da subvención municipal a conceder será como máximo do 80% do custo total da actividade, sen prexuízo de que o Concello poida variar esta porcentaxe en función do interese da actividade subvencionada, xustificándoo debidamente no expediente, polo órgano xestor da subvención.

En todo caso, o importe máximo a subvencionar por solicitante e obxecto será de 3.000,00 euros.

Establécese un coeficiente de financiamento do 80%, e así, o importe que se ha de xustificar para poder cobrar a totalidade da subvención concedida será o resultado de dividir o importe desta subvención por 0,80.

F.- Concesión das subvencións

- 1.- Previamente á concesión, comprobarase de oficio que as entidades solicitantes non teñen débedas tributarias pendentes.
- 2.- Tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, e resolverá o outorgamento das subvencións o Alcalde ou, en caso de delegación, os concelleiros das áreas correspondentes, logo da proposta da Comisión de Avaliación.

A Comisión de Avaliación estará formada por:

- Presidente: Alcalde ou persoa en quen delegue
Secretaría: Secretaria xeral ou funcionario en quen delegue
Vogais: Interventor ou funcionario en quen delegue
Concelleiro delegado da Área de Benestar Social e Educación
Concelleiro delegado da Área de Cultura e Tradicións Populares
Concelleira delegada da Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre
Persoal da área de Cultura, Educación e Deportes

G.- Criterios de avaliación

Os criterios para a concesión das axudas serán os seguintes:

- 1.- Representatividade no municipio, gozando de especial preferencia aquelas entidades que colaboraron, durante o 2014, en actos/actividades organizadas polo concello de Cambre. (30 puntos)
- 2.- Número de actividades/competicións, participantes/beneficiarios empadroados no concello e horas de actividade, así como o interese xeral ou sectorial da actividade. (25 puntos)
- 3.- Capacidade económica autónoma e no que se distinguirá (ata 20 puntos):
 - A porcentaxe do proxecto subvencionada por este concello durante o 2014.
 - A porcentaxe que supón o importe solicitado ao concello de Cambre para o proxecto do 2015.
 - A porcentaxe que supoñen outros ingresos en concepto de achegas realizadas por patrocinadores privados e cotas de socios/participantes.
- 4.- Carácter periódico ou permanente das actividades subvencionadas excepto que se trate de actos concretos e de carácter puntual que inciten á participación social, cultural ou deportiva (10 puntos)

5.- Actividades nas que se acredite a participación de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social. (10 puntos)

6.- Organización de actividades, obxecto desta subvención, que favorezan a conciliación da vida laboral e familiar (5 puntos)

H.- Obrigas do beneficiario

As entidades subvencionadas terán que:

- 1.- Realizar a actividade ou adquirir os equipamentos para o que se outorgou a subvención.
- 2.- Acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención, coa presentación en prazo da documentación xustificativa prevista na base K.
- 3.- Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á Intervención municipal.

4.- Comunicarlle ao Concello, tan pronto como teñan coñecemento, a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.

5.- Sinalar na difusión que se faga das actividades que contan co financiamento do Concello coa expresión “subvencionada Concello de Cambre”. A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividade será o galego. A publicidade de que a actividade da entidade conta coa subvención do Concello, deberá constar sempre nas sedes das entidades respectivas en lugar visible, durante un período dun ano contado dende o día seguinte ao de data de notificación da subvención concedida, e en todo caso no lugar onde se desenvolva a actividade subvencionada, segundo o modelo do cartel que se aproba xunto coas seguintes bases. En caso de que se subvencionen investimentos en bens inmobles o cartel deberá constar en lugar visible no inmovible respectivo durante un período dun ano. No caso de que a entidade teña web propia deberá facer constar na mesma a colaboración do Concello ao publicitar as actividades.

6.- Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que se realizan.

7.- Cumprir con calquera outra obriga reflectida no artigo 14 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou coa apertura do expediente de reintegro da subvención indebidamente percibida.

I.- Notificación e publicidade da resolución

A resolución da concesión de subvencións será notificada a todos os solicitantes de forma fidedigna, nun prazo máximo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A relación de subvencións concedidas baixo esta convocatoria, publicarase no taboleiro de anuncios do concello e na web oficial do concello de Cambre (<http://www.cambre.org>) con expresión da convocatoria, beneficiarios e achegas percibidas, nun prazo máximo dun mes a partir da data de resolución do programa.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderanse formular os recursos que procedan.

K.- Xustificación

K.1. Documentación xustificativa:

Os peticionarios deberán xustificar a realización da actividade ou proxecto subvencionado mediante a presentación no rexistro de entrada do concello, do modelo normalizado de xustificación que conterá:

1.- Unha memoria xustificativa do programa realizado que avalíe os resultados e que terá os seguintes contidos:

- ⊖ Certificación da realización do programa/investimento
- ⊖ Localización e influencia territorial das actividades
- ⊖ Número de actividades realizadas, días da súa realización e usuarios das mesmas.
- ⊖ Valoración dos obxectivos propostos e resultados obtidos
- ⊖ Desviacións respecto das previsións iniciais

2.- Fotografía do Cartel en modelo normalizado colocado en lugar visible na sede da entidade, ou lugar que se estableza no apartado H.-5 das bases, demostrativo de que se efectúa a difusión da subvención concedida, tal e como se esixe nas presentes Bases.

Tríptico ou similar, no que se divulgue e promocióne a actividade/ investimento e no que debe figurar o Concello de Cambre como entidade subvencionadora tal e como se refire o apartado H-5 das bases. En caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse este extremo.

3.- Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor, dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (número de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión e de pagamento).

Admitiranse xustificantes correspondentes a actividades ou investimentos realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

Dita relación deberá comprender todos os gastos realizados polo beneficiario para o desenvolvemento da actividade, aínda que o seu concepto non sexa subvencionado polo Concello, para os efectos de comprobar que o gasto realizado non é inferior aos ingresos percibidos e imputables ao obxecto a subvencionar.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas, cotas da actividade e demais ingreso propios imputables, supere o custo da actividade. En tal caso reducirase a aportación municipal de forma proporcional.

4.- Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas:

As facturas deberán especificar de forma detallada, o número e características dos servizos prestados ou do material adquirido, prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallan os anteditos aspectos.

a.- As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza, que xeren gastos de persoal, xustificaranse mediante nóminas, e os demais gastos correntes coas correspondentes facturas ou, en ambos os dous casos, coas súas fotocopias debidamente compulsadas.

b.- As subvencións que teñan por finalidade a realización de investimentos en bens de equipo xustificaranse coa factura orixinal ou fotocopia debidamente compulsada dos provedores.

c.- As subvencións que teñan por finalidade a realización de obras xustificaranse, coas facturas orixinais ou fotocopias compulsadas que expida o contratista e coa certificación asinada por un técnico colexiado competente no caso de obras de importe superior a 30.000,00 euros.

Deberá estenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención por parte do concello de Cambre. No caso de presentar fotocopias, deberá estenderse a dilixencia antes de facer a copia.

5.- Declaración da totalidade das axudas públicas ou privadas solicitadas, e das concedidas durante o ano 2015 para o mesmo obxecto, así como dos ingresos propios afectados á actividade ou investimento subvencionado ou pola contra, declaración de non ter outras axudas para o mesmo obxecto.

6.- Declaración dos ingresos propios obtidos e afectados á actividade ou investimento subvencionado.

7.- Documento de datos fiscais da entidade actualizados, tales como denominación completa, CIF, domicilio social e número de conta para os efectos do pagamento da subvención, debidamente asinado polo presidente e o tesoureiro da entidade.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. Pasado o dito prazo archivarase a solicitude e non terá dereito a reclamación.

O concello de Cambre poderá requirir da entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

K.2 Prazo de xustificación

O prazo de xustificación comeza a contar dende o día seguinte á comunicación da concesión da subvención, e rematará o 15 de marzo de 2016. Este prazo poderá prorrogarse ata un máximo de quince días máis por pedimento do solicitante ou por proposta razoada da unidade xestora.

De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido nestas bases ou na prórroga autorizada, ou non desistir de forma motivada e por escrito dentro do mesmo prazo, entenderase que renuncia á subvención concedida.

Estes prazos, así como o de presentación de solicitudes, entenderanse sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

K.3 Gastos subvencionables.

1.- Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade subvencionada, teñan relación directa co obxecto que se subvenciona, se axusten aos conceptos relacionados na solicitude, e se realicen dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2015.

En particular teranse en conta as seguintes regras:

- a) Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.
- b) Nas viaxes culturais, poderán xustificarse gastos de desprazamento e aloxamento, pero nunca de alimentación.
- c) En xeral, non se admitirán como gastos as facturas relativas a alimentos e bebidas, agás os produtos típicos das celebracións tradicionais de Nadal, Entroido, Magosto, Primavera, San Xoán e Romarías tradicionais históricas.
- d) O importe que se xustifique en concepto de gastos correntes de administración xeral (alugueres, pólizas de seguros, luz, gas, auga, teléfono, consumibles de oficina, etc.) non poderá superar o 20% do importe total do presuposto a xustificar, e debe xustificarse a súa relación directa co obxecto subvencionado.
- e) Non se admitiran como gasto aqueles que correspondan a atencións protocolarias.
- f) En ningún caso se admitirán como xustificante de gastos as cantidades satisfeitas ao Concello en concepto de tributos municipais, como é o caso das taxas por utilización das súas instalacións deportivas, nin en concepto de prezos públicos.
- g) En ningún caso se admitirán como xustificante de gastos os relativos á celebración das festas de fin de curso e outras tales como entroido, nadal, etc... nos centros escolares.
- h) Os gastos que se xustifiquen mediante "liquidación de indemnizacións en concepto de desprazamento" deberán axuntar documentación complementaria que acredite que as liquidacións se corresponden coa actividade subvencionada (trípticos, calendarios de actividades/ competicións, certificacións de asistencia...). Nas liquidacións deberán constar obrigatoriamente os seguintes datos: as datas do/s desprazamentos e os quilómetros percorridos, o lugar de inicio e destino de cada un dos desprazamentos, así como o motivo do desprazamento.

2.- Cando o importe do gasto subvencionable supere a cantidade de 12.000,00 euros na subministración de bens de equipo ou servizos de asistencia técnica, ou 30.000,00 euros en obras de infraestrutura e equipamento, a entidade deberá solicitar como mínimo tres orzamentos de diferentes provedores (salvo que polas características do gasto non exista mercado suficiente ou salvo que o gasto se realizase antes da solicitude de subvención), debendo xustificarse expresamente cando non recaia na empresa máis vantaxosa.

L.- Pagamento da subvención

Vista a documentación xustificativa presentada, logo do informe-proposta das Áreas de Cultura, Educación e Deportes e do informe de fiscalización da intervención municipal, o órgano competente valorará se se cumpriu a finalidade básica obxecto da subvención e, neste caso, aprobará os xustificantes presentados, correspondéndolle ao concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos o recoñecemento das obrigas correspondentes, así como a aprobación do pagamento mediante transferencia bancaria.

O importe que se ha de xustificar para poder cobrar a totalidade da subvención concedida será o resultado de dividir o importe desta subvención por 0,80.

- 1.- No suposto de presentar a totalidade da documentación xustificativa, que se certifique o cumprimento dos obxectivos con respecto ás previsións iniciais, e se xustifique o 100% do importe que se ha de xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
- 2.- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, polo menos do 45% do importe que se ha de xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
- 3.- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 45% do importe que se ha de xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa subsanación. Pasado o dito prazo arquivarase a solicitude e non terá dereito á reclamación.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

Excepcionalmente, e unha vez comunicada a concesión das subvencións, as entidades que sexan beneficiarias dunha subvención, poderán presentar unha solicitude razoada de anticipo do importe concedido, no Rexistro xeral deste Concello. A aprobación dos anticipos realizarase por resolución de Alcaldía ou Concellería delegada, e estará condicionada a:

- Informe xustificativo emitido polo responsable do servizo.
- Proposta do concelleiro delegado da área que corresponda.
- Constitución dunha garantía por importe do anticipo a favor do Concello de Cambre.

M.- Incorporación ao Rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, será remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

Disposición adicional primeira

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Cambre, e demais normativa aplicable.

Segundo: Aprobar os modelos normalizados de solicitude, xustificación e cartel demostrativo da difusión da contribución do Concello ás actividades, e que se achegan como anexos II, III e IV respectivamente.



Anexo II

FORMULARIO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN MUNICIPAL 2015

(cada entidade cubrirá un por aplicación)

DATOS DA ASOCIACIÓN:

Entidade:..... CIF:.....

Enderezo:..... Parroquia:.....

CP:..... Tlf:..... núm. Rex. Municipal:.....

Representante:..... Tlf:.....



Solicita:

- 324.48900 Transferencias correntes a ANPAS e centros educativos para realizar **actividades culturais e deportivas nos centros de educación do concello.**
- 334.48900 Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar **actividades culturais.**
- 341.48900 Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar **actividades deportivas.**
- 334.780 Transferencia de capital a entidades sen fin de lucro para **investimentos en equipamento e/ou infraestrutura cultural.**
- 341.780 Transferencia de capital a entidades sen fin de lucro para **investimentos en equipamento e/ou infraestrutura deportiva.**
- 338.48900 Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para a **organización das festas parroquiais e outras actividades de interese xeral ou sectorial.**

De conformidade coas bases publicadas no BOP núm. , de de de 2015

Cambre, de de 2015

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMBRE



MEMORIA- RESUMO

(2015)

Actividade/ equipamento/ obra:

(a cubrir un por cada actividade, equipamento ou obra)

Descrición:

.....
.....
.....
.....
.....



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Programación a desenvolver e obxectivos a acadar coa actividade/ investimento:

a) Obxectivos da actividade:

-
-
-

b) Número de participantes/ beneficiarios:.....

c) Calendario das actividades:

- Periodicidade:.....
- Meses/días:.....
- Lugar/ instalación:.....

d) Cota actividade:.....

e) Colectivo de actuación:.....

f) Conta a actividade con participantes discapacitados ou en risco de exclusión social? (no caso de ser afirmativo indique cantos e as actividades nas que participan)

.....
.....

No suposto de investimentos en inmobles que non sexan de propiedade municipal, deberase axuntar acreditación de calquera das condicións recollidas no apartado C.2) das bases da convocatoria.

Outra información de interese:

.....
.....
.....



Número total de actividades:.....

Número total de beneficiarios:.....

Influencia territorial das actividades:.....

Anos de desenvolvemento das actividades:.....

Documento firmado digitalmente. CVD: hrJU6A1hb0aJDT19IRTr
CN=DE LA RED AMPUDIA MARIA LUISA - DNI 09715755A, GIVENNAME=MARIA LUISA, SURNAME=DE LA RED AMPUDIA, SERIALNUMBER=09715755A, OU=certificado electrónico d
El documento consta de un total de:91 página/s. Página 49 de 91.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177



D/D^a.....con DNI nº:.....

Como secretario/a da entidade.....

Á vista das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2015, publicadas no BOP
núm. , de de 2015.

CERTIFICA:

- 1.- Que esta entidade acordou presentar a correspondente solicitude.
- 2.- Que o número de socios, desta entidade, a día de hoxe é de:
- 3.- Así mesmo, acordou nomear a D./Dna.
como representante para as relacións desta entidade co concello.

Vº e praxe
O/A presidente/a

O/A secretario/a

D./Dna. , con DNI:.....

Como Presidente da entidade.....

DECLARA:

- 1.- Que a entidade á que represento está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 2.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvención (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións) e que coñezo e acepto as bases da convocatoria de referencia.

Cambre, de.....de 2015

Sinatura,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177



(Só para os comités organizadores / veciñais)

COMITÉ ORGANIZADOR / VECIÑAL.....

Este Comité organizador/veciñal asume o compromiso de execución, durante o ano 2015 da
..... cunha implicación económica proporcional entre os participantes.

Así mesmo, o comité acordou nomear representante para as relacións co concello a D./Dna.
.....

NOME	D.N.I.	DOMICILIO	SINATURA

Deberase achegar:

- fotocopia do CIF do comité ou do representante.
- certificado da conta bancaria aberta para a finalidade.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177



MODELO DE AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA QUE UNHA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA POIDA RECABAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS (concesión de axudas e subvencións)

A persoa abaixo asinante autoriza ao CONCELLO DE CAMBRE a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención ou axuda para.....durante 2015.

A presente autorización outorgase exclusivamente aos efectos do **recoñecemento, seguimento e control** da subvención ou axuda mencionada con anterioridade e en aplicación do disposto pola *Disposición Adicional Cuarta da Lei 40/1998*, que mantén a súa vixencia trala entrada en vigor do *Real Decreto Lexislativo 3/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e o artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria*, que permiten, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA:

Nome/ Razón social:.....

CIF:.....

DATOS DO AUTORIZADOR:

Nome e apelidos:.....

NIF:.....

Actúa en calidade de:.....

Sinatura:.....

Cambre,..... de 2015

Nota: A autorización concedida polo asinante poderá ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177



Anexo III

FORMULARIO DE XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN MUNICIPAL 2014

(cada entidade cubrirá un por subvención)

Achégolle a/s memoria/s resumo da/s actividade/s, equipamento ou obra, e as fotocopias compulsadas das facturas orixinais, coa finalidade de xustificar a subvención concedida á entidade: _____
(CIF: _____) por importe de: _____ euros.

Total xustificado:

_____ euros

- Actividades culturais ou deportivas nos centros de educación
- Actividades culturais
- Actividades deportivas
- Investimento/ equipamento cultural
- Investimento/ equipamento deportivo
- Actividades de interese xeral ou sectorial/ festas parroquiais

De conformidade coas bases publicadas no BOP núm. nº , do de de 2015

Cambre, ____ de _____ de ____.

Asdo.: _____
relación coa entidade

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMBRE

A este formulario debe achegarlle os xustificantes de gastos, así como carteis ou trípticos de promoción das actividades onde figure o concello como entidade patrocinadora



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177



D./ Dna. _____ con DNI: _____,
como secretario/a da entidade _____,

CERTIFICA:

Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización das actividades /investimentos para as que foi concedida, tal e como se reflicte na memoria xustificativa, que se achega a continuación.

E para que conste, para os efectos de xustificación do cobro da subvención referida, expídese a presente certificación en
_____ a _____ de _____ de _____.

V.º e praxe
O/A presidente/a

O/A secretario/a



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROGRAMA/ INVESTIMENTO REALIZADO

Localización e influencia territorial:

Número de beneficiarios da actividade / investimento:

Actividades realizadas con relación de datas e programa das mesmas:

-
-
-
-
-
-



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Valoración dos obxectivos propostos e resultados obtidos:

Desviación respecto das previsións iniciais:

Gastos previstos (en solicitude)	
Gastos efectivamente realizados	
Diferencia	
Desviación respecto de previsións iniciais	%



RESUMO DE GASTOS

NÚM FACTURA	EMISOR	DATA DE EMISION	DATA DE PAGAMENTO	CONCEPTO	IMPORTE
				TOTAL GASTOS	

RESUMO DE INGRESOS (para o mesmo obxecto)

CONCEPTOS	IMPORTE
Cotas participantes	
Contribución propia da entidade	
Subvención municipal concedida	
Subvención Deputación concedida no 2015	
Subvención Xunta concedida no 2015	
Outras achegas:	
TOTAL INGRESOS	

V.º e prace
O/A presidente/a

O/A secretario/a

Documento firmado digitalmente. CVD: hrJU6A1hb0aJDT19IRTr
 CN=DE LA RED AMPUDIA MARIA LUISA - DNI 09715755A, GIVENNAME=MARIA LUISA, SURNAME=DE LA RED AMPUDIA, SERIALNUMBER=09715755A, OU=certificado electrónico d
 El documento consta de un total de:91 página/s. Página 56 de 91.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177



D./ Dña. _____ con DNI: _____,
como secretario/a da entidade _____

CERTIFICA:

1.- Que durante o 2015 esta entidade obtivo unha subvención do Concello de Cambre para _____ por un importe de _____ euros.

2.- Que para o mesmo obxecto, obtivo, ademais as seguintes subvencións (*achegarase copia da concesión da subvención no seu caso*)

ENTIDADES CONCEDENTES	IMPORTE
TOTAL SUBVENCIÓNS RECIBIDAS	

NON RECIBÍU NINGUNHA OUTRA SUBVENCIÓN

3.- Que están pendentes de resolución de concesión ou denegación as seguintes subvencións solicitadas:

ENTIDADES	IMPORTE
TOTAL SUBVENCIÓNS	

4.- Que se obtiveron os seguintes ingresos en concepto de cotas e/ou outros ingresos afectos ás actividades:

ACTIVIDADE	COTAS/OUTROS INGRESOS
TOTAL	

E para que conste, para os efectos de xustificación do cobro da subvención referida, expídese a presente certificación en _____ a _____ de _____ de _____.

Vº e prace
O/A presidente/a

O/A secretario/a



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177



DATOS FISCAIS DA ENTIDADE

DENOMINACION SOCIAL: _____

CIF: _____

DOMICILIO: _____

NÚMERO DE CONTA BANCARIA NA QUE EFECTUAR O INGRESO DA SUBVENCIÓN (IBAN):

E	S																		
---	---	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

Cambre, ____ de _____ de ____.

Vº e prace

O/A secretario/a

O/A presidente/a

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Anexo IV

COLABORA:





CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Terceiro: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia*, no taboleiro de anuncios do Concello e comunicar, mediante cartas personalizadas, a todas as asociacións inscritas no Rexistro Municipal a publicación destas bases.”

2.11. Aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Benestar Social e Educación do día 14 de outubro de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“O Concello de Cambre en sesión plenaria do 18 de xullo de 2013 aprobou, con carácter inicial, a nova ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar e derogación da ordenanza anterior. Esta ordenanza reguladora foi exposta ao público durante trinta días, non se presentaron reclamacións ou suxestións, polo que, de conformidade co establecido no artigo 49 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 144 do 31 de xullo de 2013, foi aprobada definitivamente e publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia núm. 180 do 20 de setembro de 2013.

No pleno celebrado o 27 de febreiro de 2014 aprobouse a última modificación desta ordenanza.

Visto que con data 26 de xullo de 2014, sendo integrante do grupo municipal dos Socialistas de Cambre presentouse escrito no concello de Cambre propoñendo unha serie de consideracións a incluír na ordenanza reguladora da prestación dos servizos contidos no “Programa Mañanceiro”, inscrición e selección dos participantes, relativas ao obxecto, beneficiarios e servizos.

Vista a providencia remitida polo Concelleiro da Área de Benestar Social e Educación ao departamento de Servizos Sociais, relativa á proposta de consideracións a incluír na Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar, e dada a intención de incluílos neste momento de cara ao presente curso escolar 2015-2016 nesta ordenanza.

Visto o informe emitido pola coordinadora de Servizos Sociais trala remisión da dita providencia.

Por todo o anterior, propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación da Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar no seu artigo 11, coa inclusión dun novo apartado, tal e como se transcribe a continuación:

“ F. Axudas para un almuerzo saudable:

- Dirixidas a nenos e nenas que cursen educación infantil e primaria nos centros escolares públicos do municipio de Cambre onde se leve a cabo o Programa municipal Mañanceiro, de familias sen recursos e/ou en situación ou risco de exclusión social, trala valoración das traballadoras sociais de referencia que acrediten esta situación. A axuda será do 100% da tarifa establecida ao efecto”

Segundo: Abrir un período de información e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola Corporación.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e polo tanto, definitivamente aprobada a modificación da ordenanza de referencia, publicándose integramente no *Boletín Oficial da Provincia*.

Cuarto: A modificación da ordenanza entrará en vigor unha vez teña transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Benestar Social, Cultura, Deportes e Xuventude de data 21 de outubro de 2015.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, explica que o que se propón a este Pleno é a modificación por inclusión dun punto na Ordenanza de medidas de apoio á inserción socio-familiar, coñecida máis comunmente como ordenanza de emerxencia social, dende a perspectiva que se teñen encontrado de non poder atender, pola limitación que presentaba a ordenanza do Mañanceiro, o número de solicitudes recibidas que, como xa dixo anteriormente, excedía do máximo que lles permitía o programa Mañanceiro.

Así mesmo, e valorando a situación xeral das familias de Cambre respecto de ser beneficiarias dos programas que se establecen dende esta ordenanza, téñense atopado que hai actualmente en Cambre en torno a 100 familias integradas por rapaces en idade de escolarización obrigatoria, perceptoras de axudas de emerxencia social, e consideran que poderían ser destinatarias tamén deste programa.

Por isto propoñen, como dixo, incluír no artigo 11, na alínea f), un concepto que se permite tamén modificar, porque por un erro material na proposta se fala de “axudas para un almorzo saudable”, pero a proposta esténdese máis aló do mero feito de almorzar no colexio, é dicir, o que propoñen é que esa axuda non se limite única e exclusivamente ao almorzo, senón ao acceso ao programa na súa totalidade, a todo o programa Mañanceiro, non ten sentido que o neno chegue única e exclusivamente a almorzar. Por iso pide que lle permitan, por ese erro material, que lles propoña que textualmente en lugar de “axudas para un almorzo saudable”, se explicita “axudas para o programa Mañanceiro”.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que eles están de acordo con esta modificación. Como dicían antes non queren que nin un só neno de Cambre, trala valoración das traballadoras sociais, se quede sen poder utilizar o programa Mañanceiro en toda a súa amplitude.

Dende logo era un programa que xa estaba aberto ás familias de atención social, como este e como todos os programas que se realizan en Cambre, é dicir, non había unha desatención por parte de servizos sociais para esas familias nin para eses nenos. Nunca se ampliou, nunha houbo a necesidade, como dixo antes, porque as prazas nunca, nunca, se cubriron ao 100% coas solicitudes que había anteriormente, simplemente por iso.

Agora mesmo hai que modificalo, e está totalmente de acordo en facelo, pero tamén quere lembrarlle que en todos os programas do concello, en todos os programas xestionados polas Anpas con subvención municipal, en todos os programas de educación, reforzo educativo, en todos os programas do concello existen prazas gratis, é dicir, sen custo ningún para as familias de intervención social. Nunca xamais houbo ningún neno que se tivera quedado sen unha actividade extraescolar, sen reforzo educativo, sen nada, porque nunca se ten denegado a ningunha familia de emerxencia social ningún tipo de programa.

Polo tanto, están de acordo con este cambio, valorado positivamente polas traballadoras sociais e baixo os seus informes, e eles van estar a favor.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que van votar a prol.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu voto tamén vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta, brevemente, que non entende a actitude. Primeiramente quere agradecer ao PP, evidentemente, que se sume a esta proposta, pero non entende que se poña a defensiva. Di que el non cuestiona e non vai cuestionar nesta lexislatura o labor de quen lle ten precedido, non o vai facer. Evidentemente terase feito o que correspondía de acordo coa situación de necesidade que en cada momento existía e os recursos de que se dispoñía. Nese sentido o único que pode facer é celebrar e agradecer o respaldo do PP e do resto de forzas políticas que se suman á proposta.

Só lle queda dicir tamén, agradécello novamente á Sra. secretaria, que moi intelixentemente ten sabido ilustralos de por onde tiñan que ir. Teñen tardado máis tempo do que lles tería gustado en traer esta proposta, porque se teñen centrado, se teñen obcecado en modificar a ordenanza do Mañanceiro, cando realmente o que tiñan que facer era ampliar esta para dar cabida a todas esas familias, a todos eses nenos que poden ser susceptibles de recibir ese beneficio social.

Conclúe dicindo que, pola súa parte, agradecerlles a todos o seu apoio e nada máis.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel manifesta que o Sr. concelleiro di que non critica o traballo dos antecesores, pero por outro lado, e sempre a través da páxina web e nos medios de comunicación, dise que Cambre amosa a súa proposta polos servizos sociais no Consorcio das Mariñas, ou sexa, como se antes non se fixera.

Intervén o Sr. presidente para dicirlle á Sra. concelleira que esas manifestacións non teñen nada que ver co punto que están tratando.

Dona M^a Jesús González Roel dille que si, que si teñen que ver.

O Sr. presidente responde que non, que el entende que non, e que se ela quere facer algún tipo de suxestión respecto diso, algún tipo de rogo ou pregunta, chegará o momento en que poida facelo, pero que neste momento iso non ten nada que ver co punto que están tratando.

A Sra. concelleira reitera que si ten que ver.

O Sr. presidente dille que lle permite continuar, pero que teña en conta para posteriores ocasións que este non é o procedemento. A discusión é sobre este punto da orde do día, e é o que están tratando.

Dona M^a Jesús González Roel dille que moitas grazas, pero que xa non quere intervir máis.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coa modificación efectuada polo concelleiro de Benestar Social e Educación, don Jesús Bao Bouzas, en canto á denominación da axuda, que pasa a chamarse “Axudas para o programa Mañanceiro” en vez de “Axudas para un almuerzo saudable”, votan a prol os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C’s). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON.

A Corporación, por dezoito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación da Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio - familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar no seu artigo 11, coa inclusión dun novo apartado, tal e como se transcribe a continuación:

“ F. Axudas para o programa Mañanceiro:

- Dirixidas a nenos e nenas que cursen educación infantil e primaria nos centros escolares públicos do municipio de Cambre onde se leve a cabo o Programa municipal Mañanceiro, de familias sen recursos

e/ou en situación ou risco de exclusión social, trala valoración das traballadoras sociais de referencia que acrediten esta situación. A axuda será do 100% da tarifa establecida ao efecto”

Segundo: Abrir un período de información e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola Corporación.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e polo tanto, definitivamente aprobada a modificación da ordenanza de referencia, publicándose integramente no *Boletín Oficial da Provincia*.

Cuarto: A modificación da ordenanza entrará en vigor unha vez teña transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

2.12. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

O Sr. presidente informa que non existe ningunha moción.

Pide a palabra don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, quen expón que el ten unha moción de urxencia, ou polo menos, se non moción, si unha transmisión ao Pleno dun asunto importante. Sabe que ten que someterse á votación de urxencia, e así o fai, porque hoxe, como representante do Grupo Popular de Cambre, presentouse na Fiscalía para facer unha denuncia en contra dun concelleiro desta Corporación.

O Sr. presidente pregunta se quere aclarar máis.

Don Manuel Rivas Caridad contesta que non, que el sométeo á urxencia porque terán que votar a urxencia antes.

O Sr. presidente indícalle á Sra. secretaria que el entende que este non é un asunto competencia do Pleno, se despois teñen o punto de moción dos grupos municipais, será o momento de formulalo. Estas son mocións urxentes de asuntos de competencia do Pleno.

Don Manuel Rivas Caridad manifesta que é urxente.

O Sr. presidente dille que si, pero pregunta se é competencia do Pleno, iso é o que lle gustaría que lles aclarara a secretaria.

Don Manuel Rivas Caridad di que é competencia do Pleno porque pode afectar a funcionarios do concello.

O Sr. presidente solicita que informe a secretaria.

A secretaria municipal manifesta que ela non viu a moción, non ten coñecemento dela.

O Sr. presidente dille ao voceiro popular que faga o favor de ler a moción, en todo caso, e se decidirá.

Don Manuel Rivas Caridad manifesta que se someterá á urxencia antes de ler ou explicar a moción e dicir por que se presenta na Fiscalía para presentar esta denuncia.

O Sr. presidente indica que a urxencia virá unha vez que explique o motivo da súa moción.

Don Manuel Rivas Caridad explica que o motivo é que lle foi remitido ao seu domicilio unha falsificación de dúas nóminas para xustificar non sabe o que, e son dúas nóminas que están co selo do concello, nóminas falsificadas e a nome dun concelleiro, por iso el quere poñelo en coñecemento do Pleno da Corporación.

A Sra. secretaria indica que agora, neste momento, non sabe verdadeiramente o que se quere con isto. Di que ela non pode dicir sen base, sen lelo, sen saber, se é competencia ou non é competencia do Pleno. Presentar unha denuncia ou é competencia do grupo municipal correspondente, ou duns veciños, di que non o sabe. Ela non pode emitir un informe, así de viva voz, agora, sen saber en concreto e estudar ben o asunto.

Don Manuel Rivas Caridad explica que el simplemente o pon en coñecemento e que quere presentar isto ante o Pleno da Corporación, porque lle afecta ao Pleno da Corporación e a algún funcionario deste concello, por iso di que ten presentado a denuncia na Fiscalía.

A Sra. secretaria pregunta se xa a ten presentado.

Don Manuel Rivas Caridad contesta que si.

A Sra. secretaria sinala que o Pleno neste caso, se xa está presentada....

O Sr. presidente indica que, entón, o Pleno dáse por notificado desa presentación da denuncia, e el entende que se o Sr. Rivas quere presentar unha moción nos termos que considere oportunos, será o momento de facelo, porque iso é unha denuncia que el formula, a título individual, contra algún funcionario deste concello. Di que el está falando do punto en que hai que tratalo. Están en mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno, e el entende que este non é un tema competencia do Pleno, pero o Sr. Rivas pode formulalo no de mocións de grupos municipais, na parte declarativa.

Don Manuel Rivas Caridad manifesta que de acordo, e aclara que non é contra un funcionario.

Don Juan Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta que segundo o artigo 22.2.a) da Lei de bases do réxime local é competencia do Pleno, entre outras cousas, o control e fiscalización dos órganos de goberno. Estanse referindo a un membro do Goberno, co cal entenden que é un asunto de competencia plenaria.

A Sra. secretaria explica que se están falando dunha moción urxente presentada in voce, neste momento, o que non se pode pretender é que sen saber a literalidade e sen un estudo previo, ela se poida pronunciar ao respecto. Non se pode pronunciar, iso o ten claro, e sobre todo se o Sr. Rivas lle está dicindo que xa presentou a denuncia o Grupo municipal do PP. Entón, se xa a presentou, presentada está.

Entón, no pleno, agora, eles o que queren é presentar unha moción para que o Pleno se manifeste, ou sexa, vote a presentación da denuncia na Fiscalía. Se xa a presentou un grupo municipal, presentada está. O Sr. voceiro dixo que xa a tiña presentado. Pois se xa a presentou, ben, ela o que non vai facer é un informe. Iso que está dicindo, efectivamente, é de control e fiscalización, pero o control e fiscalización quere dicir que ten que vir presentado en tempo e forma, e non sen saber nin motivos, nin..., non teñen coñecemento de nada, e ela, dende logo, un informe xurídico non o pode facer así ao respecto, sen saber o que vai na denuncia e demais. A ela, se lla presentan, danlle o tempo loxicamente para estudalo, e poderá dicir se é competencia do Pleno ou non, ou se pode presentala calquera cidadán, afectado,... Di que non sabe do que se trata, se é unha falsificación non sabe quen a fixo. Pode presentala loxicamente o afectado, se é que alguén é afectado.

Reitera que ela non pode facer un informe xurídico, loxicamente, sen ter coñecemento da literalidade da moción, e, polo tanto, a urxencia de tratalo neste momento, ben, se quere tratalo o Pleno, pois que a trate. O que está claro é que vanse manifestar sobre unha falsificación e demais, está claro que a súa consideración é que hai que estudarse as cousas e non adoptar acordos así simplemente á lixeira. Nada máis, pero se o queren tratar, o Sr.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

presidente pode facelo. Se é para pedir informe neste momento, non, neste momento non porque non ten coñecemento de nada e as cousas hai que estudalas sempre.

Don Manuel Rivas Caridad sinala que el non pediu informe á Sra. secretaria, tenllo pedido o propio presidente.

A Sra. secretaria responde que si, pero que neste caso están falando do punto de mocións urxentes en asuntos que son de competencia do Pleno. Teñen falado de control e fiscalización, e aquí por agora non hai un control e fiscalización, ela non ten visto que ninguén teña presentado un escrito en relación cun asunto concreto de control e fiscalización do alcalde, que é un órgano de goberno, da Xunta de Goberno Local, que é un órgano do goberno, do concelleiro delegado "X", que é outro órgano de goberno, é dicir, ela non sabe en que se basea, e por iso ela neste momento, se do que se está tratando é de que o Pleno adopte un acordo, ela neste momento non os pode asesorar, teno claro. Di que ela necesita, loxicamente, estudalo, non se pode pronunciar ao respecto sen máis. O Sr. presidente, pois...

O Sr. presidente manifesta que el entende que para poder declaralo de urxencia previamente hai que coñecer sobre o que se vai declarar a urxencia. O Sr. Rivas non lle ten trasladado aos grupos, polo que ve, o contido da súa moción, co cal, dende logo, no que ao Grupo Socialista se refire, e como o seu voceiro, eles non van estar de acordo en declarar a urxencia de algo do que non teñen coñecemento.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que teñen que entendelo, que por parte de UxC non van votar unha urxencia dunha moción que non coñecen en que sentido vai. Hai unhas normas, e as normas dinlles que como mínimo dous ou tres días antes se lles presentan as mocións, para poder estudalas minimamente. Chegar aquí e presentarlles unha moción non lles parece adecuado, esta non é a fórmula.

Di que non entenden do fondo, pode que o fondo teña o seu criterio e, probablemente, tal como o Sr. Rivas o expón parece que o tema é moi serio, pero o que non entenden é que unha vez que se ten ido á Fiscalía, dá igual tratalo neste pleno, como tratalo nun pleno extraordinario, como tratalo no pleno ordinario, posto que xa está a cuestión formulada.

Vir aquí a dicirlles que voten unha moción de urxencia, cando non saben de que están falando, non lles parece adecuado. Igual que eles cumpren as normas, cre que os demais deben de cumprir as normas tamén, senón, non o entenden.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que pola súa parte entenden que esta exposición que fai o Sr. Rivas debe contar co seu apoio e sobre todo coa súa esixencia a que se aclare o asunto do que están a falar. O foro de aclaración deste asunto é este, dende logo. Dende ACdC piden saber cal é o contido desa denuncia, a quen afecta e en que termos. Entenden, ademais, que se está formalmente denunciado ante a Fiscalía, a urxencia queda máis que xustificada. Son o Pleno do Concello de Cambre e necesitan como tal que se dean as explicacións que sexan oportunas por parte, neste caso, do Sr. Rivas ou do PP de Cambre.

Conclúe dicindo que entende que si entraría a urxencia dentro do Regulamento orgánico municipal, tal e como está estipulado no artigo 115. Eles apoiarán a urxencia e, dende logo, agardan a que se lles explique tamén exactamente en que situación se atopan con esa denuncia que presenta o PP.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o tema ao seu modo de ver é complexo. Cuestión preliminar é que si saben do que están falando. Non están falando de que se fundiu un punto de luz no campo de fútbol da Balastreira, que nin sequera ten puntos de luz, están falando de algo que de maneira sucinta acaba de explicar o Sr. Rivas Caridad, e que el entende que loxicamente, por unha serie de cuestións, non quere afondar antes de coñecer se efectivamente isto se debate ou non. Por unha serie de

cuestións, supón, relativas á privacidade e ao manexo da información política que poida ter, da que el, como concelleiro do BNG e a título individual, descoñece.

Si di unha cuestión. Eles, dende o BNG, tendo en conta o que aquí pasa, e o explica con total e absoluta clareza, eles queren debater isto, queren saber que é o que está pasando, e entenden que os mecanismos e por así dicir os dispositivos burocráticos, ou que determinan e que legislan sobre o Pleno, neste caso o ROM, lonxe de ser un impedimento son algo que lles faculta para o que está aquí acontecendo, que é que de maneira extraordinaria e urxente un dos membros da Corporación, neste caso o Sr. Rivas, traslada ao Pleno o que el considera unha moción urxente.

Entón, nese sentido faino incluso in voce, como aquí se dixo, de viva voz, deduce, xa que polo que acaba de manifestar non ten ningún escrito, nin a eles lles fixo chegar absolutamente ningún tipo de documentación. E o propio artigo 115 do ROM, na súa alínea c), fala de que teñen tamén consideración de mocións urxentes aquelas propostas que teñen por obxecto o pronunciamento do Pleno sobre a necesidade de iniciar determinadas actuacións en asuntos da súa competencia.

Se o Sr. Rivas lles está dicindo aquí que el foi hoxe á Fiscalía a denunciar unha suposta falsificación nun documento do Concello de Cambre, el entende que lle compete ao Pleno saber, informarse, e determinar se procede ou non, pois en fin, iniciar determinadas accións, ou solicitar do Goberno, do equipo municipal, o inicio de determinadas accións.

Insiste en que loxicamente hai un mecanismo regulado para todas as mocións, preguntas, rogos, etc., que se presentan en tempo e forma, sábeno de sobra, pero o mesmo regulamento, que é o Regulamento orgánico municipal, establece tamén o procedemento para presentar determinadas cuestións, como mocións, rogos ou preguntas, de maneira urxente.

Continúa dicindo que con independencia de haber ou non un informe favorable por parte da Secretaría municipal, el entende realmente que non é neste momento, é dicir, ao non haber informe, é dicir que non é a súa competencia. Fóra diso eles teñen que determinar politicamente, co seu voto, se queren dalgunha maneira debater a moción e ter coñecemento do que acaba de manifestar o Sr. Rivas ou non. Non hai un informe desfavorable por parte da secretaria, simplemente non hai un informe e el está total e absolutamente de acordo coa súa intervención, é dicir, como vai haber un informe sobre algo que é total e absolutamente espontáneo, de última hora, e aparece regulado no ROM como se realizan este tipo de cuestións.

Polo tanto, el entende que procede a este Pleno votar a urxencia ou non da moción in voce que acaba de presentar o Sr. Rivas. Outro tipo de consideración sería se o Sr. Rivas tivo tempo ou non de facérllelo saber con anterioridade, de trasladar un escrito, de calquera outra cuestión, pero el entende que está no seu pleno dereito de facer o que fixo, e eles están non no seu pleno dereito, senón na súa plena obriga, de votar a urxencia da moción.

Conclúe dicindo que no caso do BNG queren votar e queren votar favorablemente, porque senón el entende que a súa propia militancia os correría a gorrazos, porque é unha cuestión que non é menor, insiste, o que acaba de dicir o Sr. Rivas non é algo accesorio ou carente de importancia. Polo tanto, eles piden que se vote e adiantan que o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que eles non teñen ningunha obxección a que se informe do contido, outra cousa xa é o informe xurídico, que haberá que redactalo despois. Ela cre que procede esta moción urxente, dado o contido grave do que se lles ten informado aquí. Entón, o seu grupo está a prol.

Toma a palabra o Sr. presidente para sinalar que, en principio, eles non están en contra de que se poida ler esa moción. El o que está dicindo é en que punto hai que declarar a urxencia. Neste punto están en mocións urxentes en asuntos de competencia do pleno. Se o Sr. Rivas lles di cal é a proposta de acordo que trae para esta moción, mirarán se é un tema competencia do Pleno ou non. É o que lle está dicindo. Porque senón se pode ler neste, pode lerse no seguinte, como lle dixo antes, na parte declarativa, o punto 3.2 que é para mocións dos grupos municipais.

O que están discutindo é se o tema a tratar é un tema competencia do pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, ou non. É o que está expoñendo.

Don Manuel Rivas Caridad manifesta que non lle vai discutir se é neste punto da orde do día, que el cre que si.

O Sr. presidente intervén para pedirlle ao Sr. Rivas que razoe entón o tema, e que lles diga cal é a proposta de acordo que trae aquí.

Don Manuel Rivas Caridad di que a proposta de acordo, cando aquí se presenta unha denuncia contra un concelleiro que está exercendo os labores de goberno, loxicamente a proposta é propoñerlle ao Sr. alcalde que cese inmediatamente a ese concelleiro, esa é a proposta.

A Sra. secretaria expón que o que se está pedindo, ela ten que saber verdadeiramente se é competencia do Pleno. Se están pedindo o cese dun concelleiro ela non pode informar neste momento se a Corporación pode adoptar o acordo hoxe. É dicir, poderá debater, etc., etc., pero ela neste momento, informar para que o Pleno da Corporación, que a forman os 21 concelleiros, poida adoptar un acordo dicindo que se cese, non sabe, ela non o pode facer. E a Corporación non está formada soamente por quen presenta a moción, está formada por 21 concelleiros e, loxicamente, quen queira adoptar un acordo, ela neste momento non pode facer un informe ao respecto, nin se é a proposta de cesamento dun concelleiro, que xa loxicamente co que está oíndo, haberá que estudalo.

Di que as cousas non son así de fáciles, agora de súpeto traen unha moción urxente, que vén definida claramente, efectivamente, polo ROM, que é o mesmo que di o ROF, é o mesmo, cando un asunto é de extrema urxencia, a urxencia é xa. Pregunta que para cando, se é para presentar como fan en moitos supostos unha subvención mañá mesmo, porque se lles pasa o prazo. Agora estanlle dicindo que é para cesar de forma inmediata a un concelleiro, pois dilles que eles iso, se é para que adopten un acordo en relación cun concelleiro, sexa un, outro ou o que sexa, está claro que a Corporación está formada por 21 concelleiros, e ela non o sabe.

Se ten que emitir un informe, di que dende logo non o vai emitir hoxe, co que eles expoñan. O poden tratar se queren, pero á hora de adoptar un acordo non se responsabiliza do acordo que vaian adoptar, iso teno claro. Se o queren adoptar, pois por maioría, eles mesmos, pero ela dende logo un informe non, e ten claro que quen ten que adoptar o acordo, se eles mesmos están dicindo que é un cesamento dun concelleiro, con todas as garantías legais, loxicamente, pero se é con todas as garantías legais cun previo estudo de cinco minutos dunha lectura, ben cinco non, que xa levan bastante tempo falando un pouco disto, pero tampouco sabe. Di que o único que tería que ter é a proposta, estes son os antecedentes, esta é a xustificación da moción, e esta é a proposta de acordo a adoptar.

Di que ben, que haberá que mirar se é competencia do Pleno, pero é que, ademais, se é competencia do Pleno terán que mirar se a proposta de acordo a adoptar é a que corresponde conforme coa lei. Agora, se queren adoptar o acordo sen informe xurídico, pois poden facelo. Dende logo está claro que as mocións urxentes son iso, cando a urxencia do asunto o requira. Pois ela non sabe se hai que cesar a un señor concelleiro, pero está claro que haberá que saber os motivos, haberá que estudalo. Para ela non se pode adoptar un acordo nestas condicións, agora, se a Corporación somete a urxencia a moción porque o Sr. Rivas a xustifica e motiva sometela a esa urxencia, e despois sométese a votación a moción e hai determinados membros que votan a prol, ben,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

baixo a súa responsabilidade. Quere dicir que neste caso ela non pode informar sobre algo que nin sabe, loxicamente, nin ben, a urxencia pois pode ser motivada así, pero dende logo van adoptar un acordo que ela non sabe cal é.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que el entende perfectamente que a Sra. secretaria non pode emitir un informe. A urxencia de traer este tema, de formular este tema ao Pleno, non só é dicir o que vai presentar, porque podía agardar e presentala para o vindeiro pleno, pero é que o implica directamente a el. Di que o implica directamente porque iso tense cometido sendo el alcalde.

A Sra. secretaria indica que se pode convocar un pleno extraordinario.

Don Manuel Rivas Caridad engade que se isto chega a ser un delito, e por iso el se apresurou a levalo á Fiscalía, é porque este tense cometido sendo el alcalde. Polo tanto, por iso o trae a este pleno. E a urxencia é súa, porque non pode calar o asunto, por iso a presenta, non sabe se neste punto de mocións urxentes en asuntos competencia do pleno, ou en mocións dos grupos municipais, pero se o Sr. alcalde en funcións lle di que a pode presentar tamén en mocións dos grupos municipais, el non ten inconveniente con tal de poñelo en coñecemento desta Corporación municipal.

Toma a palabra o Sr. presidente, quen manifesta que, a menos que se equivoque, entende que a petición que o Sr. Rivas fai de que o alcalde cese ao concelleiro é competencia do alcalde, non do pleno. Pregunta á Sra. secretaria se se equivoca.

A Sra. secretaria contesta que ela neste momento non pode...

O presidente pregúntalle quen pode cesar a un concelleiro do equipo de goberno. O alcalde.

A Sra. secretaria contesta que ela tería que estudar convenientemente a proposta que se fai e con base nela, facer o informe.

O Sr. presidente di que de acordo, el cre que non é unha competencia, en principio, do pleno, pero evidentemente el entende que si se pode formular dentro do punto de mocións dos grupos municipais.

A Sra. secretaria contesta que o acordo hai que adoptalo igualmente.

O presidente indica que, de todas formas, despois xustificará a urxencia e votárase esta. Iso é o que se propón.

A Sra. secretaria reitera que despois hai un acordo a adoptar.

O Sr. presidente por delegación di que un acordo a adoptar, e que haberá que mirar en que termos.

A Sra. secretaria di que é igual que o fagan nun sitio que noutro.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós pide que quede clara unha cuestión, porque parece que quedou no aire, indefinido, se UxC ía adoptar postura sobre este tema. Di que por suposto que van ser severos con este tipo de cuestións, sen dúbida, non teñen ningunha dúbida. Pero parécelles que neste momento, en medio dun pleno, non competen estas vías, é dicir, isto ten outras formas de resolverse e de formularse.

Non lle parece adecuado que o estean tratando nun pleno, que estea a xente aquí agardando, o que están facendo é un pequeno teatro, porque isto pódese expoñer perfectamente, e a conciencia do Sr. Rivas queda igual relativamente se mañá se presenta en Alcaldía, seguro que o van atender e que se vai tomar a mesma conclusión. Tense feito outras veces, non ten por que vir aquí, é máis, a denuncia a ten feita. O Sr. Rivas a ten



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

formulado aquí xa, non di adoptado o acordo, pero a denuncia xa a ten formulada, diante de todos os veciños, hai un concelleiro deste concello que parece ser que ten feito unha certificación, un acto de ilegalidade, parece ser. A denuncia está formulada e a conciencia do Sr. Rivas pode estar moi tranquila, porque xa está feita a denuncia, xa todos o saben. O tema é se o teñen que discutir agora mesmo aquí, ou se agardan a mañá ou se agardan a pasado mañá. Ben, poden discutilo aquí, pero el cre que a todo o mundo lle ten quedado claro. Hai unha denuncia, está a Fiscalía. Pregunta se a todos lle ten quedado claro.

Ante as manifestacións do público, o Sr. presidente lémbrralle ao voceiro de UxC que non se poden manter conversas cos veciños. Pide que se dirixa ao resto dos concelleiros.

Don Juan González Leirós dille que perdón, que se dirixe. Manifesta que el cre que poden aclarar isto. En calquera caso, se eles cren que se debe formular aquí, pois ben, que o fagan, pero el cre que non é cuestión de que vaian ser igual de rotundos ou non vaian a ser igual de rotundos, el cre que é cuestión de que se poden ver as cousas noutros foros e que se poden formular igual, e os veciños van saber igual que é o que se vai sacar de aquí, igualmente. Pero ben, se eles queren romper o pleno e formulalo aquí, pois moi ben.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que precisamente o que non queren é romper o pleno, o que queren facer é salvagardar a esencia do pleno da Corporación. Este é o momento no que se ten que debater, o que sexa. Se van ser rotundos, serán rotundos, se non o van ser, non o serán. Eles non son xuíces, eles non van xulgar nada, e ela non traballa na Fiscalía, nin ningún deles. Eles son veciños e son concelleiros, e como tal, un voceiro dun grupo indícalles que está mañá, ademais dunha forma entende que responsable, previamente formula unha denuncia ante a Fiscalía, e será esta a que decida se se admite a trámite ou non, e será con posterioridade un xuíz o que terá que pronunciarse sobre o tema que teña que ser.

Pero eles, que son concelleiros, e os veciños que están sentados, o que non se pode facer, ou o que non deben consentir, é que se abra o melón, e agora está falando como veciña, non está falando como concelleira, e marchar para casa sen saber que é o que está ocorrendo, porque, efectivamente, este tema vaise tratar. Se está na Fiscalía vai saír adiante e verán que é o que ocorre, con quen ocorre, e cales son as consecuencias de todos isto. Pero a día de hoxe, despois de levar aquí dúas ou tres horas tocando temas que, efectivamente, son da súa competencia, tamén é da súa competencia esclarecer que é o que ocorre no concello, e se existe algo que haxa que amosar, se existe algún tipo de mancha que teñan que ensinar ou non, ou algún presunto delito ou non, este é o momento de falar diso.

Sexa como unha moción competencia do pleno, sexa como unha moción do grupo municipal, pero non poden saír de aquí sen que este tema, e segue insistindo en que fala como veciña, sen que este tema quede enriba da mesa. Pide que busquen a fórmula que sexa, pero que se neste tema eles non se pronuncian, se este tema non sae a luz, entón a ela que lle falen de transparencia, Goberno, oposición ou o que sexa. Di que isto é exercicio de transparencia, e que lles gustará máis ou menos.

Cre que están todos bastante nerviosos, ela concretamente está bastante nerviosa, ela si está nerviosa, porque lle parece un tema, e llelo di sinceramente, parécelle un tema delicado, e parécelle que unha denuncia ante a Fiscalía contra un compañeiro de Corporación ou unha compañeira de Corporación, é un tema delicado, pois claro que si, e o di con total naturalidade, pero é que este é o momento de sacalo adiante. De sacalo adiante, ou polo menos de formulalo, e de que o Pleno teña coñecemento, os veciños teñan coñecemento do que ocorre, e despois a xustiza, no seu caso, que actúe como teña que actuar.

E de que eles, coa responsabilidade da que xa falon neste pleno, tamén tomen as determinacións que teñan que tomar, ou esixan o que teñan que esixir, ou actúen como tal, como cargos públicos que son.

Toma a palabra o Sr. presidente para manifestar que por parte da presidencia en ningún momento se falou de non tratar a moción. O que están falando, e o repite por enésima vez, e de se a tratan neste punto ou no

seguinte. E volve dicir o que dixo, entende que a petición da moción, que é que o alcalde cese a un concelleiro do equipo de goberno, é unha competencia do alcalde, non é unha competencia do pleno, é o que está dicindo. Cando cheguen ao punto de mocións dos grupos municipais será o momento, primeiramente de que o Sr. Rivas xustifique a urxencia e, en función desa xustificación, declararase a urxencia ou non do punto a debater. É o que está dicindo.

Conclúe dicindo que pasan entón ao seguinte punto, que son as declaracións institucionais.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

O Sr. presidente explica que hai dúas declaracións institucionais. Unha é unha moción institucional de defensa do leite galego, á cal no día de onte, por parte do voceiro do PP, o Sr. Rivas, fíxose chegar unha serie de peticións de modificación ao texto, que toda vez como o resto dos grupos non teñen coñecemento delas, e pola preza do tempo á hora de tratala, el o que solicita é que quede enriba da mesa, que se traten esas modificacións na xunta de voceiros, e que se traia ao vindeiro pleno, se están de acordo.

Todos os concelleiros asistentes á sesión amosan a súa conformidade.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da declaración institucional presentada polos grupos municipais que compoñen a Corporación. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia.

Declaración institucional conxunta da Corporación municipal en apoio e solidariedade aos traballadores e traballadoras de Editorial La Capital

Consta do seguinte teor literal:

“O papel dos medios de comunicación é fundamental para o desenvolvemento dunha sociedade democrática e plural. Un xornal, nomeadamente unha cabeceira de prensa local, é o altofalante da veciñanza, cumpre un servizo público fundamental e axuda a comprender a realidade local e global, ao mesmo tempo que cumpre a función de ser a voz do que acontece no día a día da nosa vila e da realidade cotiá que nos determina.

Os xornais do grupo Editorial La Capital (formado por *El Ideal Gallego*, *DxT Campeón*, *El Diario de Ferrol*, *El Diario de Arousa* e *o Diario de Bergantiños*) foron e continúan sendo cabeceiras de referencia na prensa escrita local da nosa localidade e comarca.

A día de hoxe o seu cadro de persoal vive unha situación de incerteza e inestabilidade que fai perigar a súa continuidade e a súa cita diaria coas/os lectores, como vén ocorrendo dende hai anos.

Todos/as dalgunha forma estamos en débeda con estas publicacións, que relatou en cada cadansúa área de influencia o día a día das nosas vilas e dos seus veciños e veciñas.

Consecuentemente, debemos amosar a nosa solidariedade e apoio cos traballadores e traballadoras deste grupo, que levan sufrindo nos últimos anos unha sucesión de feitos que non fixeron máis que precarizar a súa situación laboral ou no peor dos casos sufrir despedimentos derivados do recorte de persoal iniciado pola empresa.

Máis de dous anos van dende que se produciu o primeiro dos dous ERES que levaron a cabo en Editorial La Capital. Conxelacións salariais, débedas, impagos reiterados e despedimentos veñen sendo a tónica xeral dende o ano 2013.

O pasado 30 de xuño, a empresa decidiu non reeditar un terceiro ERE e comezar cunha serie de despedimentos indiscriminados que están a financiar co salario dos traballadores e traballadoras, todo a pesar de que o cadro de persoal se viu reducido aproximadamente nun 30% no último ano.

A representación dos traballadores e traballadoras solicitou de forma reiterada ao longo dos últimos anos a elaboración por parte da empresa dun plan de viabilidade, plan que a empresa se negou reiteradamente a presentar.

Por todos estes motivos, a representación dos traballadores e traballadoras de Editorial La Capital solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Manifestar o apoio e a solidariedade da Corporación municipal aos traballadores e traballadoras de Editorial La Capital e instar á empresa a que se busquen solucións que permitan o mantemento dos postos de traballo e a viabilidade dos xornais do dito grupo editorial, para que poida seguir cumprindo a súa función e nos manteña informados como así veu facendo ata o de hoxe.

Segundo: Dar traslado deste acordo ás e aos representantes dos traballadoras e traballadores de Editorial La Capital para o seu coñecemento.”

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Consta rexistrada de entrada ao núm. 0/9701 o día 23 de outubro de 2015, unha moción do grupo municipal de ACdC-SON. Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON manifesta que, debido á urxencia da moción presentada polo PP cédenlle a quenda para que falen eles primeiro.

O Sr. presidente manifesta que previamente á lectura da moción, o que solicitan de parte do voceiro do PP é que xustifique a urxencia da moción a presentar.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que a urxencia vén xustificada máis que nada por unha cuestión persoal. A el fíxoselle chegar de forma anónima, ao seu poder, uns documentos que o implican, porque terminan dicindo ao final: “se eses documentos son certos pouco din da xestión económica do seu concello como alcalde”.

Explica que, naturalmente, cando el viu os documentos, dun concelleiro desta Corporación, tratou de facer todas as averiguacións posibles, pero claro, non pode quedarse con iso dentro. Non se limita simplemente a presentar unha denuncia na Fiscalía e a que a Fiscalía actúe e vexa se iso é verdade ou mentira, simplemente esta é unha Corporación municipal, todos son concelleiros, e el estivo tamén sentado onde está agora sentado o Sr. alcalde, e sabe as presións que se fan, e podería poñer exemplos aquí, e incluso a el o meteron na Fiscalía.

A urxencia vén determinada pola posible ou a presunta gravidade dos feitos, por iso el ten que comunicala a este Pleno. Dille ao Sr. Leirós que non lle vale con que lle diga que se presente mañá na Alcaldía e llo comente ao alcalde, porque el, mentres foi alcalde tivo que pelexar co voceiro de UxC, hoxe alcalde, e non lle vale.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Di que el non vén aquí a facer teatro, en absoluto. El denunciou un asunto e cre que é o seu deber poñelo en coñecemento da Corporación municipal, por iso pide a urxencia desta moción, para instar a este Pleno a que solicite, que inste ao Sr. alcalde a que faga as averiguacións pertinentes e cese inmediatamente a ese concelleiro.

Toma a palabra o Sr. presidente, quen manifesta que é unha situación bastante atípica, pero dende logo por eles non vai quedar a esixencia de dar transparencia a esa denuncia tan importante que o Sr. Rivas fai. Descoñece se o acordo da moción se adecuará á legalidade, nese caso, cando o Sr. Rivas formule o acordo, daralle traslado á secretaria para que lles informe se en principio se considera que é legal o acordo a adoptar polo Pleno.

De todos os xeitos, pola súa parte está a prol de que se declare a urxencia. O grupo de goberno vota a prol de que se declare urxente, e sométeno a votación, para que toda a Corporación manifeste se é un tema urxente ou non, ou polo menos baixo as manifestacións, e dende logo responsabilidade, porque todo isto vai quedar recollido en acta, como o Sr. Rivas moi ben sabe, e será o Pleno neste caso quen decida se é unha moción de carácter urxente ou non. Pola súa parte o seu voto vai ser a prol.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do PP en relación coa denuncia presentada ante a Fiscalía Provincial da Coruña no día de hoxe

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que non vai ler a moción, porque a vai explicar, xa que as cousas explicándoas cre que se entenden mellor.

Di que na súa caixa de correos, de forma anónima, fáiselle entrega dun escrito que di o seguinte:

“Estimado Sr. Rivas: Remíttolle dúas nóminas que teñen chegado ao meu poder, en relación coa compra dun vehículo Honda polo concelleiro do PSOE Jesús Bao Bouzas. Non podo menos que amosar o meu cabreo polo feito das cantidades indicadas nelas percibidas por un concelleiro da oposición, porque de ser certas pouco din da súa xestión económica do Concello de Cambre como alcalde.”

Acompáñanse a ese anónimo dous documentos, con selo, que non son as nóminas reais do Concello de Cambre. E pode dicilo, o señor traballador é don Jesús Bao Bouzas, categoría profesional concelleiro político. Son as nóminas correspondentes ao mes de novembro e ao mes de decembro, coa súa firma, cunha firma ilexible, e cun selo do Concello de Cambre da sección de Contratación.

Loxicamente, el cando viu iso foise á Fiscalía e presentouno na Fiscalía, e que ela faga as averiguacións, pero el o que solicita, o que solicita o Grupo municipal Popular é que o Pleno adopte o acordo de instar ao Sr. alcalde do Concello de Cambre ao cesamento dese concelleiro delegado de Asuntos Sociais, Jesús Bao, así como á personación nas actuacións xudiciais que se leven a cabo ao respecto en defensa dos intereses do Concello de Cambre.

Neste momento, e co micrófono pechado, intervén don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, para preguntar sobre a posibilidade de que lles faciliten unha copia desa documentación.

O presidente pregunta ao Sr. Rivas se está en condicións de facilitar esa información ao resto dos grupos, e ante a resposta afirmativa, anuncia que se fará un receso de dez minutos e rógalle que lle dea copia desa documentación a todos os grupos. Informa de que ás 22:40 horas reanudarán o pleno.

Cando son as 22:30 suspéndese a sesión plenaria, que se reanuda cando son as 22:40 horas.

Toma a palabra o presidente por delegación quen manifesta que quere dar lectura, para información de todos os concelleiros da Corporación, do artigo 104 do ROM, que di o seguinte:

“1. Serán públicas as sesións do Pleno. Non obstante, poderá ser secreto o debate e maila votación daqueles asuntos que poidan atinxir ao dereito fundamental dos cidadáns ao que se refire o artigo 18.1 da Constitución Española, cando así se acorde por maioría absoluta.”

O artigo 18.1 da CE di o seguinte:

“1. Garantízase o dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.”

O Sr. presidente continúa dicindo que entenden que a denuncia que se formula, e que se ten presentado por parte do voceiro do PP na Fiscalía da Coruña, pode afectar ao honor, nos termos nos que está formulada e sen entrar noutras consideracións en canto a que sexan certos os feitos ou non, dun membro desta Corporación, o concelleiro Jesús Bao Bouzas.

Entón di que quere someter a votación do Pleno a posibilidade de que esta moción, este punto, sexa declarado secreto o debate e así mesmo a votación, tendo en conta, como dixo, que a decisión que aquí se adopte pode afectar á honorabilidade do citado concelleiro.

Sometida a votación ordinaria a proposta de que o debate e votación deste asunto sexa secreto, votan a prol da proposta os catro concelleiros presentes de UxC e os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE. Votan en contra os seis concelleiros do PP, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por once votos en contra, rexeitou a declaración de secreto do debate e votación deste asunto.

O Sr. presidente pide ao voceiro popular que formule a moción e, en todo caso, di que terán unha quenda de intervencións.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta, como dixo antes, e poñendo en antedito, que para el este é un asunto moi desagradable, pero moi desagradable. Pero cando un ten coñecemento polo menos dun presunto delito, o que debe facer é poñelo en coñecemento de quen corresponda, e iso foi o que fixo o Grupo Popular. Primeiro porque pon en entredito o funcionamento que tivo este concello no ano 2013, novembro e decembro do 2013, cando suceden os feitos, sendo el mesmo alcalde deste concello.

Como dixo, ao seu correo, a nivel anónimo, xa llelo leu anteriormente, vén un escrito con dúas nóminas, entre comiñas nóminas, porque non se corresponden ao Concello de Cambre, senón que son dous papeis que figuran ser unha nómina. Pero o máis sorprendente é cando traen un selo do propio concello e do departamento de Contratación. E el, coñecendo como coñece este concello, porque estivo nel catro anos, ten que dicir que o selo existe, ten que dicir que a sinatura parécese á do Sr. Jesús Bao e, polo tanto, ten que poñelo en coñecemento, loxicamente, da xustiza. Ese cre que é o deber de calquera cidadán.

Dito isto, esta moción tráese precisamente porque ese concelleiro forma parte do Goberno deste concello e, polo tanto, o que se solicita por parte do Grupo Popular é que o Pleno adopte o seguinte acordo:

Instar ao Sr. alcalde do Concello de Cambre ao cesamento do concelleiro delegado de Asuntos Sociais, Jesús Bao, así como á personación nas actuacións xudiciais que se leven a cabo ao respecto en defensa dos intereses do Concello de Cambre.

Toma a palabra o Sr. presidente para manifestar que no que respecta ao grupo de goberno, ao grupo do Partido Socialista, e tamén entende que a UxC, dicir que evidentemente aquí está o documento que o Sr. Rivas ten presentado na Fiscalía, cunhas manifestacións de feitos e cunhas probas, ou uns documentos, que lle corresponderá valorar a súa validez como probas, en primeiro lugar á Fiscalía e, posteriormente, se houbera dilixencias, ao xulgado de instrución, e nese sentido eles non se van manifestar sobre isto.

Entenden que xa que o Sr. Rivas ten formulado, ten collido a vía xudicial, é aos xuíces neste caso, e evidentemente logo do informe da Fiscalía, a quen corresponde substanciar ou non, ou archivar este procedemento. Non están dispostos a converter o pleno do Concello de Cambre, buscando como o PP busca en primeiro lugar, e descoñecendo a realidade dos feitos, unha condena de páxina de xornal ou de telediario. Di que eles están preocupados polos feitos, farán as valoracións oportunas, pero evidentemente no estado en que está a sustentación desta denuncia, non poden, nin van adoptar, unha medida como a que o Sr. Rivas lles propón.

Conclúe dicindo que neste caso eles vanse opoñer directamente á moción.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que para o seu grupo é importante que este asunto que se expón quede todo o claro que sexa posible neste pleno, sobre todo para que non quede nin o máis mínimo asomo de dúbida sobre uns feitos, presuntamente delictivos, que se lle outorgan a un cargo público, a un concelleiro electo desta Corporación municipal.

Eles non son xuíces, o dixo antes e o repite agora. Tampouco tiveron ata o de agora documento nin coñecemento desta situación. E di que non son xuíces porque non o son e porque ademais non pretenden selo. Son concelleiros e son veciños.

Insiste tamén no que dicía antes, como veciños, se lle permiten que antepoña esa condición á de concelleiros, queren, esixen neste caso ao presidente desta Corporación e alcalde accidental, e así mesmo ao concelleiro ao que están facendo mención expresa que, se teñen a ben, na parte de coñecemento que poidan ter cada un deles, que lles aclaren esta situación neste preciso momento. Coida que é o propio que o acusado teña capacidade de defenderse, ou polo menos de explicarse. O que non poden é deixar que Cambre quede ensombrecido cun escándalo da magnitude que lles ocupa, cando se se pode aclarar, se aclara.

Como concelleiros, e este tema tamén saiu neste pleno, tamén teñen que facer unha mención expresa á responsabilidade, a súa responsabilidade, por iso dicía antes que entendían que era imprescindible tratar este tema, tal e como expuxo o Sr. Rivas no seu preámbulo, e tal e como agora afonda na situación de que se trata, porque a súa responsabilidade en todas e cada unha das decisións que tomen no exercicio do seu cargo, é absolutamente implícita a súa condición de concelleiros.

Por ese motivo, neste receso, evidentemente no tempo que tiveron de comentar este caso, e de acordo co seu propio código ético, que teñen aprobado no seu programa e que é de posible consulta para calquera, informa que eles non van amosar o seu apoio expreso, mentres non quede esclarecido e claro este tema, a ningunha proposta que saia do equipo de goberno.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Evidentemente non serán eles os que impidan a acción de goberno, pero chegados a este punto, máis concretamente o alcalde será quen teña que explicar ou tomar a decisión que leve a que a dinámica do concello non se vexa paralizada.

Os feitos que se denuncian na rápida lectura que lle poden dar a esta documentación, en si son bastante vergoñentos, polo que partindo do seu respecto, insiste, á presunción de inocencia, instan ao concelleiro a que alegue as explicacións que considere oportunas, se o considera oportuno. E sendo totalmente asépticos e imparciais con esta situación, o que si esixen, neste caso ao Sr. Rey, aínda que entende que quen debería estar sentado aí hoxe é o Sr. Óscar García Patiño, pero que polo motivo que sexa non o é, entón vanllo esixir ao Sr. Rey, e dende o respecto absoluto á investigación que corresponda, insiste, e á presunción de inocencia, que proceda ao cesamento do concelleiro das súas funcións e delegacións, apoiarán evidentemente a proposta do PP.

Esta petición a fan ademais tendo en conta que dalgunha forma non queren que isto se convirta, ou que esta situación, de non ser así, convirta este pleno nun escenario de absoluta crispación, de persecución política, que ao final o que vai ter como consecuencia é a paralización da acción de goberno. E, evidentemente, quen vai sufrir as consecuencias en todo caso sería o Concello de Cambre.

Conclúe dicindo que simplemente lle gustaría facer unha mención á necesaria prudencia que teñen que ter neste tema, e tamén á contundencia das súas actuacións.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta en primeiro lugar, e de forma preliminar, unha serie de consideracións, de feito antes, na quenda anterior ao receso pediu a palabra e entende que, en fin, por cousas do directo non se lle concedeu.

Quere dicir unha serie de cuestións dunha maneira moi clara, e en concreto dirixíndose con espírito total e absolutamente colaborativo de compañerismo a Juan Leirós. Cre que a súa intervención anterior non foi afortunada, e cando pase o tempo, á luz dos días, verá que hai determinadas cuestións que si se teñen que tratar á luz dos focos, mirando á xente de cara, e con público, xa di, con luz e taquígrafos.

Quizais neste concello xustamente se arranxaron moitas cousas no despacho do alcalde, ou na terraza do centro, ou noutro tipo de foros que non son precisamente estes, a tal punto que o equipo de goberno mesmo reconsiderou a idoneidade, ou non, de ter aquí este debate en atención á moción presentada por Rivas. Xa di que cre que foi unha intervención desafortunada e que non fai xustiza ao Juan Leirós que el coñece, e dillo con todo o cariño do mundo.

Iso da mesma maneira que di publicamente que a actitude que tivo o alcalde accidental, o Sr. Rey, ao modo de ver do grupo do BNG, é loable. Máis aló dunha disquisición técnica amosouse favorable a tocar un asunto que, dende logo, non é nin moito menos cómodo, de feito pode ser dos máis incómodos que se poidan tratar na vida política.

A partir de aí, di que toda a tranquilidade do mundo. Nese sentido, facendo un pouco e recollendo esa declaración que facía antes a compañeira de ACdC, Olga, no sentido de que dende o BNG teñen á hora de tratar este tema a conciencia total e absolutamente tranquila, sabendo que non é un tema nin moito menos fácil, pero entenden que á vista dos feitos están facendo o correcto, por suposto, e de feito apenas, é dicir, non se trata para nada de desnudar ou de facer públicos segundo que datos persoais ou íntimos, por así dicilo, neste caso do concelleiro afectado.

Continúa dicindo que non é esa a súa misión neste pleno, e si o é, como en parte aquí xa se dixo, en certa maneira facer política. E eles politicamente entenden a estas alturas, máis aló desa consideración de que lles gustaría que estivera Óscar hoxe aquí, que é o seu alcalde, e é unha mágoa que non poida estar, e que está



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

seguro de que se del dependera lle gustaría estar, para eles esta é unha cuestión que afecta directamente ao alcalde de Cambre, e máis a teor da declaración que acaba de facer o alcalde accidental.

A eles parécelles moi ben que este tema estea *sub iudice*, por suposto, só faltaría, iso ten un percorrido xudicial. Se simplemente aquí se fala e se di non, isto está na xustiza, como o que ten unha tía en Portonovo, pois non, é dicir, se isto está na xustiza é porque efectivamente, aínda faltando por ver se é admitido a trámite, etc., é porque ten unha consideración que dende logo non é menor.

E di que eles deséxanlle neste caso a Jesús Bao, humanamente, a mellor e a maior das venturas, pero hai algo que resulta obvio aquí, e é que alguén terá que responder se efectivamente esa sinatura é súa, ou non é súa, se presentou esa nómina, ou non presentou esa nómina, porque esas non son as nóminas do Concello de Cambre. Explica que el como concelleiro recibe o que son as nóminas, que non son nóminas, son simplemente asistencias, pero chámanse así, veñen nun formato azul, cun papel troquelado que tes que abrir, é dicir, non é nin moito menos ese o modelo, e alguén, pois efectivamente, terá que dicir. Porque se o Sr. Rivas trae aquí ese documento e o Sr. Bao lles di, non, non, que el non asinou ese documento, que non ten nada que ver con iso, pois a esta hora estarían todos na casa ceando.

Polo tanto, se non é así, eles teñen que pensar que con independencia do percorrido xudicial que teña este proceso, politicamente non corresponde ter nunha xunta de goberno, con responsabilidades, ademais nunha área moi grande e moi sensible no Concello de Cambre, con moitos recursos económicos e de persoal, a unha persoa que, en fin, por circunstancias da vida está nesta situación. É dicir, serían politicamente irresponsables se accederan a facer normal algo que dende logo non é normal, porque ninguén no seu ámbito persoal, privado, familiar, empresarial, laboral, consentiría unha situación así.

Eles nese sentido entenden que, en fin, máis aló das vontades de cada quen, neste caso a persoa directamente implicada, por parte do alcalde de Cambre a decisión ten que ser total e absolutamente inmediata. É dicir, por suposto terán que ter, supón, unha charla privada, se procede, ou o que sexa, pero o que non pode dicir é que non, que eles van seguir con iso, como se, ben, en fin, ata que haxa unha resolución xudicial. Porque pon por caso, el agora sae deste pleno e mata a alguén, forma parte do equipo de goberno, e a resposta do equipo de goberno é, ben si, parece que matou a alguén, pero o caso está na xustiza, e entón pois mentres non se van pronunciar. Non é dende logo algo serio ou procedimental.

Continúa dicindo que el está un pouco perplexo, iso si, polo que aquí se lles trae, porque el tamén o quere dicir, el fala con moita clareza nos plenos, isto seguro que é do menos grave que ten pasado no Concello de Cambre en 20 ou 30 anos, coas que se teñen feito nesta casa, pero é grave, é gravísimo, é total e absolutamente impresentable.

Xurden multitude de preguntas. A el estalle xurdindo, dicir, isto, segundo se fixo cun banco para pedir un crédito, púidose facer con outros bancos, porque non o saben, el non o sabe neste momento. É dicir, é unha cuestión moi peculiar. Segundo o fixo un concelleiro, tamén o puido facer outro. Quere dicir que, en fin, é algo que non deixa de sorprendelo. Por outro lado está tamén o tema da falsificación da sinatura dunha funcionaria, neste caso, que se ve aí. O uso dun cuño do Concello de Cambre.

Volvendo ao principio, el cre que a estas alturas da noite, cre que dan todos por total e absolutamente superado se era idóneo, necesario ou non, debater esta cuestión. Por suposto que a estas alturas todos o ven como a cousa máis normal do mundo.

Di que insiste e remata. É loxicamente unha cuestión moi complicada, dende logo non é prato de gusto, e dende aquí xa di, a nivel persoal dende o BNG, e fala por todos e cada un dos seus militantes, humanamente non lle desexan absolutamente mal a ninguén, pero entenden que aquí se deben depurar responsabilidades, que cada quen ten que ser dono dos seus actos, e que a xustiza obre.

E a partir de aí, politicamente, insiste, e non quere, pero vaino facer, é dicir, e o fai con relativo cariño, se alguén sabe nesta Corporación como funciona a política en Cambre, e como funciona a xente en Cambre, é alguén como o alcalde, como Óscar García Patiño. El diso non ten ningunha dúbida, é unha persoa que coñece moito Cambre, que coñece moita xente de Cambre, que coñece moito a política de Cambre, e el vive pensando, e o di así publicamente, quere pensar que se o alcalde estivera neste pleno, nestes momentos habería xa alguén destituído da xunta de goberno, de maneira total e absolutamente inmediata.

Senón, e recollendo un pouco o que dicía a compañeira de ACdC, Olga Santos, eles deixarán de confiar. De feito xa lles está costando neste momento moito confiar nalgúen en que depositaron a súa confianza no pasado mes de xuño para ser alcalde de Cambre. Por que? Porque había moitos rumores, porque moita xente falaba, porque son cuestións que te chegan dun lado e doutro, e preguntaste que haberá de certo, que non haberá de certo, a xente fala, etc.. Pero realmente soubera ou non soubera o alcalde o que estaba a pasar, ou o que se dicía dalgún dos membros da xunta de goberno, agardan, e o din de maneira moi sinceira, que o conxunto do equipo de goberno estea á altura das circunstancias, se depuren as responsabilidades que se teñan que depurar, e non caian en falsos discursos de imos agardar, imos ver, isto está nos xulgados.

Di que por suposto que está nos xulgados, só faltaría que non estivera nos xulgados, pero a partir de aí politicamente o equipo de goberno, co alcalde-presidente ao fronte, terá que determinar se queren estar cunha persoa nunha situación así na xunta de goberno ou non. E eles na oposición terán que determinar se queren ou non, e o di de maneira total e absolutamente clara, nítida, transparente, seguir apoiando. Apoiando e poñéndolles fáciles as cousas a un Goberno que acaba de comezar, e confiando nel, moitas veces con algún que outro roce ou sinsabor, pero apostando por ese Goberno. As cousas son así de claras, e son moito máis sinxelas do que lles queiran facer ver.

Remata xa. Cre que non hai que facer, en fin, moitas veces folgan neste caso informes preceptivos, lecturas da Constitución, chamamentos á calma, etc. Todo iso é total e absolutamente inherente á condición humana, non lles pode pillar de sorpresa. El insiste, cre na boa fe e no bo facer dos seus compañeiros de Corporación, tanto desta como da anterior, de absolutamente todos os grupos políticos, e nese sentido cre que tamén teñen que dicilo, é dicir, como unha oda á política, porque a el gústalle a política. El é unha persoa que ten unha ideoloxía, e ten tamén un coche de 410.000 quilómetros ao que lle acaba de cambiar o motor, pois porque non ten cartos para comprar un coche novo, e non se lle ocorre falsificar unha nómina para comprar un coche, un deportivo, é que non acaba de entendela.

E en defensa, remata xa, da política, dende aquí reivindica a honradez de moita xente que se dedica, dun lado ao outro, dun prisma ideolóxico ao outro, á política, e teñen que facer o esforzo de madurez e de cabeza fría, de que quen non queira dalgunha maneira partillar esas regras do xogo, pois non debe estar con eles, porque o prexudicamento é para absolutamente todos.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que eles non son xuíces, isto é un pleno, pero ante a gravidade desta documentación, eles ven necesario que o Sr. Bao debe apartarse temporalmente das súas funcións, mentres non se pronuncie a Fiscalía. Pídenlle ao Sr. Bao que se quere dar explicacións agora, que as dea, se prefire facelo noutro momento, ..., pero claro, é que os feitos son gravísimos e cren que debería ser xa el voluntariamente quen zanzase iso, e senón o Sr. alcalde en funcións ten moito que dicir neste aspecto.

Engade que os ten collido a todos por sorpresa, polo menos ao seu grupo, pero a loita contra a corrupción política ten que ser taxante, por parte de todos os grupos o é, e aquí haberá que decidir que contido ten isto. Se realmente é así tan grave, pois apoian o que explicitamente teñen dito o resto dos grupos.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que non dubide o Sr. Carballada que mañá pola mañá, ás 8 da mañá, que é o que pedían, a primeira cuestión que se vai tratar dende a Alcaldía e o Goberno, vai ser este asunto, e que se van facer as inspeccións, investigacións ou acotacións posibles, e que se tomará unha decisión. Dille que non o dubide.

Toma a palabra o Sr. presidente, quen manifesta que para rematar este debate el o que quería dicir é que reitera o dito, a presunción de inocencia está aí. El non lle vai dar, en principio, máis ou menos credibilidade aos documentos que aparecen como probas neste documento. Entende, como dixo, que iso corresponderá á Fiscalía, e que nun tema como este, dende logo eles non se van precipitar. O Sr. alcalde poderá adoptar as medidas que considere oportuno en canto á situación no Goberno por parte de Jesús Bao.

Evidentemente hai uns trámites, hai unha serie de actuacións xudiciais a levar a cabo, e chegará o momento no que se a realidade da denuncia, os feitos que se denuncian son así, chegará o momento no que se tomen as medidas que procedan. Dende logo eles, nesta situación que se lles presenta de improviso e antes de tomar ningunha decisión, por cautela e por defensa da honorabilidade que neste momento se pon en tea de xuízo por parte de moitos membros da Corporación, e cos datos que teñen enriba da mesa, non poden tomar unha decisión, e, dende logo, o seu voto á moción presentada polo PP vai ser en contra.

Don Daniel Carballada Rodríguez pide a palabra por alusións, simplemente no que ten que ver con poñer en dúbida.

O Sr. presidente dille que non houbo alusión de ningún tipo.

O voceiro do BNG dille que si, que houbo unha alusión cando dixo que se estaba poñendo en tea de xuízo a honorabilidade dun concelleiro. Dille que quen está poñendo en tea de xuízo a honorabilidade dese concelleiro é o propio concelleiro, no punto e hora que se lle acaban de formular unha serie de preguntas concretas, nomeadamente por parte da representante de Ciudadanos, e non tiveron resposta.

Di que por parte do BNG non están acusando a ninguén de nada, simplemente pediron unhas explicacións, e non se lles están dando.

O Sr. presidente manifesta que ao que non está disposto é a que o Pleno da Corporación se constituía nun órgano que vulgare a honorabilidade e as actuacións no ámbito privado dun concelleiro da Corporación. Nese sentido a súa responsabilidade é someter a votación esta moción, e sométese a votación.

Sometida a votación ordinaria a moción presentada, votan a prol os seis concelleiros do PP, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Votan en contra os catro concelleiros presentes de UxC e os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE.

A Corporación, por once votos a prol, aprobou a moción formulada polo grupo municipal popular, que consta do seguinte acordo:

Instar ao Sr. alcalde do Concello de Cambre ao cesamento do concelleiro delegado de Asuntos Sociais, Jesús Bao, así como á personación nas actuacións xudiciais que se leven a cabo ao respecto en defensa dos intereses do Concello de Cambre.

Cando son as 23:10 horas, don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, diríxese ao Sr. presidente e manifesta que tendo en conta os feitos precedentes, pide desculpas e pídelles que lle permita ausentarse do pleno.

O Sr. presidente autoriza ao concelleiro a abandonar o salón de sesións.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo de ACdC-SON. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes neste momento na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal de ACdC-SON sobre a retransmisión dos plenos

Rexistrada de entrada ao núm. 0/9701 o día 23 de outubro de 2015, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“A importancia das novas tecnoloxías da información e da comunicación nas administracións públicas faise patente cunha cada vez maior presenza de ferramentas informáticas que permiten ao cidadán o acceso a información e aos trámites administrativos.

A crecente democratización da información a través do abaratamento dos medios e das melloras técnicas, permite hoxe en día que a tecnoloxía estea presente en case todos os ámbitos da vida.

Os plenos municipais, como lugar de toma de decisións e debate de asuntos que afectan directamente aos vecinos do municipio teñen que ter o carácter público necesario, para que todos os veciños poidan ter a mesma oportunidade de coñecer directamente o seu contido.

A adaptación dos concellos (como medio máis cercano e directo no trato co cidadán) a estes cambios dixitais é o que establece a Lei 11/2007 de administración electrónica e os seus desenvolvementos posteriores, que obriga aos consistorios a establecer as fases de implantación destes dereitos esixibles polos cidadáns en todo o que afecta ao seu acceso electrónico aos servizos públicos. Falamos, por tanto, de cuestións que teñen que ver coa transparencia e cun modelo de goberno aberto.

Así mesmo, o acusado distanciamento da política en relación coa sociedade debe acurtarse a través dos mecanismos que faciliten a transparencia das decisións tomadas polos representantes públicos.

O desenvolvemento e abaratamento das tecnoloxías da información pon ao alcance da man de calquera concello a posibilidade de ofrecer aos cidadáns e a baixo custo unha comunicación directa sobre aquelas cuestións que lles afectan e que se debaten e dirimen nos plenos municipais, cuxas sesións son públicas pero non sempre contan coa afluencia que desexaríamos, porque tamén temos que ter en conta que cuestións como os problemas de mobilidade, a idade, ou responsabilidades de todo tipo impiden a moitas persoas, desprazarse ata o concello e saír da casa para asir aos plenos, o que non significa que non estean interesados neles.

É a nosa obriga facilitarlle a todos os vecinos a opción de seguir o debate no que se toman acordos que les repercuten directamente.

A proposta que presentamos nesta moción pode ser levada a cabo cun mínimo de investimento económico, que redundará na participación veciñal, na imaxe que transmita esta corporación e no crecemento dentro dunha sociedade dixital.

Polo exposto, o grupo municipal da Asemblea Cidadá de Cambre propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Dotar de medios técnicos para a gravación de imaxe e son, dos plenos municipais e a súa emisión en directo a través de “streaming” ou calquera outro dispositivo de similares características. No caso de que o custe da transmisión en directo non sexa asumible a emisión farase en diferido na páxina web do Concello.

Segundo: Habilitar espazo visible e facilmente accesible na web municipal na que hospedar as diferentes gravacións, con indicacións da data de celebración e sesión que se pode visualizar, para a consulta en diferido de sesións xa celebradas.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Terceiro: Utilizar os medios de información do Concello, tales como a propia páxina web ou os paneis informativos, entre outros, para anunciar as retransmisións e informar aos veciños desta opción de participación na vida política do concello.”

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que eles non poden máis que estar de acordo con esta proposta, pero si van expoñer outro tipo de cuestións. A implantación deste tipo de servizos vai dende 7.000 euros a 30.000 euros. A eles parécelles un tema suficientemente interesante, con base na transparencia, para levalo á xunta de voceiros e empezar a estudalo e empezar a avalialo.

Isto xa ten vido en anteriores ocasións a este pleno. Normalmente apróbanse as mocións, pero despois non se levan adiante. Eles propoñen outra cuestión, darlle a volta a cousa, falalo na xunta de voceiros e facer que sexa eficaz. Esa é a proposta que eles fan.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que eles, durante a campaña política deste último ano, fixeron uso deste medio, cun custo total de menos de 0 euros, porque é moi sinxelo, son cinco pasos na plataforma Google Plus, á que se accede cunha conta que pode ser privada, ou pode ser dunha corporación, ou pode ser pública, e a través de cinco sinxelos pasos conectas unha cámara web, que pode estar instalada incluso aquí, cun trípode, e con 80 euros tes unha cámara web HD con capacidade para iso, e ten así mesmo capacidade para conectarse ao sistema de son, de tal maneira que quedarían resoltos os dous problemas, o visual, pola gravación, e as palabras polo tema este, así que 30.000 euros tampouco poden ser.

Os prezos aos que o Sr. Leirós se refire están véndose en máquinas acopladas xa especificamente para facer o streaming. Ese é un tema do que, como o mesmo concelleiro dixo, pódese falar para poderse levar dunha forma máis profesional, como queiran chamala, pero o feito é que este servizo pódese estar dando xa dende mañá mesmo aos veciños. Conectándose desta maneira, sinxela, sinxela, e cun investimento de 80 euros como moito, estaría resolto o problema da retransmisión dos plenos.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que insiste, que non é un problema só de dar información, é un problema de dar calidade de información. Eles non coñecen estritamente este campo, o que fan é asesorarse cos técnicos que coñecen este tema, e o que lles din é que eses procedementos que o Sr. concelleiro propón, teñen unha deficiencia de calidade. Primeiro porque unha cámara colocada aí habería que xirala, porque fala un de atrás, fala un de diante, en fin.

O que pregunta é por que non buscan outra resposta mellor, que é xuntarse na xunta de voceiros, que para iso está, falar do tema, levalo adiante, informarse ben e poñelo a funcionar. Están votando que si á moción, pero o que din é que vai ser unha moción que probablemente vai quedar aí. Eles o que queren é facela eficaz, que non quede aí, que sexa eficaz, nada máis.

Concedida a palabra a don Juan Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta que eles van votar a prol da moción. Todo o que sexa transparencia, e entre outras cousas eles traen un rogo falando da transparencia, é loable. Lembran que hai algúns anos, hai xa máis de doce anos, o grupo municipal popular tamén loitaba porque se gravaran, aínda que fora só con audio, as sesións do pleno. Agora están evidentemente a prol de que todo o pobo o vexa, máxime en virtude da Lei de transparencia, que entra en vigor xa o vindeiro día 11 de decembro, pois este é un medio máis para que todos os veciños de Cambre saiban que é o que se vive na vida municipal do seu propio pleno.

Polo tanto, agradecen a ACdC-SON que veña aquí e lles presente esta moción, que vai contar co voto do PP.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que eles están totalmente de acordo en que se facilite seguir por streaming as sesións plenarias, de feito eles tamén o levaban no seu programa. Explica que se aínda non o tiñan presentado foi precisamente porque dotar dos medios técnicos para a súa execución leva consigo un custo importante que hai que valorar.

Eles incluso, se inicialmente o custo puidera ser un problema, tamén valoraron a posibilidade de difundir a través da web do concello as gravacións de audio, íntegras, das sesións plenarias, mediante un sistema de busca no cal sexan facilmente localizables os distintos puntos da orde do día, iso supoñendo que inicialmente por streaming saíra demasiado caro, para poder ir directamente ao punto que á xente lle interesara.

Cren que debería facer un estudo, conxuntamente co departamento informático, e como ben dixo o Sr. Leirós, seguramente nunha xunta de voceiros ou nalgún tipo de reunión poderían valorarse estas alternativas. Polo tanto, van apoiar esta moción, pero cren que ese estudo debe de habelo, e esa comunicación co departamento informático tamén.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

Este punto non foi utilizado.

4.2. Rogos

Rogos do PP presentados por escrito

Registrados de entrada ao núm. 0/9718 o día 24 de outubro de 2015.

1º Entre as obrigas que establece para as Corporacións locais o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o seu artigo 86 dispón que *“As entidades locais están obrigadas a formar inventario valorado de todos os bens e dereitos que lles pertencen, do que se remitirá copia ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma e que se rectificará anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación”*. Obriga que estimamos de especial importancia se temos en conta que toda administración pública debe ser consciente en todo momento de que bens e dereitos é titular, non só para desfrutalos e utilízalos, senón tamén para poder defendelos e salvagardalos fronte a terceiros.

No mesmo sentido, o Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens de entidades locais dispón no seu artigo 17.1º que *“As Corporacións locais están obrigadas a formar inventario de todos os seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición”*; especificando no seu artigo 18 que *“No inventario reseñaranse, por separado, segundo a súa natureza, agrupándoos a teor dos seguintes epígrafes:*

1º *Inmobles*

2º *Dereitos reais*

3º *Mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico*

4º *Valores mobiliarios, créditos e dereitos, de carácter persoal da Corporación*

5º *Vehículos*

6º *Semovientes*

7º Mobles non comprendidos nos anteriores enunciados

8º Bens e dereitos revertibles”

Do exposto queda constada a importancia de que toda administración pública teña inventariados todos os bens e dereitos de cuxa titularidade dispón. Pese a iso, o Concello de Cambre non ten a día de hoxe o dito inventario.

De aí que o Grupo Municipal Popular sendo consciente de que se está traballando na elaboración do dito documento dende hai anos; interesa que o equipo de goberno informe en sesión plenaria en que estado da súa elaboración se atopa actualmente a redacción do inventario de bens.

O Sr. presidente contesta que, como moi ben di, en decembro do 2012 xa entrou no concello o traballo realizado pola empresa contratada no seu momento para a realización do traballo de campo do inventario de bens do Concello de Cambre. Están falando do 4 de decembro do 2012. Incorporáronse as modificacións solicitadas polos técnicos da Sección de Planeamento e Xestión con respecto a ese traballo presentado en xullo dese mesmo ano.

Entenden que é un traballo especialmente importante, que hai que facelo con moita cautela, teñen a base documental para poder seguir traballando nel, e o que están pendentes agora mesmo é de que por parte dos servizos técnicos se revise o traballo presentado, tendo en conta que eles mesmos amosaron a súa preocupación xa en plenos da anterior lexislatura respecto de que non tiveran incorporación ao documento base do inventario de bens unha serie de camiños que entenden poden ser de natureza pública, e que é un traballo que hai que revisar para no posible non prexudicar aos veciños.

Conclúe dicindo que niso están.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira do PP, pregunta se teñen un prazo para ter ese informe realizado.

Don Augusto Rey Moreno contesta que o PP recibiu o traballo na anterior Corporación, en decembro do 2012, ou sexa, estiveron tres anos e medio sen facer nada, pois pídelle que lles dean a eles polo menos a oportunidade, xa non dese prazo, xa lles di que o van acabar bastante antes que eles.

Dona Rocío Vila Díaz sinala que só lle estaba preguntando se tiñan un prazo.

Don Augusto Rey Moreno dille que xa sabe que é un tema especialmente complicado.

2º No pleno municipal celebrado o pasado día 16 de setembro, o Grupo Municipal Popular, solicitou do equipo de goberno que informara sobre as previsións levadas a cabo por el ante a inminente entrada en vigor da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, popularmente coñecida como “Lei de transparencia”; norma que, auspiciada polo goberno nacional do Partido Popular, foi aprobada polo Parlamento Español no mes de decembro do 2013.

Na dita solicitude, o Grupo Municipal Popular advertía que a Disposición Final Novena da dita lei regulaba a súa entrada en vigor de forma gradual, destacando polo que á nosa instancia municipal interesa, que *“Os órganos das comunidades autónomas e as entidades locais disporán dun prazo máximo de dous anos para adaptarse ás obrigas contidas nesta lei”*.

Conforme co anterior para as entidades locais e, entre elas para o Concello de Cambre, a mencionada norma lexislativa entra en vigor o vindeiro 11 de decembro de 2015, coas obrigas e actuacións que nela se prevén para cidadáns e institucións; o que obriga a adaptar o noso concello aos seus preceptos.

Ante a falta de contestación ao dito rogo, o Sr. alcalde comprometeuse na dita sesión plenaria a contestar por escrito e a entregar informe ao respecto. Ante a prása da entrada en vigor da dita lei e a importancia de adoptar medidas para a súa mellor aplicación, o pasado 21 de setembro, o Grupo Municipal Popular solicitou no noso concello, esta vez por rexistro, informe escrito no que se detallaran cales son as medidas que se están adoptando nas distintas concellerías para o seu efectivo e correcto cumprimento; informe que a día de hoxe tampouco ten sido emitido.

Transcorrido máis dun mes e medio dende a primeira solicitude de informe e a menos de mes e medio da entrada en vigor da mencionada lei, o Grupo Municipal Popular, volve interesarse por terceira vez, que se informe *in voce* nesta sesión plenaria sobre as medidas que se están adoptando no noso concello para a aplicación efectiva do mencionado texto lexislativo, sen prexuízo da entrega inmediata do informe escrito ao que se comprometeu o Sr. alcalde en sesión plenaria celebrada o 16 de setembro.

Don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que se alegran moito de que o PP empece a falar de transparencia. Alégranse moito, iso quere dicir que lles parece un tema importante.

Entenden perfectamente a súa ansiedade en que se cumpra a Lei de transparencia e bo goberno. Quere lembrarlles que esta lei aprobouse no ano 2013. Eles chegaron aquí en xuño ou xullo, el comezou en xullo deste ano. Pídelles que lles dean unha marxe de tempo, pero ademais quere dicirlle que non se preocupe, que o Concello de Cambre se de algo pode estar orgulloso é da súa páxina web e da transparencia que nela mantén, non por este Goberno municipal, senón polos anteriores.

É certo, aínda que non o crean, que o Concello de Cambre agora mesmo está nun 90% de cumprimento da Lei de transparencia, aínda que non o crean. Esa é a realidade, non polo actual Goberno, senón polo Goberno do PP e polos anteriores, nun 90%. Quedan flocos por resolver, pero ata o día 11 de decembro teñen tempo e cre que resolverán os problemas e se adaptarán.

Don Juan M^a Abalo Castex, concelleiro do PP, lembra en primeiro lugar ao concelleiro Juan Leirós que precisamente foi o Goberno do PP o que levou ao Parlamento nacional a aprobación da Lei de transparencia, é dicir, máis interesado que o Goberno do PP non ten sido ninguén, porque cando chegou ao goberno, unha das primeiras medidas lexislativas que adoptou nesta lexislatura que agora remata, foi precisamente aprobar unha Lei de transparencia, polo tanto pídelles que non lle diga que benvidos á transparencia, cando eles, o PP, foron os que instaron a nivel nacional a Lei de transparencia.

E a nivel desta Corporación municipal teñen que ter en conta que durante o Goberno do PP, que aínda non estaba aplicándose a Lei de transparencia, porque entra en vigor o vindeiro 11 de decembro, si que houbo avances en canto á sede electrónica, ou sexa, os medios técnicos xa estaban preparados polo Goberno do PP, outra cousa é que a lei entre en vigor o día 11 con toda a serie de obrigas que trae consigo. Hai que formar ao persoal, teñen que saber que información é a que se vai dar, que departamento é o que vai estar encargado de dar a información. Pregunta que tipo de información é a que se vai dar, porque hai información que pola Lei de protección de datos non se poderá dar.

Ou sexa, son toda unha serie de complexidades, e toda administración pública xa se ten atopado con eses problemas, pero agora é a administración local a partir do 11 de decembro. Non queda tempo, e están advertíndoo dende un dos primeiros plenos. Non queda tempo, non queda moita marxe de tempo, ao revés do que o Sr. concelleiro di.

Por iso instan, e esta é a terceira vez, a que se lles informe de que vai pasar coa aplicación da Lei de transparencia, porque se temen moito que non se estea adoptando ningunha medida, e a partir do día 11 vai haber unha serie de obrigas para esta administración, que vai ter que saír do paso.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Don Juan González Leirós responde que a Lei de transparencia non a ten inventado o PP. Xa no ano 2007...

O voceiro de UxC interrompe a súa resposta para dicir que lles agradecería que o deixaran falar, que el a eles os ten escoitado, con paciencia, ademais.

Continúa dicindo que a Lei de transparencia non a ten inventado o PP, xa no ano 2007 Galicia tiña a súa Lei de transparencia, co cal non a teñen inventado. As formulacións que fai a Lei de transparencia neste último ano, esta Lei de transparencia, a do 2013, tampouco superan en gran medida ás condicións da lei galega. A especifica, a matiza, pero tampouco especifica en gran medida.

O que lles está dicindo é que están facendo o traballo para adaptarse á Lei española do 2013, e cren que van chegar a tempo, agás pequenos flocos que ven.

Si é verdade que hai un problema, que é o problema da formación do persoal, e si é verdade que o Estado non os deixa contratar maior funcionariado. E si é verdade, como saben, que os departamentos que están adaptados para ese tipo de condicións, non teñen persoal suficiente para levalo a cabo.

Como saben, teñen un bo, sorprendentemente, e el llelo di porque non o cría así, si teñen un bo persoal funcionario. Cren que é un persoal que se dedica, pero o persoal funcionario que hai, eles mesmos se queixan de que non hai persoal suficiente para mantelo. Isto é importante, pódese pedir, pero se non hai para dar, é difícil.

Conclúe dicindo que se manterá un equilibrio, que xa se ten falado, xa se ten comentado co persoal funcionario. Eles están dispostos a facer un esforzo. O Goberno ten dado a orde de que se cumpra a lei, eles están dispostos a facer un esforzo. Cre que entre todos van conseguir levar isto adiante, pero con cautela.

Don Juan M^a Abalo Castex pide intervir.

O Sr. presidente dille que non, que non está no uso da palabra. Formúlase o rogo, contestación, réplica e dúplica. É o que houbo, pregunta se o entenden, e pide que pasen ao seguinte rogo.

3º No pasado mes de febreiro, dende a Concellería de Facenda e Promoción Económica do Concello de Cambre convocouse o XV Plan municipal de formación para o emprego. No dito plan municipal incluíronse diversos plans para formar aos nosos veciños en ámbitos tan diversos como o coaching para o emprego, branding persoal e busca de emprego; informática a nivel de iniciación e a nivel avanzado; prevención de riscos laborais para a construción e o metal; preparación da ESA e preparación da proba de avaliación en competencias clave. Adicionalmente ofertouse un curso de marketing dixital cun custo de 30.000 euros dos 80.000 euros que o goberno municipal anterior orzamentou para plans formativos a realizar no exercicio 2015.

Con esa primeira programación pretendíase ofertar unha formación de carácter máis xeral que permitira aos seus destinatarios acceder en mellores condicións ao mercado laboral elevando a súa cualificación profesional; todo iso no marco dun mercado laboral como o actual, no que a formación e a especialización supoñen un plus no proceso de busca de novos empregos.

A dita programación incluía a convocatoria, nos seguintes meses, dunha segunda fase dentro do mesmo Plan municipal de formación; xa que á vista dos resultados producidos entendíase que a formación e a especialización deben ser as principais ferramentas a ter en conta no momento da busca de emprego, mellorando desta forma a cualificación profesional dos nosos veciños, que obterán os coñecementos e habilidades que están sendo actualmente demandados no mercado laboral. Importancia vital que xustifica que os plans municipais de formación deban ser prioritarios para o traballo desenvolvido dentro dunha concellería de promoción económica.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Faltando apenas dous meses para a finalización do ano 2015 e pasados case cinco do novo goberno municipal; descoñécese cal ten sido o destino desa segunda fase do XV Plan municipal de formación para o emprego do Concello de Cambre; plan para o que se atopa reservada unha ampla partida orzamentaria. Razón pola cal o Grupo Municipal Popular interesa da concellería competente en materia de Promoción Económica informe sobre o particular; que deberá ser comprensivo, entre outros, das actividades desenvolvidas nel, destino da segunda fase prevista para a súa realización efectiva no 2015, así como destino da partida orzamentaria reservada para a súa realización.

Dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, explica que o Plan de formación XV que a propia concelleira popular deseñou para o ano 2015, contaba cun orzamento de 80.000 euros. Gastáronse 22.968 euros, e ese plan, que incluía sete cursos máis o de marketing dixital, que era outra partida de 30.000, comezaron en marzo e acabaron no mes de maio. Marketing dixital o 28 de xullo.

A planificación deses cursos, e a súa posta en marcha, decidiuse en outono do 2014. A concelleira Marta Vázquez Golpe dixo en febreiro, publicamente, que se trataba dunha primeira programación, xa que nos vindeiros meses se convocaría unha segunda programación dentro dese mesmo plan. Pero o certo é que a concelleira do PP nunca programou nin planificou ningunha segunda fase do plano, polo tanto di que a pregunta tería que facerlla ela.

Pregúntalle que fixo dende o mes de febreiro ao 13 de xuño, cando deixou o goberno local. Nada, e dille que xa sabe por que. Non o fixo porque non había planificación e, por outro lado, as técnicas confirman que o centro dende o mes de maio ata o mes de novembro está ocupado polos cursos de AFD e obradoiro de emprego.

Polo tanto, ela no que está traballando, que leva catro meses, dende o mes de setembro, é en desenvolver o XVI Plan municipal de formación, que comezará en decembro ou xaneiro, nunca antes e, dende logo, de forma planificada. As propias técnicas aseguran que sería tecnicamente inviable, por falta de espazo, mentres coincidira co resto de plans formativos.

Conclúe dicíndolle á concelleira popular que ela iso viuono.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, dille que non á concelleira de Desenvolvemento Socioeconómico. Dille que non se confunda, que a ve un pouco perdida e demasiado confundida. No mes de febreiro do ano 2015 prográmasse a primeira parte do plan de formación municipal, cun orzamento de 80.000 euros, menos 30.000 que xa se tiñan investido no plan formativo de marketing dixital.

Nada máis e nada menos que nesa primeira parte do plan de formación municipal programáronse seis cursos, sete se contan o de preparación para a ESA, sete cursos. Ben é sabido que durante os catro anos de goberno do PP, as partidas destinadas a emprego non teñen feito máis que crecer, e todos os anos ten habido plans de formación municipal e a partida ten quedado esgotada completamente en todos os meses de decembro, en cursos para desempregados.

A concelleira di, efectivamente, que a primeira parte do plan de formación se programou en febreiro e terminou no mes de maio. O novo equipo entra no mes de xuño, e están case no mes de novembro, e a concelleira está confirmando publicamente que nin sequera teñen unha previsión de en que gastarse os 52.000 euros que corresponden a plans formativos para os desempregados de Cambre.

Parécelle vergonzoso que faga esa afirmación nun pleno e afirme que non pensa convocar ningún curso ata o mes de xaneiro, tendo 52.000 euros de partida para iso.

Outra das cousas que lle reprochan é que diga que o Centro de Formación Ocupacional está ocupado. Pregunta se é que se o Centro de Formación está ocupado xa non se poden facer cursos formativos, xa non se pode dar formación. Se quere ela dálle as solucións, se quere dálas ela.

Son 52.000 euros de partida que se perden no ano 2015, por non facer a Concellería de Promoción Económica, os plans formativos que tería que ter programado.

Dona M^a Dolores Blanca García Fernández manifesta que, en primeiro lugar, teñen en marcha os cursos. Ela non ten dito en ningún momento que non teñan ningún. Empezaron en setembro, ela leva catro meses, e dende setembro está traballando en empezar novos cursos, co cal teñen contratado con empresas e profesionais, para a súa programación, Device consultora programas de emprego e rama comercial de empresas e soldadura.

Dille que non pode dicir que non teñan ningún curso, e reitera que ela leva catro meses. A concelleira popular estivo catro anos. Por iso, leva catro meses e estalle dicindo o que ten, e se quere, para máis información dille que vaia pola súa oficina e que lle poderá responder e ensinar os cursos que van facer.

Rogos de ACdC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/9701 o día 23 de outubro de 2015, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Moitos dos nosos veciños almacenan nas súas casas uralitas vellas que non teñen posibilidade nin de tirar, nin de reciclar nin de levar a punto limpo ningún, e solicitar a retirada a algunha das empresas autorizadas pola Xunta de Galicia é tan gravoso que se fai imposible para un particular desfacerse dun material potencialmente moi perigoso e nocivo para a saúde.

Sen afán de ser alarmistas pero si co ánimo de informar, debemos recordar que o amianto é de tal natureza que unha vez inhalado ou ingerido permanece eternamente no corpo e as súas fibras non se eliminan.

A exposición ao amianto pode derivar en enfermidades de carácter moi grave tales como o cancro de pulmón, larinxe, ovarios, placas pleurais, mesotelioma etc. Ademais o amianto caracterízase por ter un período de latencia entre a súa asimilación no corpo e a manifestación destas enfermidades, podendo pasar ata 20 anos ata que se manifestan.

Aínda que o seu uso está prohibido dende 2002, podemos ver en moitísimas casas do noso concello, pranchas almacenadas nos galdóns, teitos ou conducións de auga nos tellados.

Tamén debemos ter en conta que canto máis deteriorado está o amianto mais perigoso é porque ten máis posibilidades de que se desprendan as fibras que o forman e a posibilidade de inhalalas.

Con base no anteriormente exposto dende a ACdC pregamos:

Que o Goberno inicie unha campaña para desamiantar as chapas de uralita que os veciños teñen almacenadas nas súas casas. Entendemos que a dita campaña deberá comezar por inventariar as chapas existentes e a información aos veciños en colaboración coas AAVV sobre a conveniencia incluso de desfacerse das que aínda teñan colocadas. Unha vez coñecida a dimensión de amianto coa que nos atopamos, establecer contacto cunha empresa especializada para retirar as chapas de uralita do noso concello, así como calquera outro tipo de material que o conteña.

Don Juan González Leirós, voceiro de UxC, expón que o problema de todo isto, estando de acordo con todo o que expoñen, é que iso vale cartos. Todo o que vale cartos está suxeito a un orzamento e teñen que avaliar cal é



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

o equilibrio orzamentario tamén respecto dese asunto. Vale cartos e necesita de persoal, e non de persoal exclusivamente que vaia ver o que é unha uralita, para a detección do amianto necesítase avaliar que hai amianto, é dicir, non é tan fácil nin tan sinxelo.

A segunda operación é que eles van e detectan o amianto, e agora o propietario ten que quitar o amianto, ou pregunta se é o concello quen quita o amianto. Di que lle está preguntando porque o problema é o seguinte, estando de acordo con eles, iso hai que poñelo a funcionar, e poñelo a funcionar vale diñeiro, e agora mesmo non están en condicións, con persoal específico, para realizar ese tipo de tarefas.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que, estando completamente de acordo con ese tema, o que si non custa cartos, unicamente un pouquiño de tempo, é solicitar das asociacións e pasearse polas diferentes casas para detectar e inventariar ese tipo de residuos.

Don Juan González Leirós contesta que de acordo, que ás veces falando se entende a xente, e ese é o aspecto. Tamén piden dos grupos políticos, que tamén están na sociedade no seu conxunto, que transmitan este tipo de cuestións. Quere dicir que ACdC tamén está cos veciños, tamén pode transmitirllo, o PP pode transmitirllo, poden facer todos unha xuntanza nese sentido e producirse ese efecto.

2º Con ocasión do inicio desta lexislatura dende a ACdC solicitamos ao Goberno o Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais actualizado do noso concello cos datos de contacto para poder establecer comunicación coas diferentes asociacións.

O documento que se nos fixo chegar ademais de non estar actualizado é incompleto, faltando nel datos básicos de contacto coas diferentes asociacións.

Cabe recordar que calquera asociación que queira acceder a recursos municipais ten que estar inscrita neste rexistro motivo polo que é esixible que os datos de contacto telefónicos, de correo postal ou web e correo electrónico, así como o domicilio e membros da directiva deben estar actualizados no devandito rexistro.

Pregamos:

Se actualice o rexistro de asociacións e se nos faga entrega do material solicitado actualizado e cos datos correctos para poder levar a cabo o noso labor como representantes electos da Corporación. Esta información actualizada tamén o terá que ser na páxina web do concello para que os veciños poidan acceder aos datos daquelas asociacións que sexan do seu interese.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro da Área de Cultura e Tradicións Populares, contesta que en relación con esta petición, a súa concellería proporcionoulle os datos que permite a lei. O artigo 236.4 do Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais establece e esixe unha serie de datos entre os que non se atopa o teléfono como dato obrigatorio. Pola Lei de protección de datos de carácter persoal o teléfono considérase confidencial, de tal xeito que non se poderá ceder a terceiro.

Conclúe dicindo que, polo tanto, proporcionáronselles os datos que constan nese rexistro.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que entón están tamén incorrendo nunha ilegalidade, porque hai algúns teléfonos destes temas.

Di que entendendo que as asociacións forman parte do tecido social do concello, e atendendo ao artigo 7 do epígrafe g) do Regulamento de participación cidadá, no que di que o Goberno ten que facilitar á poboación o coñecemento da rede asociativa local a través da difusión do Rexistro municipal de asociacións. Chegando a ese punto eles o que solicitaron foi esa listaxe, e o que se lles entregou foi a listaxe que está na páxina web.

Esa listaxe, como acaban de dicir no rogo, é o obxecto deste rogo, actualizar e completar ese tipo de listaxes. É o obxecto do seu rogo, a eles non se lles entregou esa documentación, co cal eles non poden poñerse en contacto cos veciños, coas asociacións e cos distintos colectivos.

Conclúe dicindo que a súa petición vai por ese lado.

Don Ramón Boga Moscoso contesta que efectivamente, respecto desa actualización, de acordo coa ordenanza municipal de participación cidadá que acaba de nomear, no artigo 34 enumérase a documentación necesaria para inscribirse no Rexistro municipal de entidades veciñais. Na alínea n) inclúese unha autorización para a incorporación dos datos da entidade no directorio, iso sen prexuízo do debido cumprimento do previsto na normativa vixente en materia de protección de datos.

Pois ben, di que as asociacións que solicitaron a súa inscrición a partir da data de entrada en vigor desta ordenanza, achegaron o documento, é dicir, achegaron os datos, pero non a maioría. É dicir, esa é unha obriga deles que o teñen que facer, e a maioría non o fixeron.

Agora mesmo están nun momento en que acaban de aprobar o tema das subvencións, e van aproveitar para mandarlles unha carta lembrándolles a súa obriga. A partir de que cubran iso, poderanse publicar na web cos teléfonos e con todos os datos pertinentes.

3º A oficialización da toponimia dos lugares e rúas do concello ten sido motivo de controversia e discrepancias entre os veciños/as e na propia Corporación. A toponimia trata de oficializar os nomes con que a xente se sinta cómoda e se recoñeza neles. Resulta preciso subliñar a importancia que ten a sinalización das denominacións, como garante dunha parte fundamental da nosa historia e do seu coñecemento no futuro, tendo en conta o seguinte:

1. A toponimia tradicional, que é un patrimonio cultural local
2. O sentir común dos residentes tradicionais
3. A funcionalidade e claridade das denominacións

No ano 2004 ou 2005 fíxose un estudo de toponimia neste concello, onde figura o nome da rúa "O Sixto", pois ben, na placa que identifica esta rúa está inscrito o nome de "O Xisto", unha denominación que non se corresponde coa realidade, ocasionando confusións e degradando a historia do noso pobo.

Ante a ausencia dunha ordenanza reguladora para esta cuestión, pregamos se cambie a mencionada placa polo nome que corresponde (rúa O Sixto), logo da comunicación aos veciños/as da dita substitución.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro da Área de Cultura e Tradicións Populares, contesta que efectivamente hai que cambiar a placa, está clarísimo. Que conste que a placa non trata de oficializar nada, a toponimia é unha ciencia da lingüística que se ocupa de estudar de onde veñen os nomes das cousas, e o nome das cousas é en galego, hai que conservarlos en galego, obviamente.

Dende logo "O Xisto" é unha cousa e "O Sixto" é outra, claramente diferentes, polo tanto, teñen que falar co departamento correspondente, e van cambiar inmediatamente a placa, e agradécelles por avisar.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/9721 o día 24 de outubro de 2015.

1º Rogamos solucionen os problemas de iluminación da rúa Pintor Pablo Manzano.

O Sr. presidente explica que a fin de semana houbo un sinistro nesa rúa, cun camión que rompeu un farol e saltou o diferencial. Agora o servizo está repostado e en funcionamento, á espera do farol da esquina que rompeu o camión, dado que se está reparando no taller. A previsión é que esta semana quede repostada.

Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, agradece a resposta e engade que trouxeron este rogo tamén en función e sabendo que o grupo municipal de EU, en anos anteriores, trouxo ese rogo tamén historicamente, pero di que grazas pola contestación.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que un pouco nese sentido querían aclarar tamén dende o seu grupo que os problemas de iluminación nas rúas non son os únicos que teñen, porque ata hai pouco tempo veciños de Cambre e de Cela, usuarios...

O Sr. presidente intervén para dicirlle ao Sr. concelleiro que o que non se pode facer é sobre un rogo dun grupo formular un rogo diferente.

Don Antonio Bruquetas Santos manifesta que non está facendo ningún tipo de rogo.

O presidente dille que se ten algo que engadir á manifestación do rogo que presenta o BNG, que o faga, pero facer un novo rogo cando están falando de Cela, parécelle que non procede.

Don Antonio Bruquetas Santos dille que non o deixou acabar, e daquela non sabe se está falando de Cela ou dun caso concreto que se produciu en Cela. Pídelle que o deixe terminar, por favor.

O Sr. presidente dille que aquí están falando da rúa Pintor Pablo Manzano.

Don Antonio Bruquetas Santos dille que dun problema de iluminación.

O Sr. presidente dille que si, na rúa Pintor Pablo Manzano.

O concelleiro de ACdC-SON, dille que el vaise referir a un problema de iluminación.

O Sr. presidente preguntalle que onde, ao cal o Sr. concelleiro dille que no Concello de Cambre.

Don Augusto Rey Moreno dille que non, que aquí están falando dun problema de iluminación na rúa Pintor Pablo Manzano, se ten algo que engadir en canto a iso, dille que o faga, senón xa lle chegará o seu momento de formular os rogos.

2º Rogamos leven a cabo a limpeza integral do terreo situado ao carón da perruquería Carmela con frontal á estrada Cambre-O Temple.

Don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que efectivamente necesítase limpar e teñen conciencia deste tema. Abriuse un expediente, pero teñen un problema gordo administrativo, xa que a empresa propietaria dese terreo de súpeto non ten ningún administrador, polo tanto non ten ningún interlocutor ao que dirixirse. Probablemente teñan que proceder por vía de execución subsidiaria e ver como formulan o problema de entrar nun terreo que está pechado. É dicir, ten conflitos.

Intentarán solucionaralo falando cos propietarios da empresa, para ver se dunha forma razoable, sen tramitar expediente, se pode conseguir limpar. Non poden facer moito máis.

3º Rogamos se informe da situación actual do Consorcio en todo o relativo á hipotética saída de Arteixo.

Este rogo será contestado polo Sr. alcalde.

4.3. Preguntas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/9719 o día 24 de outubro de 2015.

1ª A igualdade de dereitos entre mulleres e homes é unha necesidade esencial dunha sociedade democrática moderna que, dende todos os niveis normativos, inténtase conseguir a través de diversas medidas plasmadas nos tratados internacionais, na normativa comunitaria, na nosa Constitución e na normativa legal e regulamentaria interna.

O ámbito local, sendo o máis próximo aos veciños, tamén asume como propio o compromiso de eliminación da discriminación entre mulleres e homes, a promoción da igualdade entre ambos sexos e a loita contra a violencia de xénero, de forma que as ditas medidas logren a maior efectividade posible dentro do seu campo de competencias, todo iso sobre a base do principio constitucional de igualdade de oportunidades entre persoas de ambos sexos.

Neste sentido, o Concello de Cambre, como o resto de administracións públicas, sensible coas políticas de igualdade e contra a violencia de xénero, leva realizando nos últimos anos unha intensa campaña de sensibilización, orientación e educación sobre o particular, plasmada en programas de promoción da igualdade entre mulleres e homes así como en programas de prevención e loita contra a violencia de xénero.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular preguntemos á concelleira competente en materia de igualdade sobre as campañas e os programas que se están levando a cabo dende a súa concellería en materia de igualdade e contra a violencia de xénero, as novidades introducidas en políticas de igualdade e contra a violencia de xénero respecto das levadas a cabo polo anterior Goberno municipal, así como as previsións de futuro que se estiman levar a cabo dende a súa concellería sobre estas materias.

Dona Leonor Fernández Grande, concelleira delegada dos servizos correspondentes ás políticas de Igualdade, Muller e Familia incluídos na Área de Benestar Social e Educación, manifesta que lle gustaría de antemán pedir desculpas, por se a súa intervención non é todo o acertada que debera, pois é a súa primeira intervención en pleno.

En canto á pregunta que lle realiza hoxe o PP de Cambre, dicir que en realidade son tres en unha, non obstante intentará contestar.

En primeiro lugar preguntanlle polos programas que se levan a cabo dende a súa concelleira. Di que a día de hoxe traballan no marco do Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2010-2015, aprobado polo pleno da Corporación o día 25 de novembro do 2010, polo tanto, como todos entenderán, non vai dar conta das medidas tomadas polo concello anterior.

En segundo lugar preguntanlle polas novidades que van introducir e polas previsións de futuro. Pois ben, en primeiro lugar, como non pode ser doutra maneira, o que farán será avaliar os resultados do plan mencionado anteriormente e, en función dos resultados, planificarán os programas e medidas a levar a cabo o resto de lexislatura, tendo en conta dous aspectos fundamentais, primeiro a nova lexislación en materia de igualdade, que ten cambiado, e segundo, o proxecto político deste Goberno en materia de igualdade.

Con iso xa contesta á terceira das cuestións que lle formulaban, relativa ás novidades que introducirán dende a concellería que representa. Serán as programadas no proxecto político do actual Goberno municipal, todas aquelas contidas no Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes previsto para o exercicio 2016-2019, e todas aquelas que respondan ás demandas e necesidades que en materia de igualdade lles formulen os veciños.

Faise constar que se retiran a 2ª e 3ª preguntas presentadas polo grupo municipal do PP para este pleno.

Preguntas de ACdC presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/9701 o día 23 de outubro de 2015, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

1ª No pleno municipal de setembro de 2014, aprobouse unha moción por todos os grupos representados no pleno do concello, en relación coa adquisición duns terreos na parroquia de Cela destinados a infraestruturas de carácter recreativo.

Que medidas pensa adoptar o Goberno en relación con este problema?

Don Juan González Leirós, voceiro de UxC, contesta que o Goberno municipal xa adoptou a medida de poñerse en contacto, como era razoable, é dicir, hai un acordo plenario e polo tanto deben actuar, iso está claro. Puxéronse en contacto coa Fundación Tenreiro e preguntáronlles como estaban eles en canto á condición dos terreos. Informaron que ben, que estaban en disposición de ser vendidos.

O segundo procedemento foi facer unha avaliación da valoración, entendendo que ten que ser a día de hoxe. A valoración que se fixo polos técnicos municipais está en base a usos dotacionais e máis a unha sentenza xudicial aquí no Concello de Cambre sobre un dotacional, e agora puxéronse en contacto en concreto con Pablo González Mariñas, que é o presidente da fundación, para volver falar con eles e propoñerlles a compra dese terreo.

De todas formas, di que é intención do Goberno municipal incluír unha partida orzamentaria para compra deses terreos no seu momento. Xa sabe que existe, pero refírese a este ano orzamentario.

2ª Ante a chegada do outono e as seguintes choivas, ACdC pregunta ao Goberno municipal se ten pensado poñer en marcha algún plan de limpeza dos sumidoiros a través da activación dos medios necesarios e suficientes para evitar inundacións e limpeza da sucidade acumulada na rede de sumidoiros, e de ser afirmativa a resposta se nos informe sobre a dita previsión.

O Sr. presidente contesta que en canto a poñer en marcha algún plan de limpeza específico, todos os anos por estas datas, incluso antes, ao final do verán, por parte da brigada de obras faise unha limpeza naqueles puntos que se consideran máis críticos por coñecer que durante o inverno se producen neles retencións de auga, ou que non discorre a auga da choiva adecuadamente.

Di que esa é unha proposta de resposta reactiva, que a eles non lles agrada, e a súa intención é, a partir do próximo ano, poñer en marcha un plan preventivo de limpeza dentro dos meses de verán, das conducións de pluviais, para que non se produzan inundacións ou saídas do leito do que son as conducións de pluviais.

3ª Este grupo leva presentadas na presente legislatura varias iniciativas para solucionar os problemas que xeran as malezas que invaden algúns dos camiños de titularidade municipal, e mesmo doutras administracións. Ante as múltiples queixas da veciñanza e vista a ineficacia para resolver o problema, o noso grupo pregunta: Cal é o motivo ou motivos da demora na limpeza e roza dos camiños?

O Sr. presidente contesta que o 24 de xullo empezaron a roza dos camiños pola empresa adxudicataria da licitación do contrato de limpeza. A verdade é que se fixo unha roza maioritaria dos camiños, aínda que quedaron bastantes sen arranxar. A súa intención é buscar fórmulas para rescindir o contrato con esa empresa, porque a verdade é que o seu traballo foi realmente malo, e buscar algún método, algunha fórmula de manter un mantemento do que é a roza dos camiños dun xeito máis adecuado e cunha empresa máis competente.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente por delegación levantou a sesión cando son as doce horas da noite, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
P.D.

A secretaria xeral

Augusto Rey Moreno

M^a Luisa de la Red Ampudia

DILIXENCIA

Esténdese para facer constar que:

- 1.- A presente sesión foi presidida por don Augusto Rey Moreno, do PSdeG-PSOE, na súa condición de primeiro tenente de alcalde, isto debido á imposibilidade de asistencia do Sr. alcalde don Óscar A. García Patiño.
- 2.- No pleno extraordinario de data 23 de novembro de 2015, a Corporación municipal tomou coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro do Concello de Cambre, presentada por don Augusto Rey Moreno mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/10395 o 17 de novembro de 2015.
- 3.- A transcripción literal da gravación da sesión ordinaria do día 28 de outubro de 2015 finalizou o venres día 15 de xaneiro actual, polo que non resulta posible que a presente acta sexa asinada polo presidente da sesión, don Augusto Rey Moreno.

Cambre, 20 de xaneiro de 2016
A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia